

A NOSA TERRA

Public. Diana 30

ANO XV • 20 DE FEBREIRO • 1992

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 510 • 150 PTA



A Xunta carece aínda de instrumentos financeiros

Banca extranxeira, porta de saída

CUOTA DO LEITE
O
MINISTÉRIO
TEN UN
PROBLEMA

■ X.C. GARRIDO

O Ministerio e a Xunta teñen un problema fundamental á hora de aplicar as cuotas lácteas: carecen de argumentos. O sistema de continxentes foi inventado para dar resposta a un problema que no Estado español non existe: os excedentes. Defender a aplicación de cuotas lácteas nun país no que non se chega ao grao de auto-abastecimento coa produción propia é sen máis defender a importación para cubrir esa deficiencia, o que politicamente é imposible argumentar. En todo caso, o lóxico, desde esta perspectiva, sería unha cuota a nivel europeo. Pero que clase de unidade é fixar ao noso Estado unha cuota de 4 millóns 460 mil Toneladas, mentres que á Franza se lle fixa unha cinco veces superior (23 millóns 400 mil toneladas) tendo semellante nivel de consumo? E non digamos Holanda que cunha extensión equivalente á Galiza ten máis do dobre da cuota do Estado Español (10 millóns 900 mil Toneladas). Así resulta que a media de cuota con que se aplican as limitacións en Franza é de 111.000 Kg./ano, en Holanda de 220.000 mentres que no noso Estado é de 24.000. Sería, pois, como se poñemos a competir nun mesmo circuíto con sinais de limitación de velocidade para un vehículo a 24 Km./h. e a outros de 220 Km./h. (con gasolina subvencionada e asistencia na estrada). De aí que o Goberno teña dificultades para defender as cuotas mesmo dentro da doutrina europeísta e de libre mercado da que fan gala.

(Máis información en páxinas 8-9)



O aforro galego investido no exterior supera os 700 mil millóns de pesetas, máis do que inviste a Xunta en seis anos.

ANXO IGLESIAS

O 1 de Febreiro abríronse ás portas aos fluxos de capitais. O marco estatal ampliase agora á banca europea, mentres a Galiza carece de organismos que regulen os seus recursos financeiros.

LOAIRA

ANXO A.
REI BALLESTEROS

A novela máis esperada.
A confirmación dun gran escritor.



galaxia-narrativa

galaxia

**S. Pemán:
'Predecir o tempo
pode salvar
vidas no mar'**

Empezou na TVG uns meses despois de iniciar as súas emisións e despois de cinco anos é un dos seus valores máis acreditados. A súa entrañábel despedida noturna, "Isto é todo. Boas noites. Atá mañá", fano unha das figuras máis coñecidas e a fiabilidade dos seus pronósticos manifestáronse nun inquérito da Consellería de Pesca: os mariñeiros seguían con máximo interese as predicións do tempo que Santiago Pemán dá na televisión dos galegos. (Páx. 14-15)

**O BNG
manterá
a mesma
política
en Noia**

O BNG de Noia celebrará, como máis tarde, o próximo día 22 de Febreiro, unha Asemblea local para eleixir ao concelleiro que substituirá a Pastor Alonso no cargo de alcalde, posto que recaerá, con toda probabilidade, en Bieito González. Aínda así, Pastor Alonso presentará recurso ante o Tribunal Constitucional contra a sentenza que o inhabilitou por seis anos. Mentres tanto, o pasado Domingo día 16 celebrouse un multitudinario acto no seu apoio. (Páx. 7)

**Un vertedeiro
de lixos tóxicos
primeiro logro
industrial de
Fraga**

O INI deitará residuos tóxicos e perigosos das súas fábricas e centrais de todo o Estado no vertedeiro do concello de As Somozas, no que vai participar como sócio financeiro e contratista. Por mediación do Conselleiro de Industria, o grupo público español intervirá previsiblemente na que vai ser a primeira iniciativa industrial do goberno Fraga: unha esterqueira industrial. Desde a instalación de Inespal, a mediados dos 60, a Galiza non recibía investimentos do INI. (Páx. 5)

Coa desaparición do control oficial sobre as transaccións bancárias internacionais

Máis liberdade no movemento financeiro, menos autonomía

PRIMITIVO CARBAJO - MANUEL VEIGA - G. LUCA DE TENA

A liberalización das transaccións bancarias que entrou en vigor o pasado día 1 de Febreiro vai introducir cambios que, se paulatinos, tamén poderían ser drásticos ao longo prazo no sector financeiro e, por extensión, na configuración de toda a economía galega. Alén do automático aumento da competencia, esta meirande liberdade para os cartos ven acompañada dunha grave crise económica e da condición apátrida do diñeiro, sobretudo dos grandes capitais. Neste contexto, as entidades financeiras galegas vense abocadas a competir desde unha situación que para o país se resume nun abano de carências e baleiros.



A liberalización das transaccións bancárias xustificase desde o Goberno na necesidade de homoxeneizar o sistema financeiro español ao da CEE, pero o seu adianto no calendario —estaba previsto poñela en marcha a finais de ano— fai sospeitar na existencia doutras motivacións agachadas, as cales, sen embargo e polo momento, tampouco se acaban de albiscar. Iso si, os funcionarios van descubrindo na nova normativa multitude de focos operativos, efecto do mentado apresuramento, cos que moi poucos se aclaran e que os obrigan a multiplicar as consultas "con Madrid".

Nos medios financeiros e académicos consultados por *A Nosa Terra* hai coincidencia en afirmar que aínda é cedo para tirar conclusións sobre as repercusións na Galiza desta liberalización. Algunhas, xerais, xa se coñecen: estimula as fusións bancarias ou polo menos os acordos entre diversas entidades cara a prestación de servizos internacionais con máis amplitude e axilidade, a banca española perde a súa función de control de contas diante da Administración, de maneira que fai máis doada a colocación do diñeiro negro no extranxeiro, etc.

E tampouco ofrece dúbidas a maior competencia entre os bancos que a liberalización nas transaccións incentiva. Desacompete

PEPE CARREIRO

As finanzas de San Caetano

Coa entrada en vigor neste mes de Febreiro da lexislación europea sobre o libre fluxo circulatório de capitais, as entidades galegas terán que competir cos bancos extranxeiros iguandoos en eficacia, rendabilidade e boa xestión. En principio o aumento da oferta financeira e con el da competencia debería ser bon para os clientes, é dicir para os cidadáns, e sobretudo para as empresas de maior tamaño (a quen se dirixe en primeiro lugar a nova oferta). Pero a teoría tórnase preocupación se se examina o marco financeiro galego.

A maior competencia interbancaria non dará, por exemplo, un coñecimento máis preciso -todo o contrario- do destino último das divisas, nen atallará a paulatina desaparición do crédito agrícola que se está a producir.

A emigración de capitais que a economía galega sofre por man da banca privada do estado, máis tamén através das caixas de aforro, débese ao feito de estar inserida nun marco máis amplo, carecendo de toda normativa de seu. Desde Galiza nunca se organizou até agora, nen minimamente o mercado financeiro, máis que os galegos fosemos uns bos aforradores. De aí que máis de setecentos mil millóns de pesetas xeradas en Galiza esteñan hoxe investidas no exterior, unha cantidade que garantiría o noso desenvolvemento a unha década vista e que desminte con contundencia o argumento de que Galiza "recibe máis do Estado do que aporta", afirmación moi querida dos socialistas coa que estes pretendan demostrar, ao parecer, a idea absurda de que somos uns "privilexiados" e non uns "marxinados". Pola contra, como sinala o ex-conselleiro, Carlos Mella, "o noso

país foi e é un financiador neto do Estado".

Nese contexto de febleza financeira -que non é comun a outras comunidades como Cataluña, máis resoltas á hora de facer uso dos mecanismos estatutarios- a libre circulación de capitais a unha escala aínda maior dubidosamente vai xogar a prol dunha política de investimentos que neutralice a crise con alternativas de futuro. A experiencia di todo o contrario: a internacionalización que representan todas as normativas de axuste europeo que precederon á actual son, precisamente, as maiores responsábeis da crise.

De aí a oportunidade de lembrar o ficticio dunha autonomía que non dispoña de capacidade para organizar, dirixir e controlar os seus recursos económicos, incluídos os financeiros. Mentres non

existan as palancas económicas que permitan levar a termo as decisións políticas que sentido ten a autonomía mesma? Sen eses medios o goberno de San Caetano anquilosarase nos seus traxes protocolarios, pero nunca poderá dar resposta ás necesidades dun asteleiro ou dunha empresa de comercialización láctea que precisen de intervención pública para nacer e/ou subsistir (non é o momento de rebatir de novo as alusións a pantasmais -por inexistentes- investimentos privados).

Onte foron, por exemplo, os aforros dos emigrantes, que ben poideron servir para chantar as bases dunha banca xenuinamente galega. Hoxe segue a ser a mesma inexistencia dun organismo oficial de crédito con capacidade para orientar a política de investimentos nesta coxuntura de crise. ♦
A NOSA TERRA



ANXO IGLESIAS

Hai coincidencia en que aínda é cedo para sacar conclusións sobre as repercusións na Galiza desta liberalización.

pos de interese máis baixos, aparelan o risco do cambio, xa que teñen que se devolveren na mesma divisa e coa paridade de moeda que exista no momento da devolución, e ninguén pode ter certeza sobre as fluctuacións que se produzan nas cotizacións durante o tempo de endebedamento. Se se asegura a paridade do cambio, as condicións adicionais que se imponen ao empréstito fan que non haxa diferenza cos tipos de interese que ofrecen os bancos españois.

Grandes empresas

A liberalización dirixese máis ca nada a aumentar a fluidez nas transaccións financeiras das grandes empresas. Nen as pequenas nen os particulares —agás que estexan forrados— son chamados ao xogo. A banca extranxeira non abre portas aos potenciais clientes de a pé, entre outros motivos, polas súas propias dificultades de analizar o risco do préstamo na esixencia de garantías, así como polas diferenzas lexislativas que poden xurdir á hora de emprender medidas contra os impagamentos.

De maneira que a banca extranxeira se instala, si, pero só para os moi ricos ou para grandes empresas, co cal se abre, por contraste, a primeira cuestión, a pri-

(Pasa á páxina seguinte)

tencia cabe esperar loxicamente un mellor servizo e prestacións aos clientes, pero tamén a modificación. O máis espectacular a curto prazo podería ser un abaratamento dos créditos á vivenda.

Desde o punto de vista do cliente, pois, a medida parece boa; poderanse acadar servizos e créditos máis baratos, desaparecen as limitacións aos préstamos e se abre o acceso a calquer endebedamento en divisas. Pero isto non deixa de ser unha senrada: non é ouro todo o que reloce.

Os créditos nunha divisa extranxeira, se ben se ofrecen cuns ti-

A diferenza de Cataluña e do País Vasco
A Xunta renunciou até agora a organizar as finanzas da comunidade

Carlos Mella é un dos políticos que máis insistiron en reclamar a necesidade dun Instituto de Crédito Público Galego. Este organismo resultaría esencial para pular polas liñas económicas marcadas desde o propio goberno. A creación do instituto é xa unha constante nos programas das forzas nacionalistas.

"Propúxeno desde o goberno, como Conselleiro de Economía e desde a oposición", sinala Carlos Mella. "O de menos é o nome que tivese, *instituto* ou outro calquer. O importante é que cumprise tres funcións principais: acadar recursos financeiros, dar conta dos gastos da Xunta e servir de paralelo económico á política deseñada desde o goberno".

"Un organismo así, indica Me-



lla, reorganizaria a capacidade financeira do país, propiciaría unha disciplina bancaria e daría directrices concretas, por exemplo ás Caixas, como sucede en Cataluña. Por último, sería o xérmolo dun futuro banco público galego".

A actuación desa especie de

ICO galego, hoxe reconvertido en *Argentaria*, atendería cunha política axeitada de créditos brandos, bonos, e outros tipos de axudas, aos distintos sectores da economía (industrial, agrícola e de servizos) propiciando a coordinación entre eles.

"Evidentemente, sinala Carlos Mella, non é o mesmo negociar as axudas no mercado financeiro que contar cun mecanismo público deste tipo".

"Organizar os fluxos financeiros tamén é unha competencia da Comunidade Autónoma, así ocorre no caso de Cataluña ou do País Vasco, pero aquí ese poder económico efectivo non se está utilizando, non sei porque razón, non sendo que a autonomía non interese", afirma Mella. ♦

A creación dun Instituto Galego de Crédito foi defendida por Meilán Gil

A institución dunha facenda pública galega como instrumento para o desenvolvemento económico é tan vello como o provincialismo. A primeira *Sociedade de Amigos do País* (1846) reclama desde Compostela a regulación de crédito oficial para fomentar industria de cabeceira. Máis adiante Alfredo Brañas no seu *El Regionalismo*, (publicado

en Barcelona en Xaneiro de 1890) aboga polo establecemento dunha banca pública que poida regular con préstamos a baixo interese o desenvolvemento agrícola e pesqueiro. Brañas entende que esta facultade é capital para establecer o *poder rexional*, xunto con outras medidas como a acuñación de moeda, a regulamentación dun

instituto armado propio, a capacidade lexislativa plena e o outorgamento de cargos públicos en exclusiva a galegos ou extranxeiros arraigados.

A reivindicación da facenda galega ten outravolta carta política co *Partido Galeguista*, en particular na escrita de Alexandre Bóveda e nas propostas do *I Congreso Galego de Economía* (1933). No seu *Galiza como Tarefa*, editado durante a Ditadura polo *Centro Galego de Buenos Aires*, Valentín Paz-Andrade recupera a iniciativa de creación dunha banca galega como condición básica para o progreso económico.

O reitor do Campus da Coruña e membro do *Partido Popular* e numerario do *Opus Dei*, Xosé Luis Meilán Gil, que fora proposto coma conselleiro de Economía e Facenda para a Xunta presidida por Manuel Fraga, defende no seu libro *Autonomía Gallega: por fin unha terra nosa* a fundación pública dun instituto de crédito para o desenvolvemento no que entrarían aportacións de capital emigrante e do Estado. ♦



Meilán Gil durante a presentación da obra na que reclama a fundación dun Instituto de Crédito Público Galego.

A abertura de fronteiras podería acrecentar o *descontrol* político dos cartos

A emigración de aforro galego acada os 722 mil millóns de pesetas

A máis de 700 mil millóns de pesetas ascende o diferencial entre o que os galegos aforran e o que a banca privada e as caixas de aforro reinvesten en Galiza.

Como se ve no cadro os depósitos de aforro galego en bancos e caixas ascenden a un billón, oitocentos trinta e sete mil setecentos millóns de pta., dos que só o 59%, é dicir, un billón cento dazaseis mil cen millóns revirten de novo na Galiza através dos diversos tipos de créditos.

Os setecentos vintedous mil cincocentos millóns restantes *emi-*

graron en forma de créditos para investimentos noutras áreas. "Galiza é un financiador neto do resto do Estado" en palabras de Carlos Mella, ex-conselleiro de Economía.

Se temos en conta que os investimentos reais da Xunta previstos para 1992 acadan os 110 mil novecentos vintetres millóns de pta. é posíbel calcular que o diñeiro que caixas e bancos invisten fora de Galiza equivale aos investimentos da Xunta de case sete anos. O retorno a Galiza de tan só a metade dese capital abonaría para criar tantos postos de

traballo como parados existen hoxe na comunidade e para relanzar economicamente o país.

Estes datos fan observar que a porcentaxe investida na Galiza é moito máis elevada no caso das Caixas (70%). Isto pode ser fruto tanto dunha meirande identificación con Galiza como do feito de que a súa área de influencia estivera circunscrita até hai poucos anos aos lindes do propio país.

Tampouco a banca pública do Estado presenta unhas mellores cifras, pois só o 2,6% dos seus investimentos se realizan en

Destino do aforro galego (en miles de millóns)					
	Banca Privada	%	Caixas de Aforro	%	Total
Aforro	1.070,6	100	767,1	100	1837,7
Créditos concedidos na Galiza	578,1	54	537	70	1116,1
Capital investido no exterior	492,5	46	230	30	722,5

Fonte: Elaboración propia, en base a datos do Banco de España *Boletín Estadístico*. Abril 1990.

Galiza, cando a nosa comunidade representa o 7% da poboación e o 5,5% do aforro.

A exportación actual de capitais, consecuencia dunha ausencia de control político sobre o mesmo, a diferenza por exemplo da estratexia xerada en Cataluña por Jordi Pujol, fai temer que a

internacionalización dos capitais bancarios recén entrada en vigor poida acrecentar aínda máis esta sangría monetaria.

Só en 1987, segundo cifras do Banco de Bilbao, as transferencias de capital e mixtas de Galiza ao resto do Estado acadaron os 32 mil millóns de pesetas. ♦

(Ven da páxina anterior)
meira das carências que se mentaba ao principio: a debilidade estrutural da empresa e do mesmo tecido empresarial galego.

As pequenas dimensións e estrutura que polo comun presenta a empresa galega comportan unha falta de capacidade, de medios técnicos e humanos, que a atrancan de saída para se deter na análise e optar con coñecimento de causa pola divisa máis conveniente á hora de endebedarse ou de realizar as súas operacións financeiras. Seguramente sobren dedos na man para numerar as empresas galegas que contan con eses medios e cunha estrutura sólida de negocios co extranxeiro: estas serían as principais e, se cadra, únicas beneficiárias da mentada liberalización.

A liberalización diríxese máis que nada a aumentar a fluidez nas transaccións financeiras das grandes empresas.

Esta circunstancia lévanos ao reflexo, máis unha vez, dos efectos máis ostensibles na Galiza da incorporación á CEE. Hoxe, como consecuencia do axuste europeo, efectivamente se dá a posibilidade de aproveitar os servizos e vantaxes dunha banca transnacional, pero isto ocorre xusto cando, por imperativos da propia integración na Europa, na Galiza se desmantelaron ou estanse a desmantelar as empresas ou sectores que precisamente estaban en condicións de tirar proveito das devanditas vantaxes... Pénsese, como ilustración, no labor mundialmente ponteiro dos estaleiros e da pesca ou nas posibilidades económicas da agro-industria. Pola contra, agora Citroën ou Alcampo, por citar algun caso e co risco de facer caricatura, poden realizar todas as súas transaccións financeiras coa banca francesa, por exemplo... Certamente, isto non é todo, pero si pode resultar sintomático.

O desembarco

A lexislación permite desde hai varios anos a instalación de bancos extranxeiros no territorio español. Durante este tempo, a súa penetración no sistema financeiro non foi de grandes resultados, pero a desaparición das restriccións no movemento do diñeiro que agora se produce teñen que ampliar necesariamente as súas expectativas.

No caso da Galiza, se o negocio se orienta ás grandes empresas, tendo conta do reducido número das mesmas, tampouco parece un aliciente que estimule un gran desembarco. A banca extranxeira ten que se enfrentar aquí, ademais, á tupida rede de sucursais de que dispón o que inicialmente podemos chamar banca galega —Caixas de Aforros e



ANXO IGLESIAS

Banco Pastor, nomeadamente—, a cal ten hoxe a capacidade de achegar á propia casa do cliente e competir coa vantaxe desaposición. Pero a análise non debe rematar aí.

Por unha banda, a profusa rede de sucursais bancárias e mais os seus cadros de persoal tamén representan un lastre para a banca galega, na medida que o seu sostimento encarece os servizos que presta. Parte, pois, cunha importante desvantaxe na súa competencia coa banca extranxeira, que pola mesma razón está en condicións de ofertar servizos e particularmente créditos máis baratos. En consecuencia, non hai que descartar nesta orde que a banca extranxeira entre no mercado ao por menor. O procedemento máis doado con tal obxectivo sería o asinamento de acordos ou inclusive a adquisición dun banco ou caixa galega,

o cal significaría para os/as demais enfrentarse cunha competencia en toda liña.

Por outra banda, medios do propio sector destacan a deficiente preparación do comun dos funcionarios da banca galega, coas excepcións de rigor, entre as cales hai que citar aos seus altos cargos directivos. Isto supón outro factor de desvantaxe na pugna polo mercado, agravada pola captación dos mellores profesionais que se está a producir desde a primeira apertura á banca extranxeira. Agora é posíbel unha intensificación destas fichaxes laborais até chegar a cadros intermédios como os directores de sucursais, que aínda no caso de non ter unha capacitación técnica extraordinaria, contan co "patrimonio" particular do coñecimento do terreo no que se moven e, máis especificamente, cunha carteira de clientes que

A lexislación permite desde hai varios anos a instalación de bancos extranxeiros no territorio español.

ben podería acompañalos no cámbio persoal de empresa. Co cal, deste xeito indirecto, volveríase por en risco o sustento principal das entidades galegas.

Unha terceira via cos mesmos

obxectivos pode simbolizala hoxe o desembarco na Galiza de Caixa Madrid. Neste caso, a partir da amizade persoal do director xeral da entidade madrileña, Xaime Terceiro, pontevedrés de nacimiento, co actual alcalde de Pontevedra, o alicerce último do desembarco ben podería apuntar aos ambiciosos proxectos de reconversións urbanísticas que se anuncian na cidade do Lérez, os cales poranse en marcha con grandes programas de investimentos inmobiliarios. Caixa Madrid xa está ao quite e, quen asegura que non se repitan, sexa en Pontevedra ou Compostela, situacións semellantes con calquera outra entidade financeira de calquera procedencia? Claro que sempre queda a esperanza de que da maior concorrência/competencia tiren os consumidores un maior proveito: é o lóxico. ♦

Nen Caixa Galicia nen o Banco Pastor se declaran preocupados

Nen Caixa Galicia nen o Banco Pastor mostran outras inquedanzas que as normais pola liberación das transaccións bancárias: estaba previsto, é un proceso desatado con anterioridade, e agora o que pode xurdir é unha maior agresividade nos prezos. Pero nada impide o seu propio proceso de cobrir cada vez máis áreas territoriais de mercado.

E así Caixa Galicia, fallado o tiro da integración de todas as caixas galegas, ven de cobrar a peza da Caixa Rural de León coas súas 44 oficinas, cando xa as ten en Madrid, Barcelona, Valencia, Zaragoza e Bilbao. A única preocupación pola compra da Caixa Rural de León viña de fontes sindicais, por se o seu único obxectivo fora o simple marketing: unha demostración de forza. Pero até os funcionarios da

caixa leonesa estaban satisfeitos: Caixa Galicia sempre respectou as condicións orixinais dos traballadores das entidades que foi absorbendo.

E a expansión non ficará aí, Xosé Lois Méndez, o seu director xeral, non é dos que se durmen á música da gabanza. Caixa Galicia domina o 52 por cento do mercado galego e os 15.000 millóns de beneficios que obtivo a súa entidade no último exercicio se acumulan sobre os 14.000 millóns do ano pasado e a marcha rampante que comezou hai xa varios anos atrás. Un bon fondo para afrontar a posíbel crise da maior competencia que anuncian os tempos.

No Sul as cousas xa non parecen tan claras. Caixa Vigo recibe unha forte descárrrega coa cri-



Xosé Luis Méndez, Director Xeral de Caixa Galicia. XURXO LOBATO

se económica que se abate sobre a propia cidade e, como as outras dúas entidades da área meridional, terá que apandar coa competencia directa que xa anuncia Caixa Madrid, ademais da xeral que poda xerar a mil veces mentada liberación das transaccións bancárias. Se non a fusión, os acordos e convénios de funcionamento entre estas tres

caixas parecen inevitables. E terán que insistir e convencer de que son as caixas "máis amigas" no movemento das contas, demostrar que están pegadas ao terreo para dar servizo á comunidade e, a prezos competitivos, aos aforristas máis comuns.

No que xa ninguén parece pensar é nunha bancarización homoxénea para o denominado Arco ou Eixo Atlántico. Tanto Caixa Galicia coma o Banco Pastor comezaron unha implantación en Portugal e niso seguen, cabalgando a expansión cada quen polo seu lado e sen reparar a maiores na suxerencia dese coñecemento xeográfico e próximo. O que non deixa de ser paradoxo xunto a todas estas formulacións teóricas da internacionalización, do europeísmo sin alfándegas, etc, que estamos a vivir. ♦

INDUSTRIAS CONTAMINANTES



A oposición ás industrias contaminantes ten sido unha constante desde a instalación da Celulosa de Lourizán, hai 27 anos.

DELMÍ ALVAREZ

É a primeira iniciativa industrial do goberno Fraga O INI participará no vertedoiro de tóxicos de As Somozas, que importará lixos industriais do Estado

O Instituto Nacional de Industria (INI) deitará residuos tóxicos e perigosos das súas fábricas e centrais de todo o Estado no vertedoiro do concello de As Somozas, no que vai participar como sócio financeiro e contratista. Por mediación directa do Conselleiro de

Industria, o grupo público español intervirá previsibelmente na que vai ser a primeira iniciativa industrial do goberno Fraga: unha esterqueira industrial. Desde a instalación de *Inespal*, a meados dos 60, a Galiza non recibía investimentos do INI.

■ G. LUCA DE TENA

A Xunta é polo de agora o único goberno autónomo disposto a cumprir as previsións do Plan Estatal de Residuos Tóxicos e Perigosos, no que se adxudicaba a Galiza un depósito de seguridade e unha planta de tratamento. A Consellería de Industria resolveu que este vertedoiro fose para o concello de As Somozas, eminentemente agrícola, cun censo recente de 2.081 reuses. As Somozas ten 71 quilómetros cadrados e 1.700 habitantes de feito. O concello ten un dos orzamentos máis baixos do país, con 35 millóns de pesetas.

A discusión sobre o reparto estatal desta clase de instalacións, que entrañan un perigo para a poboación e unha hipoteca para o futuro dos solares, ten retrasado a autorización autonómica das que corresponderían no plan estatal a Catalunya e Euskadi. Toda a CEE ten unha carencia grave de plantas de tratamento e só un corenta por cento dos que se producen rematan nun vertedoiro axeitado. Nesta carencia inflúen como é óbvio as protestas dos vecindarios e poboacións en cuxa viciñanza se anuncia a

instalación dun tal servizo. Pola contra, a Xunta ten presa por incluír este investimento no seu desolado taboleiro de investimentos industriais, aínda que se tratase de empresas recusadas por outros gobernos autónomos.

Recolledor dos outros

Previsibelmente, este desfase terá como consecuencia que comarcas estatais máis industrializadas utilicen os servizos das instalacións de As Somozas, no entanto retrasan a construción de vertedoiros propios.

Con data 10 de Outubro de 1991 publicáranse as bases para adxudicación do "proxecto de planta de residuos industriais de Galiza, a ubicar en As Somozas por designación da Xunta". O concurso foi para a filial do INI *Empresa Nacional de Ingeniería y Tecnología (INITECSA)*, adicada a estudos e proxectos de enxeñaría, xestión de plantas nucleares e xestión de plantas industriais. Outros adxudicatarios serán *Unión-Fenosa* e *Emgrisa*, consorciados nesta oportunidade coa dirección do INI. Antes do mes de Maio de 1992 terán que ter entregado na Dirección Xeral de Industria da Xunta o proxecto de instalación.

A planta de As Somozas recibirá un conxunto de materias e substancias que teñen de comun un maior efecto contaminante sobre o medio e polo tanto constitúen unha ameaza para a saúde e deben dispor dunha normativa específica.

A CEE adica unha directiva para esta clase de lixos (78/319/84). Está previsto que os lixos industriais, tóxicos e perigosos viaxen con autorización e etiquetado, con dirección unicamente a empresas expresamente dispostas, nas que os contenedores etiquetados poidan ser catalogados, tratados ou almacenados. ♦

As Somozas ten un dos orzamentos máis baixos do país, con 35 millóns de pesetas

Negócio coas terras dos Cavalcanti

O complexo de As Somozas contará cun depósito de seguridade e unha planta de tratamento físico-químico. O primeiro instalárase sobre unha superficie de máis de trinta hectáreas e o segundo sobre un solar de pouco máis de dez. O alcalde Manuel Candocia Ramos (Partido Popular) participou activamente como intermediario da venda de solares xunto co empresario de San Sadurniño Amando Romero. A meirande parte das leiras que formarán o vertedoiro e a planta de tratamento proceden de terras aforadas pola marquesa de Cavalcanti. Os sucesores venderon no ano 1977 máis de cincocentas hectáreas ao empresario Romero nos concellos de As Somozas e Moeche, nas que habitaban 39 familias en calidade de colonos. Moitas destas terras pasaron por man de Amando Romero á *Lignitos de Meirama* a prezos de até un millón de pesetas por ferrado. Os vellos foreiros recibiran no mellor dos casos 4.000 pesetas por ferrado. Os intermediarios foron levando aos dez colonos restantes, que non puideron ceder ás ofertas de compra por viviren sen máis medios que o produto da terra, ao xulgado para reclamarlles as terras pola Lei dos 21 anos de arrendo.

As presións da consellería de Industria para resolver os desfiuzamentos dos colonos e lograr parcelas para o vertedoiro foron continuas desde Febreiro de 1990. Na véspera do concurso de obra calcúlase un orzamento de case tres mil mi-

llóns de pesetas, que o alcalde Candocia considera como unha boa nova para o concello, polo que terá de incentivo para infraestruturas (especialmente na conexión coa auto-vía do Ferrol a As Pontes) e servizos.

A construción da planta de tratamento recibirá os beneficios do parque industrial de As Somozas. A consellería de Industria e Comercio anuncia que o depósito de seguridade irá a unha "zona despoboadada e acorde coas especificacións da lexislación vixente".

A planta de tratamento recibirá baños ácidos, alcalinos e cianurados, así como sales metálicas e líquidos e xurros que conteñan compostos solúbeis de cobre, cádmio e chumbo.

No depósito serán deitados, previo tratamento, carbonatos e bicarbonatos, sólidos e inorgánicos, como escoiras ou cinzas, terras, arxilas, areas e pó metálico, catalizadores, refugallo de tratamentos de descontaminación, lamas de foxas de decantación, columnas intercambiadoras de ións e xurros de esgotos. Admitiránse tamén recipientes contaminados.

A *Asociación para Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega)* manifestou a súa oposición á importación de residuos tóxicos e perigosos procedentes doutras áreas do estado. *Adega* recomenda que se considere o reciclado como vía para a disposición de lixos, antes que o tratamento físico-químico. ♦

7 DIAS

■ Folga de estudantes

A precária situación do ensino vese agravada por unha política de privatización indirecta através de subvencións á rede privada e o deterioro da pública, segundo os sindicatos de ensinantes que, por este motivo, decidiron convocar unha folga do ensino médio para o 20 de Febreiro.

Os Comités Abertos de Estudantes (CAE) critican, pola sua banda, o sectarismo do Sindicato de Estudantes e advirten aos alumnos do "perigo que supón a manipulación das coordinadoras por determinadas persoas ou partidos minoritarios". ♦

■ O fiscal de consumo non se meterá coas empresas

Manuel Villén Navajas, primeiro fiscal de Consumo, figura criada para amparar xuridicamente ao consumidor, declarou en Sevilla que non era a sua intención fiscalizar empresas: "non pretendemos facernos inquisidores da economía libre, pero si dar ao cidadán un apoio xurídico".

Na rolda de prensa, un xornalista lembroulle ao señor Navajas que non se conservaba memoria de nengunha actuación da Fiscalía en materia de calidade de alimentos, obxectos de consumo ou eficiencia de servizos, polo que a vontade de non tomar iniciativas contra empresas xuntábase nos últimos tempos no novo estamento á política de non intervir contra o delito empresarial. ♦

■ Empioramento da economía galega

A economía galega tende a empiorar a curto prazo, segundo un informe realizado pola Universidade de Compostela para Caixa Galicia, que tamén salienta que o emprego no sector agrario reduciuse á metade nos últimos seis anos, e o sector industrial perdeu no mesmo tempo máis do 25 por cento dos postos de traballo.

Mentres as demais comunidades do estado reaccionaban na década dos oitenta, sobretudo as que tiñan un Produto Interior Bruto máis baixo, Galiza non foi capaz de reducir a diferenza entre a sua renda e a média estatal. ♦



■ Novas mobilizacións na Fonsagrada

Centos de viciños da Fonsagrada volveron manifestarse o Martes 18 de Febreiro ante a casa consistorial, ao considerar que a trégoa establecida até o mes de Marzo na reunión mantida en Compostela con representantes da Xunta, foi rachada por parte do Alcalde e da sua equipa de goberno, ao denunciar a máis de 40 persoas polos incidentes producidos antes do acordo. Estas persoas serían chamadas a declarar ao xulgado nestes días.

Por outra banda tamén poñen de

manifesto "as dificultades que atopa a Xunta para facer a Lei de Comarcalización, con Cacharro Pardo en desacordo". Os viciños temen que outravolta as presións de Cacharro, como no anterior proxecto, deixe á Fonsagrada sen a cabeceira comarcal.

Durante a concentración nove mulleres entrevistáronse co alcalde, manténdose un tenso debate e obrigándoo a saír ao balcón, onde afirmou que el non presentara máis denuncias, o que lle foi contestado desde a rua con que, non el directamente, senón un concelleiro do seu grupo polo que lle reiteraron o pedimento de que dimita. ♦



■ Protestas en Madrid

Centos de sindicalistas galegos de UGT e CCOO manifestáronse en Madrid xunto cos seus compañeiros doutras zonas peninsulares en crise para reclamar maiores investimentos nestas zonas. Os nacionalistas descolgáranse desta mobilización por considerar que estaba inserida nunha dinámica allea á Galiza, aínda que lle deixaron liberdade aos seus delegados das grandes empresas para asistir.

Ao remate da manifestación Nicolás Redondo criticou que "España viva só dos servizos e de ser o paraíso do fraude fiscal e da especulación", mentres Antonio Gutiérrez anunciou que seguirían as mobilizacións. ♦

■ Outro incendio na Expo

Un espectacular incendio destruiu o Pavillón dos Descubrimentos, o máis emblemático da Expo sevillana, que non poderá ser reconstruído para a inauguración da exposición. Os responsábeis do evento e o Goberno central apresuráronse a desmentir que o suceso tivese nada a ver cun atentado.

Este é o cuarto incendio que se produce desde que comezaron as obras. O primeiro foi, sorprendentemente, unha ponte, a do Alamillo e a semana pasada o lume prendeu noutro dos cinco pavillóns temáticos, o do Futuro, pero puido ser controlado. ♦

■ Conversas sobre a unidade nacionalista

Nos últimos días véñense celebrando diversas reunións, máis ou menos oficiais, entre diversas organizacións nacionalistas para conseguir polo menos a unidade de acción, principalmente cara os comicios ao Congreso e ao Senado, aínda que as miras van, a médio prazo, máis alá.

Segundo puido saber A NOSA TERRA, estas conversas van porbon camiño, barallándose distintas propostas que de momento poden ser asumidas pola maioría das organizacións.

O PSG-EG foi o único partido que fixo públicas estas conversas que celebrou con diversas organizacións integradas no BNG e con Coalición Galega, calificándoas de "positivas". ♦

■ Carga policial en Vigo

A policía carregou violentamente contra un grupo de viciños da rua Anduriña que impedían as obras dunhas vivendas. Na acción policial, solicitada pola CO-TOP, segundo o goberno civil, foron detidas catro persoas.

A oposición dos viciños, segundo afirman, non é ás vivendas sociais, senón a que a parcela non é suficiente para as 90 vivendas que se queren construír, ocupando toda a zona verde e non gardando a distancia regulamentaria con outros edificios. O Concello de Vigo propúxolle á Xunta unha nova ubicación destas vivendas, pero a COTOP negouse. ♦

■ A Xunta non paralisará as obras da Palma

O PP, cos seus votos maioritarios, impediu que prosperase unha proposición do Bloque Nacionalista Galego, apoiada polos demais partidos da oposición, na que se pedía que a Xunta paralisase as obras do estacionamento da Palma en Baiona.

De momento a suspensión efectiva prodúcese, desde hai máis de dous meses, pola acción dos viciños. Despois dunha trégoa e o comezo de conversas para chegar a un acordo, estas racharon e os viciños volveron manifestarse todos os Domingos. ♦

■ Aprobada a Lei Corcuera

A Lei de Seguridade Cidadá, coñecida xa popularmente como Lei Corcuera en honra do Ministro que a propuxo, foi definitivamente aprobada no parlamento español, contando o PSOE cos apoios de PNV e CiU.

O PP pola sua banda anunciou que presentaría recurso de inconstitucionalidade contra os catro artigos máis polémicos, pero Manuel Fraga, recordando os seus tempos de ministro franquista da Gobernación solidarizouse con Corcuera e afirmou que "estaba seguro de que aplicaría correctamente a lei".

Frente a estas posicións diversos colectivos cidadáns estanse a mobilizar para conseguir que a citada lei sexa declarada inconstitucional. En Vigo máis de 50 asociacións e partidos constituiron unha plataforma para este fin. ♦

■ O PTG integrouse no PSOE

O Partido dos Traballadores de Galiza, PTG, consumou a sua integración no PSOE, coa firma dun acordo entre Rafael Pillado, representante dos carrillistas e Antolin Sánchez Presedo, polo PSOE. No acordo contéplase que os militantes do PTG seguirán afiliados a CCOO.

Os carrillistas xa participaron nas últimas eleccións municipais nas listas do PSOE. ♦

GALIZA E MUNDO

LOITA CONTRA O NARCOTRÁFICO

Na próxima semana celebrarase un pleno para elexir ao novo alcalde

A inhabilitación de Pastor Alonso non suporá nengun cámbio, segundo o BNG de Noia

■ B. LAXE

O Bloque Nacionalista Galego de Noia celebrará, como máis tarde, o próximo día 22 de Febreiro, unha Asemblea local para elexir ao concelleiro que substituirá a Pastor Alonso no cargo de alcalde, posto que recaerá, con toda probabilidade, en Bieito González. Aínda así, Pastor Alonso presentará recurso ante o Tribunal Constitucional contra a sentenza que o inhabilitou por seis anos. Mentres tanto, o pasado Domingo día 16 celebrouse un multitudinario acto no seu apoio, con berros que lle pedían, "Pastor, máis caña".

O concello de Noia ten dez días para convocar un pleno que elixa alcalde en substitución de Pastor Alonso, inhabilitado por seis anos para ocupar postos públicos. O pleno celebrarase na próxima semana, despois do o Bloque Nacionalista Galego decidir nunha asemblea local quen vai ser a persoa que ocupe o cargo que Alonso deixa forzosamente vacante.

Estes prazos marcados pola lei de Réxime Local interfiren, dalgún xeito, nos recursos ante a Xustiza, podéndose dar o caso de que se se elixe a un novo alcalde e admite a trámite o recurso o Tribunal Constitucional, Pastor Alonso podería volver ocupar o posto, pois fronte aos dez días de prazo para a elección dun novo alcalde, hai un prazo tamén de dez días para presentar recurso no Tribunal Constitucional e, logo, este admitirá o recurso no prazo doutros dez días, producíndose así unha situación insólita no que perdería o posto de alcalde por dez días.

Pero aínda que tanto Pastor Alonso como a súa organización, o BNG, teñen esperanzas en que o tribunal de garantías español admita a trámite o recurso interposto, os prazos fixados pola lei hai que cumprilos, polo que Bieito González, número 2 da candidatura do BNG, actual tenente



No acto do domingo 16 Pastor Alonso reivindicou a liña da alcaldía diante de 2.500 persoas

de alcalde, encargado do urbanismo, será, con toda probabilidade, o novo alcalde. Cando se confeccionaron as listas para os últimos comicios municipais xa se sopesou a posibilidade de que Pastor Alonso pudesese ser inhabilitado, debido ás continuas querelas que lle viñan presentando segundo un portavoz local do BNG, por iso González ocu-

paría o segundo lugar nas listas.

"A inhabilitación de Alonso non vai supor nengun cámbio brusco nen traumatizante para o alcaldía noíesa nen para o BNG local", segundolle declarou a A NOSA TERRA un voceiro do comité local, quen precisou que o proxecto político que se está a levarseguirá adiante, "a organización é ca-

da día máis forte, acabamos de inaugurar un local e pretendemos non só ter presenza organizada en todas as parroquias senón que os nosos militantes estexan presentes nas diversas organizacións e asociacións de base".

Aclamación como alcalde

Pero Pastor Alonso non deixará

a política. "Os viciños de Noia son o membro máis importante da equipa de goberno do BNG e só eles me poden inhabilitar", afirmou o rexedor nacionalista nun acto celebrado o Domingo 16 de Febreiro no pavillón dos deportes ante máis de 3.500 persoas, moitas das cales seguiron o acto desde fora ao non poder entrar. Este acto foi o máis multitudinario dos grandes mítins que xa ten celebrado o BNG en Noia.

Os berros de "Pastor, Pastor, non te vaías", misturáronse con abrazos e susurros de "caña, máis caña, Pastor" quen prometeu que "vou traballar aínda máis que antes coa miña equipa de Goberno", para, seguidamente, entre aplausos afirmar que "son alcalde e seguirei sendo alcalde".

Neste acto tamén fixeron uso da palabra Anxo Quintana, Alcalde de Allariz, Lois López Rico, concellal de Cultura de Noia, e Francisco Rodríguez, membro da Permanente do BNG, que insistiron en que esta sentenza era unha máis (precisamente estaban ali entre outras cousas por seren vítimas dalguns estamentos xudiciais), na campaña de persecución contra o BNG.

Francisco Rodríguez afirmou que "o tandem PP-PSOE, através dos tribunais, ataca en Noia, onde se realizou un esforzo enorme para acabar cos políticos corruptos, cos políticos cunheiros que seguen a ser lacaios de Madrid e de España", rematando por pedirle aos viciños que "non toleren inhabilitacións contra a vontade popular" e garantíndolles que no BNG "sempre haberá un posto de honor para loitar contra o caciquismo, a corrupción e o narcotráfico".

Tamén Pastor Alonso arremeteu duramente contra os traficantes de droga, declarando que o PSOE se atopaba dividido por este tema. Precisamente despois de ter denunciado hai tres semanas a políticos do PSOE en relación co branqueo de diñeiro, Pastor Alonso deu a coñecer que sería inhabilitado. Os medios públicos autonómicos e os máis próximos ao PP arremeteron contra o rexedor noíés, citando fontes da xudicatura que desmentían as informacións de Pastor que, como se viu, só uns días despois, estaba no certo. ♦



Instalacións deportivas en Noia. No programa eleitoral, Pastor Alonso referíase ao deporte como un dique contra a droga

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración.
Presidente: Francisco Carballido. Conselleiro Delegado: Xosé Fernández Puga. Secretario: Pancho Torrente. Vogais: Modesto Solla, Manuel Veiga, Fernando Cuñarro, Cesáreo Sánchez, Xosé M^o Dobarro, Xosé M^o Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Díaz e Xaquín Acosta

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa

Correspondentes: Antón Prieto (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Santiago), Enrique Sanfiz, M^o Xesús Arias (Ferrol), Francisco Arrizado (Lugo), Xosé Castro Ratón (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortega), Desiderio Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Álvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témex (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Chá), Xosé Carlos Villar (Barbanza Norte), X.M. Santiago Cagigao (Barbanza Sul), Manuel Díaz (Melide), Xosé Ramón Castro

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

(O Carballiño). Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macías (Euskadi), Miguel Rodríguez Bertojo, Alberto Cruz (Madrid), Paco Soto (Barcelona), Manibel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). Deportes: Víctor Miguez (Santiago), Rodolfo Dacurña (Vigo). Cultura: Lino Braxe (Lugo), Manuel Carballido (A Coruña).

Colaboradores: Manuel Rivas, Xosé A. Gacriño, Xurxo Estévez, Domingos Prieto, Manuel Hortas Vilanova, Margarita Ledo, Xesús Vega, César Varela, Antonio Mascato, X.L. Iglesias. Internacional: Xulio Ríos, Manuel Vilar, Carlos Durán, Patricia Grimberg, Juan Carlos M. Beitelú. Ecoloxía: M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. Deportes: Ricardo Rivera Axenda: Marga R. Holguín.

Humor: X.X. Piñeiro Cochón. Libros: Xesús González Gómez.

Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán. Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. Arte: Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane. Cine: Celso López, Gonzalo Vilas, Carlos Amaro. Televisión: Alexandre Banhos. Arquitectura: Plácido Lizancos. Historia: Francisco Carballido, Anselmo López Carreira, Xesús Torres.

Fotografía: Anxo Iglesias, Chus García, Moncho Rama, X. Marra, Che, Xosé L. Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Deimi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias. Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Carlos Silvar, Xulio Gaioso, Tokio, Hermdida.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada e Carlos Soaxe

Fotomecánica: Moncho Brea Salgueiro

Corrección lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga, César Pazos.

Suscripcións: Blanca Costas

Dirección e Administración: Rúa Príncipe, 22, planta baixa Apartado de Correos 1371 (36200 Vigo). Tinos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30, Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

Imprenta: Pugalza.

Depósito Legal: C-963-1977

ISSN 02-13-3105

Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite procedencia.

DESMANTELAMENTO AGRÁRIO

O Ministerio de Agricultura remesou cartas aos agricultores convidándoos a abandonar as suas explotacións leiteiras e indicándolle a cuota de leite a producir. Foi a primeira seña de morte para moitos establos. Pero as previsións de Madrid non se cumpriron. Os gandeiros galegos foron os que menos se acolleron ás axudas polo abandono voluntario de produción. O Sindicato Labrego Galego respostou cunha campaña de solicitudes demandando máis produción. O ministro de Agricultura recoñeceu o día 18 en Compostela que se a CE non aumentaba a cuota, estas non poderían ser aplicadas na Galiza. Tamén deixou constancia da falta dunha saída alternativa para aqueles labregos que abandonen a produción leiteira.

Os perxudicados pola cuota teñen nome

Volven as vacas a médias

■ A. EIRE

Xavier é un xubilado de 70 anos, aínda anda farruco, que gusta do divertimento de vencer ao traballo, como sempre fixo. Nos últimos anos foi desfácéndose das vacas e agora só que douc on tres "para pasar o tempo e tratar de que pague nos *inducato* (Seguridade Social) da marida mentres non cobra". O outro día recibeu unha carta do Ministerio de Agricultura na que lle dician que "a súa cuota láctea é de 18 litros por día, a efectos de que abandone a produción e se acolla ao programa de baixas incentivadas". Dezaioito litros ao día, cando ven dando máis de 50 litros "e sen dar pensos compostos para que non leven a ganancia". A *Pinta*, ela só, xa dá máis de 30 litros diários, así que o o Xavier pensou que a única solución será "ter unha vaca a médias, pois calquer vaca hoxe dá máis de 18 litros diários".

"Ter unha vaca a médias" era un xeito de explotación económica usado na Galiza rural aínda non hai moitos anos. Foi considerado como sinónimo de pobreza. Agora volverán as "vacas a médias" e, aínda que cun novo estilo, volven predicar miséria no noso agro.

Antes o *amo* púñalle a vaca ao *caseiro* ou a aquela familia que non tiña posíbeis para mercala, quedándose el coa cria e coa vaca, mentres que o *pobre* a mantiña e persignábase para que non collese o gripo, abortase ou tan só se escoxase, porque na nova apreciación atoparíase aínda máis desamparado, podéndolle



comer, iso si, o leite cando o daba. (Algunhas veces o acordo era tan leonino que ían a médias tamén no leite).

No futuro haberá quen teña vacas pero non pda producir leite, polo que terá que comprarlle a cuota de leite a outros agricultores. Estes non poderán ter vacas,

porque non serán capaces de vivir delas, pero si que terán leite, producíndose así un novo troco e unhas novas relacións produtivas.

Pero isto ocorrerá nos *casos mellores*. Noutras ocasións o da *vaca a médias* será totalmente literal, porque así o fixan as cuo-

tas lácteas que pretende implantar o Governo de Madrid, seguindo as directrices da CEE, baixo a mirada, senón compracente, si benévola, da Xunta.

Unha carta, seña de morte

A carta do Ministerio foi como un

O Ministerio de Agricultura tratou de facela abortar a través de anuncios na prensa. O Sindicato Labrego promove unha campaña de

■ X.C. GARRIDO COUCEIRO

Nesta semana o Sindicato Labrego Galego ven de entregar no SENPA os primeiros impresos de solicitude de produción. Neles presenta ao Ministerio de Agricultura unha exposición da situación de cada explotación para rematar pedindo medidas máis de acordo co mantimento das súas rendas, eximindo de aplicar sancións até acadar un nivel de produción de 100.000 Kg. (produción necesaria hoxe para acadar uns ingresos equiparábeis ao Salário Mínimo Inter-profesional).

Esta campaña está dirixida a poñer de relieve o enorme grau de rechazo que teñen as cuotas do leite no noso agro, partindo da situación real na que se atopan as explotacións gadeiras, fronte ao cal a única resposta posíbel, segundo o sindicato agrário, é a defensa da capacidade produtiva e o establecemento de medidas como os "Quantums" que garantan uns ingresos mínimos e obriguen a pagar os excedentes xenerados a quen na realidade os produce.

Contra-campaña pro-cuotas

Diante desta campaña do SLG, a primeira reacción de boicoteo foi lanzar máis solicitudes deste tipo pero cambiándolle a orientación para inserilas no marco de aplicación de cuotas, quer dicer, solicitando cuota. Esta reacción pro-gubernamental resultou un fracaso. O Ministerio, que pretende evitar por todos os méios a campaña de *solicitude de Produción*, publicou anuncios nos xornais *aclarando* que esa non é unha campaña oficial, e que o único que hai que facer agora é o "Plan de Abandono", dicindo que "su presentación carece de interese práctico ya que ademais no está definida la documentación que en su día se necesitará para ello"... "sólo puede perseguir la confusión y desinformación del sector o en su caso el lucro económico a costa de productores mal informados". O mesmo Director Territorial do Ministerio acusou ao SLG de "desinformar a unos ganaderos que tienen poco nivel cultural".

No seu lugar o Ministerio de Agricultura enviou a estes "ganaderos



que tienen poco nivel cultural" unha luxosa revista a cor, "Noticias Agrarias", na que vende as grandes vantaxes das cuotas con argumentos coma este: "Un plan de reordenación para modernizar el sector", "la aplicación del régimen de cuotas despeja incertidumbres a los ganaderos", "Las Organizaciones

Comunes del Mercado son un todo indivisible del que no se puede coger lo que nos beneficia —precios de intervención, ayudas...— y rechazar lo que entendemos que es menos beneficioso", "Esta es la solución más adecuada para la situación española y la que mejor defiende a la explotación familiar". O Ministerio non só pensa que os labregos teñen "bajo nivel cultural" senón que ademais tómaos por parvos.

Leite negro

Paralelamente o Ministerio através de Asociacións e Cooperativas achegadas está a difundir entre as asociacións de gadeiras que se tranquilicen e non se opoñan á aplicación das cuotas xa que ao final van recoller, en negro, todo o leite igual. Mesmo nunha reunión chegaron a dicer prezos —29 pesetas—, o que foi contraproducente xa que todos saben que se o leite negro custa isto vai influir no prezo do leite branco á baixa. En todo caso esta idea do fraude como solución ás cuotas está a ser propa-

mazazo na frente para os nosos agricultores, como a chegada da *seña* de que a morte da súa explotación estaba aí, acobillada en despachos de moqueta. Nen en Madrid nen na Xunta saben moito da mentalidade dos nosos agricultores, do que significan as vacas e, mesmo, as explotacións leiteiras, nas que cifraron non só o seu benestar despois de anos de privacións, senón o futuro dos seus fillos, levantadas na maioría das ocasións con solitarias lousas de anos de emigración.

Así que, á maioría, non lles falen de vender a súa cuota e *deixar de producir*. Moitos non están dispostos a que, por decreto, tronchen a súa vida. Outros non venden porque sería traicionar aos fillos, hipotecar o futuro, "e non se sabe o que pode pasar", por máis que non teñan descendencia no agro. As nove pesetas e média que pagan por litro en sete anos é tamén unha cantidade que non ven resolver moito. Na maioría dos casos non chega para pagar a Seguridade Social das persoas, "e xa non falemos da contribución", dinos o Luís de Baixo.

Un estábulo de 15 millóns para bidón e médio de leite

O Pepe Osorio pasou máis de trece anos na Suíza, traballando na construción. Comprou as mellores fincas que polas veigas se puxeron á venda. Casou e ten tres rapaces. Hai menos de seis meses que acabou a construción dun novo estábulo modélico, por

ter até ten azulexos nas paredes da sala de munxir; un cuarto para despacho, ducha e cama para quedarse se hai algun animal a parir. En total gastou máis de 15 millóns de pesetas. Ten 28 vacas, moitas delas aínda xuven-cas e xa dá ao día máis de 300 litros. Agora a carta, "dichosa carta de Dios que me sacou até as ganas de comer!", afirma con voz entrecortada, dille que só pode producir "bidón e médio por día, rediola!".

Iso non lle chega a nada. "Mira, aquela vaca que teño aí, a *Alemana* xa pasa ela só dos 40 litros diários. Que fago con só 5 vacas", pergúntase indignado. Entre el e a muller xa pagan 25 mil pesetas aomes de *sindicato* e os rapaces van á escola... "e grácias que eu tiña os cartos no banco para o estábulo, porque houbo quen se entrapou de moito sandiós e ese non sai adiante nen comendo papas de millo".

Trinta mil pesetas ao mes

O Fernando do Muiñeiro cobra unha pensión que non chega ao salario médio interprofesional. O tractor deixouno eivado. Ten unha explotación con 18 vacas, aínda que chegou a ter máis de cuarenta, largueza de terra pose para máis. Coa axuda da súa muller e dun vello criado vaille facendo como pode frente ao traballo. Anda polos tres bidóns de leite diários e, con iso e coa pensión, dá estudado a unha filla en Santiago. El tamén



ten que reducir a produción en 50 litros. Estaba disposto case a facelo porque xa estou "até o carallo de traballo e de que cada vez as vacas valan menos e o leite o leven regalado". O grande problema é que só lle dan 30 mil pesetas ao mes por abandonar a explotación e con

iso "non chega para acabar de estudar á filla e pagar a Seguridade Social da muller". Así que, "se non podo traballar, venderei as vacas, pero co meu leite non negocián os do Goberno. Xa faírei eu o que queira con el. Trinta mil pesetas cada mes en cinco anos. Éche unha léria!" ♦

Vacas con sobredoses

"Falan das inxeccións de engorde para os becerros e vacas. A culpa é deles. Segundo está o prezo da carne o que se dedica á cria de becerros non gaña nada e ten que buscar unha forma de sair adiante. Pódoche dicer de moitos que viñeron usando produtos prohibidos todos estes anos. Que pasou agora? Que como os prezos seguen baixando e a maioría dos agricultores non teñen a suficiente formación, estanlles a aumentar a dose, por iso aparecen eses casos. Éche así, dígocho eu, como me chamo Pacita", dime unha agricultora falando dos diversos problemas das vacas e do gado. O Xavier recórdame como hai xa máis de ano e médio que o SLG denunciou estes abusos "e vós xa o sacástedes no periódico". ♦



Unha das manifestacións protagonizadas polos labregos galegos.

nsa
solicitud de producción

gada noutra fase máis da contra-campaña e a que contribuen certas empresas interesadas en pagar menos o produto que xa anunciaron aos seus produtores que, se se aplican as cuotas, vanlles recoller igual o leite sen pagarlles o IVA.


A proposta portuguesa

Outro punto importante da contra-campaña do MAPA é a chamada proposta portuguesa. Este país, que ocupa actualmente a presidencia da Comisión Europea, propuxo que primeiro se aplicase a redución de produción, e que despois se estudaría a posibilidade de permitir un aumento desta. O que o Ministerio xa traduciu nos seguintes termos: Hai 1.500.000 toneladas de leite "ilegais", 600 mil elimnan-se a méio dos abandonos, e as 900 mil restantes pédense a Bruxelas, co que se aplicarían as cuotas a partir da produción actual. Entre os gadeiros o cepticismo é total e a



credibilidade da "proposta portuguesa" nula. Quizá o Ministerio de Agricultura o que debería é perguntar-lle aos portugueses como fixeron eles para incumprir o que agora propoñen, quer dicer, negociar o aumento de produción até os niveis de auto-consumo antes de aplicar as cuotas. ♦

Distintas cuotas na CEE. (En miles de Tm.)
Povoación agrária activa na comunidade. (1989)



NOVAS INICIATIVAS ECONÓMICAS

A banca social permite aos depositários decidir en que van ser utilizados os seus cartos

Se ten proxectos, funde un banco

■ HORACIO VIXANDE

"É unha cuestión de soberanía económica -di Manuel "Nolé" Díaz, un dos participantes na iniciativa de crear un modelo de financiamento distinto-, de dispor libremente dos cartos que depositas nun banco. Cando abres unha conta corrente nunha entidade financeira, sexa un banco ou unha caixa de aforros, non podes decidir a quen lle vai prestar o banco o teu diñeiro, non podes impedir que sexa destinado a maltratar a natureza ou a investido en fábricas de armas, por exemplo, pero o diñeiro é teu. Polo de agora non tes máis remedio que facelo pola tua conta".

Esta reflexión resposta á filosofía da banca social, que nace como solución dos cidadáns ante a necesidade de atopar canles de financiamento para proxectos empresariais, culturais ou sociais que, polo seu carácter alternativo, democrático e respetuoso co medio natural e coas necesidades sociais e culturais, non atopan apoio nun sistema bancario que, segundo os defensores da banca social, non consente a participación dos depositários nen permite o afloramento dunha industria alternativa.

Os defensores da banca social e ecolóxica parten do recoñecemento do diñeiro como motor do mundo actual, como elemento indispensable para levar a bon termo calquer iniciativa, inda que o uso dese diñeiro poda causar desagrado. Ante esa análise da realidade xurde unha resposta que pretende un uso axeitado do diñeiro fundamentado na solidariedade e no respecto ás persoas e á natureza.

Esencialmente, a banca social é un sistema financeiro (banco, caixa de aforros, cooperativa de crédito) na que o depositario ten participación e esta participación está comprometida co medio natural, coa sociedade e coa cultura. Quer dicir, un aforrador ou unha aforradora depositan o seu diñeiro na entidade e eses cartos serven para financiar proxectos con ou sen ánimo de lucro que cumpran unhas características tais como que sexa un proxecto ecolóxico, social ou cultural. De todos xeitos, non hai unha só modalidade de banca social.

Na Galiza non hai tradición en banca social, tampouco moitos exemplos noutros lugares do estado, e agora empeza a xurdir unha organización deste tipo que ten características moi peculiares.

Até o momento, no resto do mundo, a banca social destinaba o diñeiro depositado nela a proxectos que ela mesmo escolliu, dependendo do interese do pro-



Hai que unir os cartos aos proxectos, sinala Nolé Díaz.

xecto. Isto provocou que, nalguns casos, o fin inicial non puidese ser cumprido. O paradigma desta situación é o Okobank de Frankfurt, que foi criado polo Partido Verde para investir en proxectos ecolóxicos e de interese social e cultural pero que se atopou con que dispuña de máis cartos que de proxectos que respondesen ao fin para o que fora criado o banco.

"A nós non nos vai a pasar iso", di Nolé Díaz, membro da Asocia-

ción para a Banca Social e Ecolóxica. De todos xeitos, en principio esta asociación non é tan ambiciosa, está en fase de consolidación e, polo de agora, ten obxectivos máis modestos. "A curto prazo -comenta Nolé Díaz- pretendemos pór en contacto a persoas con ideas, mais sen cartos, con outras máis solventes para que lles financien os seus proxectos". A medio prazo a pretensión de ABSE é a de se facer cos medios económicos e persoais que a capaciten para facer

Tal e como están as leis non é posíbel crear un banco porque necesitaríamos un depósito inmovilizado pero é probábel que sexamos quen de constituir unha cooperativa de crédito local

estudos de viabilidade dos proxectos cos que manteñan relación. A máis longo prazo queren constituir servizos bancarios alternativos. "Tal e como están as leis españolas -recoñece Nolé- non é posíbel crear un banco porque precisaríamos 1.500 millóns de depósito inmovilizado, pero é probábel que sexamos quen de constituir unha cooperativa de crédito local, nese caso só teríamos que contar con 150 sócios que depositasen un mínimo de 10.000 pesetas".

O que distingue a ABSE doutras experiencias e o que vai evitar que o destino final dos cartos dos asociados vaian a proxectos que non respontan ao tipo previsto e que será cada sócio de forma individual quen decida a que proxecto en concreto van os seus cartos. "Nós, através dun boletín periódico -explica Nolé-, daremos conta aos asociados e afíns de cales son os posíbeis proxectos e as súas necesidades económicas. Cando o ofrecemento da aportación económica de alguén non abonde, agardaremos a que outra persoa faga unha oferta que a complete, entón poremos en contacto aos interesados para que, segundo un acordo entre eles, se produza un préstamo ou unha doación".

Outra das especiais características desta tentativa de banca social é que esixe dos sócios e das sócias unha militancia comprometida.

Ainda que no estado xa houbo tímidas experiencias seguindo este modelo, na Galiza aínda non está consolidado. Hai un pequeno grupo de persoas que está a pular polo seu desenvolvemento pero aínda nengun proxecto foi posto a andar mediante este sistema. Os organizadores agardan que as primeiras ofertas aparezan nos próximos meses, e que, en principio, sexan para financiar iniciativas sen ánimo de lucro. ♦

A asociación *Ridimoas*, un proxecto consolidado para rexenerar o bosque

Un exemplo, non tanto de banca social -que non o é-, pero si de esforzo solidario e comprometido dun amplo colectivo de persoas, é o labor que a Sociedade Cultural e Ecolóxica *Ridimoas* está a levar a cabo para tentar rexenerar un bosque autóctono no Concello de Beade, perto de Ribadavia.

Non é banca social, pero a esencia desta iniciativa corresponde coa filosofía deste tipo de sociedades. O traballo e a aportación económica das persoas asociadas van destinados ao proxecto. Neste sentido, non só as cuotas dos sócios e das sócias son investidas no labor de recuperación, senón que os premios e os beneficios obtidos através de conferencias que divulgan a experiencia son reinvestidos neste pequeno bosque de un quilómetro cadrado.

A relación coa banca social é dobre,

xa que non ten a mesma esencia, senón que é o típico proxecto que adoita a apoiar a banca social.

"Na actualidade temos cinco-



Na actualidade temos 500 persoas asociadas, sinala Pablo Rodríguez Oitabén, presidente de *Ridimoas*.

centas persoas asociadas que pagan 1.000 pesetas ao ano máis aportacións voluntarias -di Pablo Rodríguez Oitabén, Presidente da Sociedade Cultural e Ecolóxica *Ridimoas*. Nun principio só tiñamos unha hectárea no centro do bosque, pero coa política de reinvestimento dos beneficios da explotación e cos cartos da xente asociada, en tres anos nos fixemos con 12 hectáreas, temos que chegar ás 66 que ocupa todo o bosque".

A experiencia de *Ridimoas* é celebre mesmo fora de Galiza, representa o empeño solidario pola recuperación da natureza. Todo principiou no curso 78-79 na Universidade Laboral de Ourense e durante anos foi un proxecto sen nengun tipo de cobertura legal. No 89 constitúese a Asociación *Ridimoas* e desde aquela as enerxías das persoas comprometidas coa iniciativa contan cunha base consolidada. ♦



A SAÚDE

A DIABETE



Se vostede é diabético lembre que a súa enfermidade é crónica. O bó control da diabete e a prevención de posibles complicacións supón que vostede debe coñecer moi ben a súa doenza e actuar en coordinación co seu médico.

A dieta adecuada e o exercicio físico son imprescindibles no seu tratamento. Pregunte tódalas súas dúbidas. Participe nas asociacións de diabéticos, servíralle de axuda.

A RECONVERSIÓN DA INDÚSTRIA MILITAR

Alternativa fronte á crise da empresa Bazán podería sobrevivir diversificando a súa produción

■ M. AGUIRRE / G. MALGESINI

A Empresa Nacional Bazán é, despois de CASA, a industria militar española de maior facturación. Nos seus estaleiros fabricanse a maior parte dos buques que demanda a Armada española, dende patrulleiros a fragatas, submarinos ou porta-avións. A súa dependencia dos pedimentos militares é moi elevada, xa sexan do Ministerio de Defensa ou de mariñas estranxeiras; un 80% da súa facturación ten un carácter militar. Pero existen alternativas viáveis de reconversión.



A crise actual da Bazán maniféstase claramente polo seu baixo nivel de vendas. A súa facturación foi descendendo progresivamente ao longo dos anos oitenta, até o punto de, a prezos constantes de 1990, a de 1989 (46.733 millóns de pesetas) ser case tres veces inferior á de 1983 (126.870 millóns). Esta vertiginosa caída é debida fundamentalmente ao descenso en picado das exportacións. No trienio 1982-1984, e fruto dunhas importantes vendas a Exipto (duas corbetas), Marrocos (unha corbeta e catro patrulleiros), México (seis patrulleiros) e Arxentina (cinco patrulleiros), Bazán exportou por un valor medio de 50.000 millóns de pesetas anuais. Nos catro anos seguintes, sen embargo, as exportacións tiveron unha media inferior aos 6.000 millóns de pesetas anuais. Os incrementos conxunturais das exportacións proporcionaron un importante traballo de carácter temporal, pero que non se pode manter a medio prazo debido ás fluctuacións da demanda exterior do sector naval.

Ainda de forma menos espectacular que as exportacións, as vendas ao interior tamén diminuíron nos últimos anos. Formadas esencialmente por pedimentos da Armada, estas vendas pasaron dunha media anual de 70.000 millóns de pesetas durante o quinquenio 1982-1986, a 54.000 millóns, durante o biénio 1987-1989, sempre a prezos constantes de 1990. A provincia da Coruña, na que está emprazada, depende enormemente dos investimentos do Ministerio de Defensa, polo que calquer modificación dos mesmos ten un enorme impacto rexional.

En realidade, a actividade de Bazán, como a da maioría das empresas do sector defensa, non crea emprego, senón que o destrúe. En 1989 traballaban 10.342 empregados, un 26,6% menos que en 1983. Nos últimos seis anos o cadro de persoal foise reducindo a unha media do

Deberíase reforzar a produción de equipas civís, turbinas, caldeiras, motores

5% anual. A dirección da empresa apresentou un expediente para reducir o plantel actual (10.000 traballadores) á metade, co que se producirían 5.000 despedimentos nos próximos anos. O expediente de regulación de emprego afectará durante 1991 a 3.745 traballadores, dos que 1.593 pertencen á factoría de Ferrol. Os sindicatos rexeitaron este expediente e denunciaron a pouca validez do plan estratéxico iniciado pola empresa en 1987, mediante a cal o INI investiu uns 54.000 millóns de pesetas na Bazán durante o quinquenio 1987-1991.

Produtos civís e militares defensivos

Pero hai tamén outra posibilidade. No seu artigo "A conversión: unha oportunidade para a Empresa Nacional Bazán", dentro do libro *Misis ou microchips. A conversión da industria militar en civil* (CIP-FUHEM, Colección Economía Crítica 3, 1992) Vicenç Fisas expuso con detalle os problemas antes mencionados, así como as posibles solucións á crise que enfrenta Bazán. Estas pasan por emprender unha conversión á produción civil, resgatando á empresa do sector militar para transformala nun instrumento produtivo de utilidade social, ao tempo que se conservan a maioría dos postos de traballo.

O propósito fundamental dunha primeira etapa consistiría en diversificar a produción da empresa,

ampliando a gama de produtos civís ofertados, con obxecto de facela menos dependente dos pedimentos militares. Poderíase manter a construción dalguns produtos, esencialmente os que teñan un carácter defensivo, que seguramente non estarán suxeitos a recortes nas futuras conversacións de desarme. Neste sentido, Bazán podería continuar construindo patrulleiros, gardacostas, sistemas de defensa aérea, cazaminas e dragaminas, sistemas de mando e control e varias equipas de electrónica de defensa.

Nesta primeira etapa deberíase reforzar tamén a produción xa existente de equipas civís, como bens de equipa, turbinas, caldeiras, motores, grupos auxiliares de xeración de enerxía, buques de investigación oceanográfica, buques de efecto de superficie civís, novos materiais, etc.

Nesta etapa deberíase preparar xa o que constitue a auténtica conversión (segunda etapa), isto é, o deseño e fabricación de novos produtos civís considerados necesarios e útiles para a sociedade. Os produtos susceptibles de ser abordados pola Bazán e o éxito deste empeño, dependerá de varios factores e condicións previas, das que destacarían as seguintes:

—A experiencia naval da Bazán pode ser unha boa motivación para esta empresa desenvolver unha industria relacionada con actividades mariñas, non vinculadas á defensa militar, pero próximas á súa actividade tradicional.

—As experiencias doutras empresas navais que pensaron na conversión mostran a existencia de posibilidades para que unha empresa como Bazán desenvolvese actividades de interese social, entre outras, nos campos da descontaminación, ecoloxía e tecnoloxía mariña, explotación dos recursos mariños e das enerxías renovábeis, maquinaria industrial, metalúrxia e vehículos de transporte marítimo. ♦

Estados Unidos deixou de ser unha gran potencia

Todos os columnistas dos diarios de difusión nacional dos EE.UU. critican os comentarios paternalistas dos xaponeses sobre o estado da industria norteamericana. "Segundo un axioma militar —comenta William Pfaff en *Los Angeles Times* do 2 de Xaneiro—, a superioridade moral sobre o inimigo é máis importante ca o dominio material. O xeneral William Tecumesh Sherman, deixou escrito nas súas memorias que os exércitos igual que os individuos teñen alma. Isto é ben certo cando falamos de relacións internacionais".

"Por moitos erros que os Estados Unidos teñan cometido nas décadas da Posguerra —prosegue o comentario de Pfaff—, todos os países do mundo tomaron o goberno de Washington a sério, coma o dunha nación formidábel que tiña fe en si mesma. Pero iso xa foi. Vivimos un cambio de importancia crucial, un acontecemento histórico: en 1992 os Estados Unidos deixaron de ser gran potencia".

Para o columnista a situación debería producir máis medo que indignación. "Hai un ano, os comentaristas falaban e non paraban dunha Nova Orde Mundial liderada polos Estados Unidos. (...) Pero o mes pasado os norteamericanos anoxáronse cando o portavoz do parlamento xaponés dixo que os traballadores norteamericanos eran vagos e incultos e que no de hoxe os Estados Unidos non eran máis que un sub-contratista xaponés. A reacción dos Estados Unidos foi de rabia pero debería ter sido de pánico".

O mercado non é para agricultores

O crítico Vadim Kozhinov debate con Lev Anninski no número 490 da revista rusa *Boscreshennic*, (Domingo), antes *Unión Soviética Internacional*, editada en Moscova, o programa dos *500 Días*. "O programa leva razón —di Kozhinov—: a cultura non pode depender só de obxectivos comerciais; é un sector que non ten que ver co mercado e outro tanto pasa coa agricultura. Non é certo que os Estados desenvolvidos, manteñan ao labrego no ámbito das relacións de mercado. O Xapón que é un país de territorio cativo pero densamente poboado, cobre ao completo a demanda interna de arroz. O Estado merca aos labregos o arroz por un prezo que é dez veces o do mercado mundial. De que mercado podemos falar? Os prezos do campo norteamericano son tres veces o do mercado mundial. Na existencia humana hai actividades indispensábeis. Tal é o caso da cultura e a agricultura. Son áreas das que non se pode prescindir".

A gran traición de Felipe

A xornalista Maruja Torres di nunha entrevista en *Integral* (número 146, correspondente a Febreiro) "admiro a moitísima xente do común que non sae nos xornais. Xente que ten o valor de se enfrontar cada día novamente á súa vida aínda que sexa ingrata e dura. Admiro a quen defende cousas e a xornalistas que nunca serán coñecidos e traballan en América Latina ou Etiopía. Tamén desprécio a moita xente. Son intolerante cos que non me gustan, coa xente egoísta e efímera. Non aturo a fachaenda. Eses fillos da puta do PSOE fixeron moito dano. Esa mediocridade agora, esa falla de solidariedade e a gran traición de Felipe González ao povo Saharahuí".

A música de Cuba e o bloqueio

Santiago Auserón, de *Radio Futura*, presenta 19 artistas cubanos nun disco titulado *Semilla del Son*. Músico educado no *Rock*, Auserón explica (*El País*, 8 de Febreiro) este cambio de orientación no seu traballo: "Desvinculados das nosas tradicións, o *Rock* foi para nós o contacto cunha conciencia profunda do ritmo que nos fora vedado. Co paso das décadas, a autenticidade do *Rock* decántase coma folclore electrónico (...) No ámbito intermedio, temos que procurar o porvir porque sen esa información máis arraigada, o *Rock* valérase con rapidez e facilidade polo seu carácter mercantil".

Auserón enxucia os problemas da música de Cuba hoxe: "Os problemas da música cubana non son outros que os problemas da supervivencia de Cuba. (...) Como español estou doído -e non é un problema político senón emocional e artístico-, pola postura oficial de España fronte a Cuba, porque coído que nos estamos a comportar outravolta coa atitude colonial, fachendosa e despreciativa da anterga metrópole. (...) A Revolución cubana logrou facer de Cuba unha nación con orgullo propio e conciencia do seu destino. Se a Cuba se lle fai cair no caos, polo meio dun bloqueio salvaxe e inhumano, contraemos unha responsabilidade grande. Todo o mundo sabe que as cousas de Cuba teñen que cambiar, pero por que non lles dar tempo a facelo sen a presión e a ameazada fame e do caos inducido?". ♦

V CENTENÁRIO E CRISE LATINOAMERICANA

Lideraba o bairro autoxestionado de Villa El Salvador

O burato negro peruano levouse á Madre Coraje

■ PRIMITIVO CARBAJO

Unha bomba despezou o sábado o corpo de María Elena Moyano, a *Madre Coraje* dos peruanos. Ela tiñase entregado á defensa de Villa El Salvador, unha barriada autoxestionaria de Lima que María Elena contribuíu decisivamente a erguer. O seu líder indiscutido, Michel Azcueta, recibiu no nome desta comunidade o Prémio Príncipe de Asturias á Paz e a Concordia no ano 1987. María Elena estivo no Estado español para falar da súa fecunda experiencia en organización popular unha semana antes de morrer. Matouna a sanguineta atrocidade que hoxe campa polo Peru. Sendero Luminoso puxo a bomba.

María Elena Moyano tiña 33 anos e estaba ameazada desde había tempo polos *terrucos*, que non toleran o éxito doutras alternativas de desenvolvemento comunitario que as súas, e non teñen nengunha. O fanatismo da *Nueva Democracia* que predican: o terror máis cheo, o máis arrasador. Ela contábamo vai agora para tres anos na casa de Michel Azcueta, en Villa El Salvador (eles dician máis ben Villa Salvador): "Sendero é como un buraco negro, sen saída: ninguén concebe un goberno, unha administración rexentada por eles".

Michel Azcueta era o líder de Villa Salvador e María Elena, a *líder*. Uns amigos leváranme á casa del e así, de casualidade, coñecina tamén a ela, morocha e forte. Estaba casada e tiña dous fillos. Daquela todos me contaban atrocidades: as de Sendero, as de Alan García (no goberno), as do Exército e da policía: as atrocidades do Peru. Pero eu fora a que eles me falasen de Villa Salvador e iso, mállas todas as inquedanzas, quentáballes a alma.

Bairro autoxestionado

—*Villa Salvador, pobo loitador* é o noso lema: todo o acadamos con mobilizacións populares. Nós, sobretudo, informamos á xente do que hai.

Villa Salvador é unha barriada de 300.000 habitantes na periferia de Lima. Xurdiu dun areal hai vinte anos e ten unha significación emblemática na selvaxe expansión "urbana" da capital, que medra e medra coa xeración espontánea de *Barriadas* ou *Pueblos Jóvenes*, os bárbaros da modernidade peruana.

A cidade abandonada da historia multiplícase incesantemente sobre os outeiros de area. No puro deserto. Máis ca casas, son campamentos de esteira aliña-



Habitantes de Villa El Salvador.

Fotos: P. CARBAJO

dos nas pendentes do *eriaz* —así o chaman— que a viciñanza invadiu para se dar un respiro na súa marcha, iso parece, antes dun derradeiro asalto a territorios menos inhóspitos. Coma tribos erráticas do deserto: "as esteiras que camiñan", díciase. Pero non é así. Desexan ficar xa, conquistar o dereito á propiedade desas parcelas de area, consolidar con barro as vivendas antes que o vento as leve, ou as sepulte nas dunas.

As ondas masivas de inmigrantes que achegán a Lima fuxindo da fame e da guerra, de todas as guerras da serra, non rachan drasticamente coas súas raíces. Alguns volven ás montañas na procura de raquílicas colleitas que os axuden a aturar o tirón da gran cidade sen traballo, e as comparten cos viciños e parentes que trouxeron con eles na escapada mentres esperan ao exército ao que se apuntar para executaren a invasión doutro outeiro de area. Entón pedirán a propiedade e, se cadra, consolidarán a vivenda. Así crece Lima. Os *Pueblos Jóvenes* espállanse ao longo de cen quilómetros de litoral e sesenta cara o interior. Villa Salvador é a insígnia deste proceso expansivo, o soño prometeico dos desherdados, dos desarraigados definitivos.

Aos habitantes de Villa Salvador custoulles moita liorta acadar solo propio onde vivir, aí no *eriaz*, pero o conseguiron, e a plena autonomía organizativa. María Elena Moyano aglutinou e liderou o movemento de mulleres, organizou a distribución interna dos alimentos. A proeza de Villa El Salvador foi internacionalmente recoñecida con multitude de premios que ela, coma Michel Azcueta, viñan recibendo sen a menor fachenda. El, no rigor da súa independencia, resistía os cantos de serea de Izquierda Unida. María Elena aceptou a militancia política nesa formación.

María Elena tiña trinta anos avellentados pola crua intensidade da súa vida, pero saímos á rúa para que eu comprobásemos *in vivo* o que me ía contando

—Esta barriada vota toda IU, tamén porque Barrantes —daquela era o seu dirixente máis prestigiado— nos deu os terreos cando foi alcalde de Lima.

—Non nolos deu: fixo que se recoñecese a nosa propiedade sobre eles. A verdade é que nós somos a envexa dos outros asentamentos, pero os políticos non están moi interesados en que o exemplo se espalle.

—Tampouco o estaban cando nós comezamos e, aínda *ahorita*, cando gaban o noso desenvolvi-

mento, fano mirando á galería máis que ás súas conviccións sinceras. Nós estamos orgullosos do realizado, claro, pero aínda queda moito a facer. E iso que nós, é certo, somos os privilegiados das barriadas.

María Elena tiña trinta anos avellentados pola crua intensidade da súa vida. Pero víaselle estalando enerxía e humor, e se cadra foi por iso e pola estreiteira da vivenda —dunha planta, coa modestia sinxela dos misioneiros— que saímos á rúa para que eu comprobásemos *in vivo* o que me ía contando.

A carón da casa, nunha cociña improvisada nunha especie de garaxe ou galpón, varias mulleres atendían as caldeiras da *olla popular*, potes ferventes de millo, patacas e carne que máis ben semellaba que a compraran nunha *casquería*. O peixe aínda non estaba en cuarentena. Ela prefería á carne, ou ao revés, que máis ten agora, non me acordo. Falaba do gran problema que tiñan co abastecemento de produtos básicos: non chegaban, as mulleres facían colas e rebumbio diante das tendas esgotadas, as turbas famentas asaltaban camiións de arroz á mesma saída do porto do Callao onde carregaban... Atroci-

dades. Aínda que eles, en Villa Salvador, eran os privilegiados das axudas internacionais.

—Pero tamén aquí moitos nenos van á escola cun té, non almorzan outra cousa.

Paulo Freire e Iván Illich, servidos polos xesuítas, nutriron de teoría o proceso autoxestionario de Villa Salvador. "Inicialmente os obxectivos estaban máis claros, todo o mundo participaba do formigueo de levar a teoría á práctica. Agora hai máis abandono nese sentido". Ela procuraba o leite para os nenos. Os profesores dos coléxios deseñaban en equipa a programación escolar, a partir dos once anos os alumnos recibían formación profesional en obradoiros propios. Cada área do barrio tiña o seu plano de emerxencia para responder ás urxencias de abastecemento e establecer as axudas ás *ollas*, de xeito que a ninguén lle faltase algo que levar á boca.

A pureza de Sendero

No territorio da barriada, en fin, había chan para pastos e un polígono industrial que medraba e repartía. Praticaban a democracia de base e varias comisións mixtas determinaban as relacións entre a comunidade de viciños e o Concello de Lima. Eran a excepción, efectivamente. Noutras barriadas o comun é que sexa a policía quen marque as relacións coa sociedade urbana e non ven o xeito de se garantir o abastecemento de auga potábel, de servizos de transporte, de electricidade, etc.

Pero en Villa Salvador todo estaba en obras, como se a barriada fose un imenso tallo no que se ían consolidando casas e prazas como a máis firme aposta polo futuro, cando arredor todo eran estragos e incertidume. Nisto seguen. Das esteiras á quincha, que inclúe cana e barro; da quincha ao adobe, do adobe ao formigón...

Mais esta democracia, a máis granada do Peru, non lle gusta a Sendero, que ten luces propias: pónen lume ás granxas, desaferrollan o gado selecto de importación coas mesmas armas que asasinan aos dirixentes, queren facer sal do sangue das súas vítimas para que a *Nueva Democracia* medre sen impurezas ou máis herbas...

María Elena vivía ensumida nos seus traballos de coordinación e ameazada: por ambas cousas, mais particularmente por plantarlle cara a Sendero, gañou o alcume de *Madre Coraje*. Cando eu a coñecín xa era un símbolo nesa loita, pero, sobretudo, na de buscar, através da organización e a pelexa dialéctica, o sostimento da súa xente, que morría de fame e anguria por todas as guerras. Logo veu o cólera e puxeron o peixe en cuarentena, chegou Fujimori e absolveron a Alan García. Pero aquí andábamos a voltas coa Guerra do Golfo e a Nova Orde, tiñamos outras teimas. Agora que ela voou a cachos e cun tiro na tempa é outra boa ocasión para blasfemar. ♦



Empezou na TVG uns meses despois de iniciar as suas emisións e despois de cinco anos é un dos seus valores máis acreditados. A sua entrañábel despedida noturna, "Isto é todo. Boas noites. Atá mañá", fano



Santiago Pemán

'O mundo da información meteorolóxica non é para o turismo, senon para as xentes do campo e do mar'

■ XAN CARBALLA

unha das figuras máis coñecidas e a fiabilidade dos seus pronósticos manifestáronse nun inquérito da Consellería de Pesca: os mariñeiros seguían con máximo interese as predicións do tempo que Santiago Pemán dá na televisión dos galegos. É a historia dun home que desde que se fixo piloto no 1954 ven estudando case no día a día a situación dos ceos galegos.

"A idade é fundamental para transmitir fiabilidade e eu xa non son un neno. O proveito desta información non é para saber se se pode ir ou non á praia ou dirixido ao turismo, é sobretudo para as xentes do mar e o campo, que se xogan desde a vida até a viabilidade dunha colleita. Nós temos moitos quilómetros de litoral e valoramos situacións de até 600 quilómetros da costa, o que non é fácil. Se a xente do mar está satisfeita coa información que dou é premio dabondo.

"Hoxe a pesca é moi tecnolóxica, e o seguimento das temperaturas do mar é importante. Cando o mar

'O mar de fondo mata á xente e poder predecilo evita os accidentes'

está verde é cando se pode pescar e cando está azul non hai pesca, se non hai noroeste non hai sardiña,... poder transmitir todas esas cousas con antelación é moi

importante para a xente do mar".

Santiago Pemán comproba unha serie de puntos, en observación directa, e aínda que fia perfectamente nos datos do satélite e dos observatorios meteorolóxicos, ten unha pequena rede de colaboradores, "falo con Xosé Antonio, na Confraría de Pescadores de Cedeira; con Cristina, especialista en sinais marítimos do Faro de Vilán e co centro de Sinais Marítimos de Silleiro. Son tres puntos con xente fiable e dunha situación estratéxica". En tempos era o mapa de isobaras e o esquema de soles, nubes, chuvia ou neve, desde hai uns anos,

as fotos animadas do satélite fornecen máis certeza a quen olla a televisión, "o satélite que utiliza a TVG é magnífico, e mesmo podiamos ampliar moito Galiza, aínda perdendo detalle na faixa costeira; pódense poñer puntos bermellos cos cambios de temperatura,... as imaxes entran directamente para ser editadas na televisión e ás veces teñen un tratamento para darlle máis ou menos contraste".

Mudou moito a capacidade técnica para establecer esas predicións?

Antes facíanse observacións pero había problemas de comunicación entre distintos puntos. Hoxe a información é cada seis horas e téñense datos case ao instante de todo o continente europeo e o Atlántico Norte, que son os datos que máis nos interesan a nós, porque é por onde nos veñen as depresións, as borrascas e os anticiclóns. Pero este traballo quer un seguimento continuo, non se pode deixar o venres e collelo o luns.

Meteorólogo desde o avión

Santiago Pemán fíxose piloto de avión no 1954, anos que lembra moi duros, "cos trasatlánticos levando á xente a América porque aquí non había traballo", e percorreu toda Galiza desde o ar, "dame igual falar de Pena Trevinca, Vímianzo, Negreira ou Coristanco: coñezo todas as zonas". Ao facer-

'Nunca tivemos primavera'

Nós tivemos nestes anos pasados veráns e invernos que se saltaron todas as normas habituais.

Pero é que en cen anos son moi poucos os cambios que podemos ter. Temos invernos secos pero tamén de moitas chubias, décadas con veráns de moita seca pero outras con chuvia e aguaceiros. Se antes eran dez anos dunha maneira agora poden ser oito, dunha maneira determinada, pero de todos os xeitos no noso paso pola vida pouco vamos apreciar esa mudanza.

Agora xa non se dan predicións a longo prazo?

Facíanas en Washington pero non tiñan fiabilidade. Deberanse dar máis a nivel institucional que de gran público, porque a unha Consellería como a de Agricultura podía servirille para a súa planificación. Hoxe mesmo, no que atinxe á Galiza, a pugna entre as baixas e as altas presións estudámolas día a día e segundo vaia evolucionando pode haber moi boas precipitacións na zona da montaña de Ourense, á que os frentes solen chegar moi debilitados e precisa moito esa chuvia. Pero ese segui-

mento interesa a un nivel medio non para unha información diaria.

E aínda con esas dificultades que vostede di, que tempos ter nos próximos meses?

Facendo unha estadística de moitos anos, a Galiza nunca tivo primavera e para unha boa que viña era mala. Hai dous anos todo Maio e até meados de Xuño chovía a cachón, e despois tivemos temperaturas que pasaron de cuarenta graus. Agora estamos con seca e quizais en Abril, ou xa a fins de Marzo, volverán as precipitacións. ♦

se piloto, por afeizón e tamén por obriga, iniciouse na meteoroloxía, "ensinoume moito un meteorólogo, Enrique Lerbo, que me deu moitos materiais e integroume no servizo de meteoroloxía que daquela se ampliou a vinte e catro horas no aeroporto, onde despois pasei á inspección civil. Con el iniciéime na análise de mapas, que agora xa substituíu a informática, e encarreirou o meu gusto por esta disciplina. Moito máis adiante veu o da TVG que me dá a satisfacción de poder facer aos demais participantes dos meus coñecementos.

'Prefiro poñer as cousas peor e que despois haxa bon tempo'

O inquerito da Consellería de Pesca nas Confrarías deu que os mariñeiros tiñan en grande estima a información do tempo da TVG. Antes de vostede ninguén daba unha información tan polo miúdo do estado da mar, mesmo ocupando máis tempo que a información xeral.

Falar da zona de Fisterra é como falar dunha distancia de aquí a Madrid, e pode haber ondas nun extremo de 4 e 5 metros e perto da costa pescar perfectamente. Procu-ro que, se a situación na mar, é importante dala sen aferrar tempo.

O que mata á xente do mar é o *mar de fondo*, que é unha situación moi forte. Perto da nosa costa as ondas teñen uns douscentos metros de longo, a primeira onda pode ter dous ou tres metros de altura; a segunda, que chega cunha periodicidade de 45 metros, ten xa tres metros de altura e a derradeira, que ven xa nun período de quince metros, ten xa os catro metros: a primeira avísache, a segunda atrávesate e a terceira máta-te. O percebeiro é unha persoa que está xogando co mar de fondo, que sube coa onda de tres metros que ven por riba pero sobretudo cos nove metros que van por baixo, e iso mata a calqueira. Poder predecir isto e evitar ese tipo de accidentes é moi importante.

Pódese predecir atinadamente?

Falando pola televisión teño que xeralizar, porque hai situacións en Fisterra con tres metros e en Cedeira, que está máis resgardada

dos ventos de Suloeste e dese mar de fondo, estar calmo. O señor de Cedeira pode ir aos percebes pero o da Costa da Morte non pode moverse da casa. Se nun programa de televisión detallo moito cada zona pode botar un cuarto de hora e a xente escacha o televisor. Mesmo así procuro poñer peor as situacións e que a xente o tope mellor que ao revés.

Cambio climático

Vostede sostén que non se pode falar con propiedade de que estemos vivindo un cambio no clima.

Camiñamos cara unha época máis seca, pero para facer un estudo de verdade teríamos que ter datos de case cincocentos anos, e non os hai. A fins do século pasado rematou unha pequena época glacial, e existe unha fotografía dun elefante cruzando o Támesis xelado dunha a outra beira. Iso non pode darse hoxe e iso denota un cambio no clima. Observacións empíricas dese tipo dan algunhas luces pro falta perspectiva para poder afirmacións tallantes.

Agora fálase tamén do deterioro da capa de ozono. Pero que medidas había vinte anos atrás? Que comparación podemos facer? Iso non tira de advertir os problemas de certos produtos aerosoles, etc... pero aínda non podemos ser categóricos en ningunha destas cuestións.

Que factores influen neses grandes cambios que se observan?

Hai un fenómeno que se está estudando moito, o do *niño do Pacífico*, unha enorme zona con secas tremendas durante anos e chuvias torrenciais como as que vimos hai uns días en California. Que pasa con ese Océano tan enorme, que circunstancias se dan para que haxa unhas secas tremendas, que afectan a todo o altiplano de América do Sul e de súpeto veñan unhas precipitacións enormes. Nos Estados Unidos e tamén na Unión Soviética hai estudos moi exhaustivos pero son sobre circunstancias que a nós non nos afectan moito.

No equilibrio climático influen moitos factores. Pensa que no tramo final do Everest detectáronse partículas do petróleo queimado do Kuwait, e a tala da selva do Amazonas vai ter efectos enormes, que tardará anos en deixar consecuencias pero que é a heréncia que imos deixar aos que veñen detrás. En quince ou vinte anos pode non pasar nada pero en cincuenta pode cambiar o clima de quen sabe onde e as repercusións ser tremendas. ♦

'A sabedoria popular sobre o tempo é válida'

"Por necesidade a xente do mar e do campo tiña que facer as súas predicións, por exemplo para saber se había ou non que plantar. Tiña que observar a lua, os ventos, e de aí as témporas, se quedan de arriba ou de abaixo. De tanto observar fixeron unha verdadeira escola.

A meteoroloxía chega moito máis a fondo nas observacións a curto prazo, pero dun xeito xeral ese saber popular ten un grande valor: cando se lle ve un halo á lua arredor xa se sabe que ven un empeoramento do tempo, en definitiva iso reflexa unha nubosidade en grandes alturas, con ar cáldo. Unhas cousas a meteoroloxía mídeas con precisión pero a observación é quen de razonalo desde hai xeneracións".

Esa transmisión xeneracional que era imprescindible nun momento dado, hoxe segue viva?

A xente do campo evolucionou e a xente xoven traballa no campo dunha maneira distinta. Pero os vellos ensinantes esas cousas e pode que o valoren ou non. Saben que seu pai podaba a viña no mes de Xaneiro, coa lua minguando para que sangrara menos a parra, que ataba por aquí ou por alá; que cando semente as patacas debe facer así ou así. No fondo somos galegos e diso non nos esquecemos. Aínda que a técnica gañe terreo, o ceo está aí para observalo. Seguirase falando das témporas...

Explique o das témporas.

Hoxe penso que a xente, mesmo da cidade, sabe o que son. As témporas é cando entra a estación. As doce da noite miras por onde queda o vento: se está Norte pénsase que a maioría dos tres meses seguintes van ser bós, porque son ventos de anticiclón; se quedan de abaixo, suloeste, cálidos e húmidos, pensan que ese trimestre vai ser de mal tempo.

Neste momento as témporas, a 21 de Decembro, foron un día estupendo, e a maioría dos días transcurridos foron bons. Cientificamente non ten explicación pero esa sabiduría da xente do campo é así. Eu xa teño observado as témporas desde hai anos e dunha maneira xeral están atinando moito. ♦

Un novo volume da Historia de Galicia.

Os Irmandiños.
Textos, documentos e bibliografía

de Anselmo López Carreira

Esta obra ofrece documentos e textos de lectura accesíbel para un público preocupado pola historia de Galicia, a quen compredotar dos medios para a interpretación axeitada do proceso histórico, que ten neste período unha inflexión fundamental.



PVP: 950 pta. Nº de páxinas: 148.

Os pedidos a meio deste boletín terán un desconto do 15%

PAGO DOMICILIADO

A REMETER A A NOSA TERRA UNHA VEZ CUBERTO

Nome:Apelidos:

Enderezo:

Teléfono:Povoación:

Banco/Caixa:


Conta/Libreta:Nº da Sucursal:

Titular:

Povoación:

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles sexan presentados por Promocións Culturais Galega S.A. (A Nosa Terra)

Data:Atentamente (Sinatura):





'Como se pasa Pepe Castro'

Seica o Concello de ponteareas vai celebrar o día das letras Galegas por todo o alto. ¿Por que será?

Seica o Concello de Ponteareas sempre se opuxo ao idioma Galego.

Seica foi xente falar con el de normalización lingüística e el lles dixo que a el non se lle impuña nada.

Seica Pepe Castro di "Ponteareas" e non Ponteareas que é como se debería dicir.

Seica agora vai haber festa polas letras galegas cando o Concello de Ponteareas nunca escribeu unha só letra en galego.

Seica os concurso de "Bailes Rexionais" ou de "Gaita" sonche feitos en español.

Seica nos toman o pelo.

Seica Bouza Brey tiña un poema titulado "Ponteareas"

Seica toda a súa obra literaria foi escrita en galego.

Seica nos toma o pelo.

Seica agora que vai ser o día de Bouza Brey todos queren chupar.

Seica Pepe Castro é un deles.

Seica se debe facer algo...

Seica o nome dun coléxio será "Bouza Brey".

Seica unha casa vella vai ter ali unha plaquiña.

Seica non sei se a placa vai ser escrita en galego ou español.

Seica se pasa.

Seica vai pasar o día e pasará a romaría.

Seica despois "Cara al Sol con la camisa nueva..."

Seica todos queren aproveitarse.

Seica hai unha jrádio e unha televisión ilegais que emiten en castellano.

Seica Ponteareas é Castela.

Seica ninguén dirá nada.

Seica algo vai pasar...

Convido desde estas páxinas de A Nosa Terra a todos os galegos e galegas a boicotear os actos feitos polos Concellos de Ponteareas con motivo da celebración do Día da Letras Galegas en homenaxe a Don Fermin Bouza Brey.

Seica o día 31 de Marzo vai haber festa con motivo do 91 aniversario desde que naceu. En Ponteareas haberá unha grande

Seica que agora vai haber festa polas letras galegas cando o Concello de Ponteareas nunca escribeu unha só letra en galego



farsa. Un home chamado Pepe Castro vaise burlar de toda unha nación.

En solidariedade co galego todos os días da vida. Manifestémonos o día 31 con motivo destes actos. ♦

MARCOS LÓPEZ

Unha obra mestra (Resposta a Bernardo Maiz)

Todos coñecemos a simpatía de Suso de Toro polo PSG-EG e por Camilo Nogueira. Feitos así poden influir moito á hora de coller

o bolígrafo, mais non é o caso. Suso fixo un traballo tan obxectivo como o faría calquer outro narrador de tan alta alcurnia coma el. Haiche poucos, meu amigo! E non se menciona en nengun momento nen en nengunha parte do libro a Galiza Socialista ou a outras forzas por si sós como únicas abandeiradas do antifranquismo galeguista.

Ah, meu nobre crítico! Quéixaste das longuísimas citas a Ramón Piñeiro. Alegas que non sabes a que veñen, posto que Camilo non é piñeirista. El tamén o manifesta (páxina 38): "Nunca fun dos asiduos á camilla de Piñeiro..." Mais todas as citas a Piñeiro son obrigadas. Sería igual ca falar dun Castela ou dun Risco, que ven merecen tema a parte.

En nengun momento Suso conduce aos entrevistados onde el quer, só fai preguntas precisas

sobre os temas obrigados. Non só o PSG tiña rivalidade co PC, senón tamén a UPG (ti, meu amigo, non a mencionas). Por outra banda, nengun nacionalista pensa que é inxenuo dicir: "Galicia é un país estranxeiro. E marxinado", como ti ben pensas. Non creo que veña ao caso criticar tan duramente a andanza de Camilo pola UPG dicindo: "porque non habia outra cousa", cando o culpábel de que Camilo ingresase na UPG foi Ferrín. Loitouse contra o ponto de vista de "un país, un partido", segundo as manifestazóns de Xosé González (páxina 157).

Comparto a opinión do entrevistado cando di: "non hai ningunha

posibilidade de que Galiza non poida estar no mercado común e ser un país próspero". Temos que abrírnos como nazon e como estado á nova Europa que se está criando. Se hai algun culpábel de que a CEE medre co sangue dos labregos galegos, é o

governo español. Se Galiza se rexese por si mesma, non habería nengun problema para formar a Europa dos trece.

Tamén coincido na opinión de que "a través dun poder político e económico propio podemos impoñer as nosas condicións". Tampouco se manifesta esa teima anti Bloque nen anti Beiras que ti dis. Méndez Ferrín di (páxina 304): "...Camilo non leu os libros que leu Beiras, e Beiras non leu os libros que leu Camilo. Non forman parte da mesma panda. Non teñen a mesma formazón. É de coco". E máis abaixo, Beiras manifesta que non hai confrontación entre el e Camilo dicindo: "...aínda na hipótese de que pola parte de Camilo puidese existir, nesa hipótese non pode existir pola miña. E polo tanto non hai confrontación".

Penso que Suso, no seu libro, deixa constancia da súa excelente dote de narrador. Non se manifesta na obra unha inclinación cara unha ou outra banda. Segue unha traxectoria recta, e como xa dixen anteriormente, obxectiva. Este último libro de Suso de Toro é unha magna obra. E sobretodo, unha memoria de esquerda nacionalista. ♦

PEDRO BARREIRA SALGADO (LOURENZA)

Democracia e pobo maila Fonsagrada

Vendo a actuación dos nosos políticos, en todos os eidos, estatal, nacional, provincial e local; quizá cheguemos á conclusión de que esta non é a democracia pola que moitas xentes durante o franquismo, primeiro, deron a vida e que na transición outras moitas predicaban entusiasmadamente.

Os feitos amosan que esta política corrompida desde a súa base non é nen a forma de goberno na que o pobo ten nas súas mans o poder para o seu beneficio nen o

Vivimos no mellor dos mundos posibles (Felipe González)

A Europa das cidades, mensaxe socialista de agora, non é, como din algúns, un modo de combater a Europa dos povos, máis ben é unha forma de suplir a carencia doutros proxectos tanxibéis. Ademais Francisco Vázquez aínda non se decátou de que neste país o 63% da poboación vive en núcleos rurais (o que non quer dicir que viva do agro). A Europa das cidades leva camiño de unirse a outras obras similares: o Proxecto 2000 e As tribulacións dun chino en China. ♦



Come polvo, comeza o seu goberno cunha xuntanza de gaiteros e agora pide un traxe de galego. Descrebir a Fraga é como observar un vello calendario. ♦

Leopoldo Torres, fiscal xeral do Estado, non admitiu unha proposta de HB, porque "eu non admito propostas de delincuentes". De seguido cerrou o despacho da fiscalía e pediu un taxi. Quedara a cear con Juan Guerra e Garcia Valverde. ♦

O Palacete da Xunta en Madrid non é que

CLEMBUTEROL

CLÁUDIO LÓPEZ GARRIDO

Os aváncos técnicos nom podiam explicar que os piores jatos do mercado, após unha breve estancia en Cataluña, voltassem ao punto de orixe com a conformaçom dum **Ben Johnson** e a baixo preço, apesar do custo do transporte e mortandade no mesmo. A crise do sector cárnico galego, muito mais grave do que a do leiteiro, nom é alheia a esta competência fraudulenta.

Restou-se-lhe importância às primeiras intoxicaçoms e, agora, mesmo se di que o problema é de sobre-dose. Por algo somos unha potência mundial no envenenamento por metílico, salmonellas, axeite de colça ou em índices de colesterol infantil.

Para tranquilizar à opinião pública, detem-se alguns gadeiros, carneiros ou "camelhos"; mas o clembuterol vende-se nas farmácias veterinária sem receita, como o resto dos medicamentos, ou oferece-se, como composto vitamínico, polas casas. A sua aplicação à nutriçom animal é um achado científico que enche de orgulho aos investigadores, igual que as tetas de silicóna.

As hormonas som o símbolo da agricultura moderna. A sua utilização está permitida no paraíso gastronómico dos USA; mas a excedentária CEE nom se atreve a legaliza-la, apesar do informe favorável dos expertos, por temor às consequências sociais num agro sem possibilidade de emprego alternativo.

Nos santuários da corrupçom, especulaçom e lucro fácil e rápido, acredita-se que o cidadám, idiota como votante, tamén o é como consumidor. A sua defésa nom é simples assunto de economia doméstica, senom eixo de estratégia política, embora nom seja tam importante como a discussom da ordem do dia na sessom parlamentar. ♦

P.S. Susinho: O que hai, bem se vê.



tipo de organización política e social na que o povo participa de maneira activa e efectiva en todos os procesos que teñen lugar na sociedade.

O pensamento marxista considerou en todo intre que a democracia burguesa (actual) era unha forma de goberno que había que esmagar. Segundo afirma o propio Lenin: "É natural que un liberal fale de democracia, un marxista sempre se preguntará para que clase?" Non se pode falar de democracia total, xa que a un desposuído non sempre lle será posíbel ser democrata igual que un individuo da clase dominante, sobretudo mentres non se leva a cabo ese tan cacareado principio de "igualdade de oportunidades".

Botar unha ollada a calquer parlamento significa encher o corpo de depresións e sospeitas

Non hai nengunha dúbida, que vivimos nun país democrático se a súa definición corresponde á concepción que dun xeito ou outro se nos está a vender desde as esferas do poder e coa consabida conformidade de certos medios de comunicación, consistente en votar unha vez cada catro anos para elixir un novo goberno ou dar a conformidade ao que existe no momento de celebrarse a elección. Tampouco se pode dicir que non vivimos nunha democracia formal, xa que a Constitución española recolle unha serie de principios, moitos deles aceptados internacionalmente, que non merecen nengunha crítica no que aos seus postulados se refire pero que merecen dun xeito tallante e rotundo a crítica máis absoluta no tema da súa materialización. Efectivamente, no seu preámbulo recolle que son fins dundamentais do Estado os da distribución da riqueza e compensación das discriminacións reais que proceden da natureza ou da sociedade; preceito que non se ve polas ruas nen polos distintos sitios nos que fisicamente nos atopamos (pergúnteselles aos veciños da Fonsagrada, se se distribue a riqueza con eles ou se lles compensa das discriminacións que dun xeito ou outro padecen por consecuencias da natureza ou da propia sociedade).

Segundo os inquérutos que se están a levar a cabo por diferentes institucións parece ser que os cidadáns empezan a mostrar desprécio, non sei se total ou absoluto, polos partidos e os políticos, pero, é preciso preguntarse: "Desprécian a todos? ou o sistema en si tal e como está configurado na actualidade?"; coído que o desprécio é para os que están actualmente dentro do mapa político, xa que os partidos están a ser clubes de amigos para a defensa dos intereses particulares e os políticos están a ser seres avarentos que antes de deixar o poder serían capaces de facer calquer cousa pódense comparar cos "Lagartos" invasores do planeta terra na serie de televisión "V". Non é samente o desprécio nos inquérutos senón a escasa participación electoral que elección tras elección se está revelando. Se os gregos dician que democracia era "o goberno do povo", hoxe os chamados occidentais comprobamos como a democracia é cada vez máis o go-

verno dunha minoría elitista que utilizan a política como trampolín para a súa propia sobrevivencia.

A pregunta xurde: Mentres, o povo que fai? Por que consinte?, a resposta pode ser de dous tipos a xuízo dos sociólogos. En primeiro lugar, os dirixentes son o reflexo do povo, quer dicir, reflicten unhas características vitais que a nivel individual están dentro de cada un de nós ou a segunda, é que somos vítima dunha manipulación permanente e total desde diversas ópticas. Non sei cal das dúas elixir, porque é de difícil elección, pero non obstante quizá me atreva a afirmar que están presentes as dúas, a partes iguais, se por unha banda estamos nunha sociedade que carece de valores espirituais ou que a escala de valores está cambiando, por outra, esa mesma escasez de valores fan que exista unha manipulación ben recibida ou na que existen unhas boas condicións para o seu cultivo e posterior desenvolvemento.

Estamos ante unha auténtica democracia, despois da exposición anterior? Coído que se pode afirmar que non, xa que os niveis mínimos que fan posíbel este sistema non se cumpren en ningún senso. Se á escasa participación lle engadimos a nula preocupación e unha economía que é o fin da sociedade podemos comprobar que a actual democracia non chega nen á categoría de orgánica, unicamete iguala a esta na vertente gastronómica (xa que aos dirixentes de ambas as dúas teñen unha grande inqueranza por comer coa disculpa da dignidade do cargo, ago do que discrepamos porque un cargo é tanto máis digno canto máis cerca está do povo).

Son as Asembleas Populares que de xeito espontáneo xurden pola xeografía estatal a solución ou subsanación dos vicios do actual sistema? Se por Asemblea entendemos xuntanza de todo o povo pódese afirmar que si debido ao escaso ou nulo funcionamento das institucións que tiñan que exercer o control do poder executivo. Botar unha ollada a

ELAS GAÑAN MENOS

NANINA SANTOS

O goberno central insiste en que a Constitución é garante de igualdade, de non discriminación por razón de raza, relixión, sexo (art. 14).

Se de igualdade de sexos falamos, paga considerar, non obstante, a responsabilidade do goberno na discriminación salarial e de contratos.

No sector público as mulleres que teñen contratos indefinidos gañan unha media de 488.700 pesetas menos ao ano que os homes. En troca, se o contrato é temporal, elas gañan unhas 50.000 pta/ano máis que os varóns. Iso si, entre contratos indefinidos e temporais, hai diferencias salariais de un 38% a favor dos fixos. (No sector privado elas sempre gañan menos que os homes: 237.100 pta/ano para as contratadas indefinidamente e 222.400 pta/anos se o contrato é temporal).

Ou sexa, que o goberno do PSOE (coa mediación dos seus xestores e co acordo dos sindicatos en liza á hora de negociar os convénios), ten que resolver o dilema: Ou deixa de predicar ou dá trigo. Que non vale criar un Instituto de la Mujer para defender a igualdade e discriminar, no sector que funciona con fondos públicos. Mentres, podemos ir anotando "atrasos". De 1991, o 18,6% menos que os homes. ♦

calquer parlamento significa encher o corpo de depresións e sospeitas, a maior parte dos deputados non saben nen onde se atopan, polo que estas Asembleas cun auténtico mandato imperativo poden exercer a representatividade da que actualmente adolecen os organismos.

No eido estritamente local quizá se poda facer referencia aos Concellos Abertos como fórmula idónea de xestión con representantes no mesmo de todas as parroquias que compoñen o concello.

E preciso que o noso sistema funcione, aquilo que Felipe González dicitia no 1982, antes do "gato pardo, gato negro que máis da", que o cambio era precisamente iso, que funcione.

Os meus veciños da Fonsagrada, aos que coa vénia do Director deste entrañábel semanario, dedico estas liñas, deron unha lição de poder, o poder do povo que non se pode confiscar e seguramente lles pasará aquilo que dicitia LAO-TSE: "É fácil borrar as pegadas, pero é difícil camiñar sen pisar o chan". ♦

XOSÉ G. PACIN
(A FONSGRADA)

Un par de receitas para sermos solidários desde a casa

Ás veces, parécenos imposible desde a nosa posición de cidadáns —consumidores, preferirán chamar outros— individuos participes dun povo, trocar ou simplemente matizar certas relacións políticas ou macro-económicas que se estabelecen lonxe do noso alcance.

E poda ser que certamente caíamos coas nosas voces no testemuñal mais nunca gratuitamente.

Erguer a nosa palabra solidária contra a opresión no mundo, rechazar os argumentos que condenan á pobreza e a fame a media poboación mundial, alertar ecoloxicamente a un mundo que non fai senón mirar para o embigo humano son elementos básicos cara a construción dunha nova orde mundial ou, se se prefer,

saira caro, é que o intermediario foi Angel Mario Carreño Maribona. Descoñécese a cifra exacta da comisión, pero cando era Conselleiro da Cotop soian denominalo **Mister 4%**. Tendo en conta que o palacete valeu 2 mil millóns, saen unhas... ♦

Telexornal de meiodía, Domingo 16. Primeira noticia: uns encarapuchados rouban 26 mil pesetas a unha parella. Entrevistas e descripción. En contra da restante lóxica televisiva (habitualmente tranquilizadora) a noticia sementa alarma e temor desproporcionados. Segunda noticia e seguintes: exitosa campaña de recollida de moluscos na ría de Noia, a industria conserveira proporciona gran número de postos de traballo, o granito galego expórtase con éxito, novo aparato médico no hospital xeral. Conclusión: Galiza avanza victoriosa con Fraga, pero hai que estar ao axexo porque uns poucos desalmados sen principios queren destruírnos este paraíso (bibliografía ao caso: Psicología de masas do fascismo). Os telexornais teñen tan pouco que ver coa realidade que até é posíbel que os filmen todos xuntos e que os emitan por capítulos, como os seriais venezolanos. ♦

El Correo Gallego ven de publicar un libro cun chamativo anuncio na contraportada do hostel "Mi aguila". No mesmo aparece a gran tamaño a aguila imperial do escudo franquista, o xugo e as frechas e unha imaxe do val dos caídos. De susto. ♦

A mesma semana que se comezaban a aplicar as cuotas lácteas, as *Nuevas Generaciones del Partido Popular* encolaron os balados cun cartel que amosaba a un home botado sobre unha muller no leito sobre o lema **pasión por Europa**. A iso



ANXO IGLESIAS

Vendedores ambulantes recollen firmas na rúa viguesa do Príncipe en contra da súa expulsión. *Non temos outro traballo e tampouco nos deixan vender, non facemos mal a ninguén* afirma Ahmed, inmigrante marroquino. *Din que perxudicamos ao comercio, sinala, pero nós non somos competencia para eles. Quen si o é, é o Corte Inglés.* ♦



A ALDEA GLOBAL

chámasele visión de futuro e conexión coa sociedade. ♦



Dous bancos do Pakistan reclamaron no Tribunal Supremo daquel país contra unha decisión dun tribunal islámico que prescribiu que todas as operacións financeiras debían realizarse **sen interés**. A decisión do Tribunal Federal Islámico considerou que todos os intereses bancarios debían ser calificados de usura (a usura está prohibida polo Corán). Con isto compréndese moito mellor a cerval oposición de Occidente ao **integrisimo**. Tócalle o punto fraco. ♦

No Paraguai, o guarani ven de ser admitido como lingua cooficial. O idioma índixena é coñecido polo 90% da poboación e falado en exclusiva polo 40%. Non está mal tardar **500 anos** para constatar legalmente a evidencia. ♦

dun desenvolvemento sostibel.

Mais, que poderemos fazer nós desde a casa polo mundo?

Se nos decatarmos da necesidade destas tres premisas —ampliábeis loxicamente— xa teremos dado un primeiro importante paso. Se aplicarmos logo aquel máxima dos verdes alemáns "Pensa global, actua local" veremos a grande cantidade de accións mesmo individuais que son posíbeis. E van dou exemplos:

Participar na campaña anti-bloqueo a Cuba —non fai falta declararse comunista, nen ser sobriño de Fidel— aportando medicinas —como están a facer moitos médicos e farmacéuticos do país, e mesmo SEUR aporta o seu transporte gratuito— ou material de todo tipo e por suposto, denunciando publicamente esa sangrante situación da que son culpábeis os USA pero non menos os seus aliados.

Participar na campaña de boicoteo á empresa NESTLÉ que, sen nengun tipo de escrúpulo, disfarza de axuda humanitaria a súa entrada nos mercados africanos e asiáticos co leite maternal. Toda vez que un recén proba o leite de "regalo" tórnanse adicto rexeitando o peito da nai, coa conseguinte perda de defensas, o desmesurado desembolso económico, e o martirio da busca de auga en boas condicións de potabilidade, angustioso problema en tantos países!

É fácil continuar a enganarse e dicir que nada se pode fazer; dicir, por exemplo: iso nada ten a ver comigo. Dicer que son cuestións de relacións económicas ao máis alto nivel, que apenas podemos gobernar a nosa casa. O mundo depende de nós e nas nosas mans está trocar, paseniño, paseniño, fame e morte por xustiza solidaria. ♦

FRANCISCO SOUTO
(MUROS)

Policías e poemas

Nos momentos aparentemente máis complicados é onde se pode comprobar a verdadeira falha moral das persoas. A um já lhe

É fácil continuar a enganarse e dicir que nada se pode fazer



faltam palabras para calificar actitudes. Qué máis dá!... Trabalhemos para o futuro galego, independente e socialista.

O curioso é que incluso nas piores circunstancias un atopa raio-las que assoman polos recunchos máis insospitados. Na "Audiencia Nacional", tirado durante 14 (catorce) horas num chabolo cuadrado, sem nengun tipo de moble e sem máis luz que a de unha lámpara, podía escuitar à policía de guárda, todos eles galegos (contrastes coloniais!) discutir sobre a oportunidade ou nom da existencia do Exército Guerrilheiro, com curiosas teorizações pola sua parte que revelavam a semi-consciência da marginaçom da naçom galega de que nom sabiam se eram parte.

E tamém dá grande ánimo o ir lendo, nas paredes do reducido habitáculo, as consignas escritas por tantos militantes revolucionários que, depois de passar por situaçoms pouco gratificantes em maos das forças represivas, tinham folgos para gravar siglas e

ideais junto a um insitante "negao todo ante o juiz".

Incluso, um poeta galego anónimo tivo tempo a escrever uns versos, junto a outros em euskera e catalans, de carácter relaxante, que tivemos tempo a aprender de memória:

Polo mar abaixo umha troita vai,
com jeito se move
hoje quer bailar,
e ri-se aos que a miram
igual que um caimám;
rufa se move,
onde ela irá?
"bailar eu quigera,
amigas do rio,
bailar, bailarei,
ouvim a chamada,
sentim o cantar,
onde vós, irei!"

As horas, em certas situaçoms, som intermináveis.

Mentres, outros, tinham presa por descalificar, depurar, expulsar, anatematizar. Qué pena de almas em pena! ♦

MANUEL CARNEIRO GONZALEZ
(CARABANCHEL)

A COTOP e as vivendas sociais

A Coordinadora de vivendas sociais considera que nos atopamos nun momento especialmente decisivo no importante tema da vivenda social, debido a que a COTOP está a redactar o futuro decreto de adxudicación de vivendas sociais polo que xa se han rexer as da vindeira convocatória.

O primeiro borrador ao que tivo acceso a CdeV era claramente impresentábel desde unha perspectiva social, pois o único que facia era dar clara preponderancia ás familias con máis recursos.

A COTOP, segundo se nos comunicou na entrevista que o pasado Luns día 10 mantivemos, xa ten un novo proxecto, que, ainda que mellora o anterior borrador, mantén moitas das suas eivas. Así, segue sen garantir dun xeito definitivo que as familias con menos recursos, aquelas que teñen traballos menos estábeis, que se atopan no paro, na economía sumerxida (da que eles son as vítimas e non os responsábeis), etc. podan acceder a unha vivenda en condicións, que se axeite à sua situación sócio-económica. O novo borrador non considera máis posibilidade que a vivenda en venda, sen ter en conta que as vivendas en aluguer permiten maior flexibilidade para atender a eses colectivos.


En definitiva, continúa-se a eludir a responsabilidade que a Xunta ten no desenvolvemento dunha política social séria.

A C de V enviará à COTOP as suas propostas sobre a mellora do presente borrador, sobretudo no tocante à necesidade de demostrar "ter capacidade suficiente de pagamento" para o acceso à vivenda social.

Por todo isto queremos chamar a atención sobre a gravidade do problema, pois nos estamos a xogar o futuro dos miles de persoas que carecen dunha vivenda digna. É imprescindíbel facer un decreto máis xusto que o actual borrador da COTOP, sen que a Xunta eluda as suas responsabilidades sociais, deixándoas nas mans dos bancos, e deixando de atender xusto às familias que máis o precisan. ♦

COORDENADORA DE VIVENDAS SOCIAIS
(VIGO)

INFORMACION EN SESION CONTINUA



A radio é unha continua fonte de información. Noticias instantáneas, puras. Cando se producen e

como se producen. Automaticamente. Así é a radio. Grandes periodis-

tas que cambian a pluma polo micrófono. Para telo informado sen parar, de día e de noite.

A RADIO MARCHA

Os folkis, contra o proteccionismo e por unha plataforma que os represente

En Marzo celebrarán un novo encontro máis de dez grupos, compositores e cantantes

■ XOÁN MANUEL ESTÉVEZ

O vindeiro 11 de Marzo está previsto se reúnan en Santiago un fato de músicos galegos encadrados na etiqueta "folc", con todo o que de polémico conleva tal apelativo. Esta xuntanza vai precedida de outras dúas, previamente celebradas os días 9 de Xaneiro e 11 de Febreiro, igualmente na capital galega.


A falla de información concreta verbo do tratado até agora nestes encontros informais é unha constante nos distintos requerimentos demandados desde a redacción deste periódico. Os músicos interesados na creación dunha "Plataforma Folc Galega" non pasaron de reunirse para un simple intercambio de opinións, no curso do cal foron xurdindo distintos temas de comun interese para o colectivo que representan. Froito destas dúas convocatorias emitiuse un comunicado, no que denuncian unha situación clara de abandono e desinterese por parte da administración autonómica, trato discriminativo nos medios de comunicación de masas oficiais, ausencia de circuitos nos que realizar a súa actividade, así como inexistencia de vías de promoción e difusión. Máis non estar asinado por todos os participantes, o comunicado dá conta dos grupos e solistas que, coa súa presenza nalgunha das reunións, manifestan estar interesados en que a iniciativa vaia para adiante: Alecrin, Arco da Vella, Armegüín, Brath, Emilio Cao, o grupo de pandereteiras Leilía, Milladoiro, Muxicas, Na Lúa e Uxia, son algúns dos participantes, que nun futuro próximo pode engadir novos nomes, xa que no escueto comunicado conclúen: "... estando esta plataforma aberta ao resto dos grupos e artistas de música folc galega que compartan esta problemática".

Polémica artificial

Máis a denuncia institucional implícita no texto redactado, o sentir máis estendido na opinión dos músicos é o de refugar calquera tipo de mecenazgo que poida chegar de calquera organismo público. Esta



Ricardo Portela.



X.L. SUAREZ CANAL

idea foi motivo de polémica por parte dun xornal galego, que terxiversou a información até o punto de transguedila no sentido contrario á opinión máis estendida. Destinatario directo do publicado no seu día por "El Correo Gallego" foi o grupo Milladoiro; un dos seus componentes, Moncho García, comentou alporizado a A Nosa Terra

que "nós denunciámos o corporativismo e a subvención", en contra do informado no xornal compostelán. O nome estrela da música galega, coma colectivo artístico, asume a súa presenza na "Plataforma" coma observadores, "para romper coa lenda negra creada a carón de nós neste mundo artístico", engade García, que comenta o esplendoro-

so panorama que contempla o grupo actualmente: "a nós nunca nos foi tan ben; proba diso é que no vindeiro mes de Xuño estaremos en Alemaña, tocando coa "Orquestra Sinfónica de Stuttgart" no "Teatro da Ópera de Manheinn", para logo continuar a Finlândia, onde temos concertados tres concertos; entón, nós o que queremos é apor-

tar a nosa experiencia a esta iniciativa". A reivindicación institucional céntrana Milladoiro nunha maior dotación de infraestruturas, verbo das sás de concretos e centros de ensino, non para pedir subvencións. A respecto deste punto, Moncho García, que foi o representante do grupo na primeira xuntanza, manifestáanos: "tamén poden acusarnos a nós de protección oficial, pero cando fumos o ano pasado a Norteamérica, por exemplo, procuramos un patrocinador, que tamén podería ser unha firma comercial... foi a Xunta, pero a cambio difundimos propaganda do "Xacobeo 93" nos distintos estados onde actuamos".

O aludido comunicado, nomeadamente a súa manipulación, foi o detonante que deu pé a que algúns medios de comunicación se interesen por este xérmolo de unidade que anima aos músicos "con raíces"; e é aquí onde surge unha polémica real, verbo do carácter artístico que poida coller a "Plataforma" na súa posterior e previsíbel andaina: a variedade de tendencias que engloba tan diverso colectivo de músicos provoca que algúns dos seus integrantes non se identifiquen co apelativo "folc", decantándose polo de "música étnica"; en calquer caso, resulta evidente que todos parten, ou teñen como referencia, a música tradicional ou o folclore, agás o excepcional caso dos cantautores. Especie esta pouco estendida actualmente no noso panorama artístico; Uxia manifesta a este respecto atoparse sóia cando, no curso dunha das reunións, lamentou a falla de voces que canten no noso idioma.

No devir destes dous encontros, estableceéronse contactos que doutra forma dificilmente poderían producirse; moitos músicos coñeceráonse persoalmente nesta sorte de breve convivencia, e é posíbel que froito dela agromen novas e enriquecedoras experiencias artísticas. Outro tema tratado foi o papel das distintas televisións na difusión musical; déuse unha división de opinións verbo das distintas opcións dispoñíbeis: falouse a prol e en contra da presenza de músicos deste colectivo a carón de figuras comerciais, así coma do doado que poida resultar aparecer a ollos do espectador no marco dun decorado con clara estética "pop"; da necesidade de actuacións gravadas en directo... Todo isto esbozado, lonxe de calquera tipo de conclusión. ♦

CUESTIÓN DE DIGNIDADE

X.M.E.

A celebración destas reunións, por pouco pretenciosas que aínda sexan, evidencia a necesidade dunha auto-defensa que moitos músicos galegos senten no seu cotián deambular por cenários e estudos de gravación. O pasado ano foron as bandas de música, e o presente e máximo '92 estreouse con outro atisbo de reivindicación, con notas musicais polo meio. Resulta curioso recordar o manifestado no seu día polo desaparecido "Colectivo Paseñoño": "o gaiteiro era un personaxe moi valorado na Galiza a principios de século; parece ser que este rol foi esmorecendo cando apareceron as bandas de música". Pola súa banda, o egrégio Ricardo Portela, co gallo da creación da "Asociación de Gaiteiros", hai tres anos, laiábase: "o gaiteiro, habitualmente, víñase considerando o "tonto do povo"; nas festas cobraba o último, cando cobraba; tocaba para cubrir un recheo". Outro gaiteiro, desta vez dun consolidado grupo "folc" galego, comentaba a este informador que nun programa da TVG, o espácio estelar do mesmo, coa consabida única entrevista musical, ía ser reservada para un grupo "pop" madrileño, que por outra banda, servíriase dos servizos dun camerino, ao que non accederían os músicos galegos... claro que o plan inicial "televisivo" modificouse por mor da protesta negociadora dos artistas autóctonos. Un terceiro gaiteiro, desta vez mergullado de cheo na modernidade "folc", víña gozoso dun estudo de gravación de Dublin: "en Irlanda o "folc" é un fenómeno artístico e sociolóxico



Colectivo Paseñoño, xa desaparecido, 'o gaiteiro estaba valorado até que chegaron as bandas'.

máis; móvense moitos discos e moitos cartos a carón del, é unha manifestación cultural moi arraigada na sociedade".

É cuestión de dignidade o que, obxectivamente, move desta vez aos músicos galegos. Parece mentira pero é así. Podemos presumir de músicos recoñecidos polo mundo adiante, pero aquí o/a profesional que se precie

debe procurar incidir na totalidade das fases que conleva a creación e difusión artística. Non hai, certamente, infraestrutura.

Pola súa banda, o afeitoado atopa surtida a tenda de discos con produtos de procedencia variada, nomeadamente do mundo anglosaxón, e non adoita reparar nos condicionantes que determinan o resultado final do produto; apenas se lle dá importancia a factores como un estudo de gravación, a incipiente industria musical... Os músicos, en xeral, esfórzanse en desafiar as limitacións condicionantes, e os grupos e solistas "folc" teñen tecido paseñoñamente o esplendoroso panomara "folc" que disfrutamos no noso País; os canles difusores (nomeadamente emisoras radiofónicas) parecen xordas, mesmo inconscientes da problemática que os envolve; téimase no ben gravado, no tecnicamente "perfecto", pero menos nos medios para conseguilo: "non valoras por igual o cine cubano que o cine de Hollywood", comenta X. Paz Antón, músico de Na Lúa, que engade: "eu pertenzo a unha cultura de resistencia". ♦


A variedade de
: tendencias
: provoca que
: algúns non se
: identifiquen co
: apelativo folc.

7 DIAS

■ Noticias de *Azos de Esguello*

A polémica que arrastra consigo *Azos de Esguello*, gañadora do Alvaro Cunqueiro de textos teatrais, está criando verdadeira expectación cara a obra. O autor da peza, Euloxio Ruibal, fixo público un comunicado días despois da rolda de prensa conxunta CDG-IGAEM, onde pontualiza que si existe un compromiso expreso do Conselleiro de Cultura de producir a súa obra desde a unidade de produción institucional, aínda que "ao parecer hai un interese excesivo en desfacerse da obra. Ignoro as razóns. Algunha xente que a coñece séntese obrigada a sospeitar na pantasma da censura, tendo en conta que a súa temática incide na actual realidade política".

Ruibal chega a proponse, "para evitar que a miña obra sexa motivo de discórdia e envelene o ambiente teatral", que se retire o seu texto, renunciando ao dereito que lle corresponde segundo as bases do certame que gañou, pero esixe como condición que a compañía de Xoán Cejudo, que ia ser o director, sexa a encargada de levar á cena unha peza dun autor galego vivo. ♦



■ Mil festas para a lingua galega

O vindeiro 21 de Febreiro ás 13 horas, a Casa da Cultura do Concello de Redondala acollerá aos representantes de máis de 40 concellos galegos, que asumirán un manifesto que recolle as liñas básicas da campaña de normalización lingüística das festas populares que o concello pontevedrés ven publicitando desde 1986.

Segundo Xaime Rei, alcalde da vila dos viaductos, a convocatoria segue aberta aos concellos que finalmente se apresenten, e persegue conseguir que as festas populares non se afasten ano a ano da nosa lingua. "En liñas básicas trátase de que o 40% do repertorio das or-

questras se interprete en galego; que os animadores e presentadores se expresen na nosa lingua; que as comisións acorden cos curas que a Misa Maior se realice no idioma dos galegos; que se cumpra a lei de símbolos no tocante ás bandeiras que adornan as ruas e o campo da verbena e que os concellos só subvencionen os carteis das festas se están en galego.

Outra das iniciativas que van sacar adiante, apoiada tamén pola Dirección Xeral de Política Lingüística, é a edición dun disco con catro cancións actuais na súa versión ao galego, para que os grupos que están durante o inverno ensaiando os novos repertorios se animen a facer versións galegas. ♦

■ Un ano de *Escola de Imaxe e Son*

Catorce alumnos co título de Técnicos Superiores de operacións con cámara, nove de son e dezaioito de

posproducción, é o resultado da primeira promoción que remataron no mes pasado os seus proxectos de fin de curso na EIS de A Coruña. Neste ano de funcionamento os 91 alumnos admitidos, produciron trinta

documentais, cunha media de cinco minutos de duración; doce curtametraxes de ficción, dez programas de rádio, clips musicais, publicitarios, reportaxes con foto fixa e vinte realizacións de

programas televisivos.

Várias das producións dos alumnos proxectáronse no Centro Galego das Artes da Imaxe e foron emitidos algúns programas por Radio Nacional. ♦

■ Convocan subvencións para editoriais e traducións

A Consellería de Cultura fixo públicas as ordes de subvención para produción de libros en galego e traducións doutras linguas á nosa. No manifesto de intencións a Consellería xulga necesarias estas axudas "para acadar unha maior normalización do sector (...) e deste xeito os cidadáns de Galiza poder acceder a máis e mellores libros a uns prezos equiparáveis aos publicados noutras linguas, e os escritores galegos, por outra parte, terán menos dificultades para publicar as súas obras de creación".

As subvencións a editoriais non poderán superar as 450.000 pesetas por título, consistindo no equivalente ao 75 por cento do prezo de venda ao público. Finaliza o prazo de presentación o 31 de Outubro.

No tocante a traducións a contía abalará entre o 40 e o 75 por cento do estricto custo de impresión, para aquelas obras non de creación (comics, grandes proxectos editoriais...). Para a tradución de obras orixinais noutras linguas, consistirá no libramento do importe de tradución segundo as tarifas da Asociación de Tradutores. ♦

■ Mulher e cultura

Con este título vaise celebrar un simpósio internacional os días 27, 28 e 29 deste mes en Santiago, organizado pola AGAL e o departamento de Didáctica da Língua e Literatura da universidade compostelana. Leeranse 70 comunicacións e presentaranse 20 ponencias, entre as que se conta coas de María Xosé Queizán, Elvira Souto, Pilar García Negro ou Victória Carvalho Calero. As xornadas serán presentadas por Araceli Herrero, Aurora Marco e Helena Alvaredo. ♦

■ Volve Galicia no tempo

A exposición que tanto éxito acadou en San Martiño Pinário, estivo concebida polos seus organizadores, como un proxecto que permitise rehabilitar e adecuar espacios de exclusivo uso relixioso, para a actividade cultural. A rehabilitación de San Martiño vaise continuar agora, pensando na celebración do ano Santo. Nunha recente reunión entre o Conselleiro de Cultura e Arzobispo Rouco Varela, sentáronse as bases dalgúns dos proxectos previstos. Fundamentalmente deuse paso ás exposicións *Santiago en América* e *As peregrinacións a Santiago*. ♦

AS CERAMICAS DO
CASTRO E AS DE
SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O
LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA
E O **SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS**

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Leituras

Série negra autóctona?

Crónica de sucesos de Ramón Caride

No nº 502 de A Nosa Terra, Ramón Caride Ogando publicou un artigo titulado "Claves para unha *série negra* galega"; claves que reeditaban a vella noite na que todos os gatos son pardos. Para o noso autor a *série negra* é "máis unha mirada, unha visión do mundo, presente mesmo en obras ás que habitualmente non se lles coloca esta etiqueta, antes que (...) un conxunto de regras ou normas estándar ás que teñamos que facer referencia continua, sexa para respeitalas, sexa para transgredilas". Esa mirada, esa visión do mundo inclúe, entre outras claves: "ironía, retranscrición, distanciamento através do recurso ao humor"; "a maraña de relacións non formais que envolve a cotío e se superpón, entre nós, á estratificación social"; "a violéncia como expresión dun conflito da sociedade co exterior e consigo mesma, sexa através da narración da decadencia do mundo rural tradicional, sexa na negación do propio pasado nas clases urbanas emerxentes", etc.

Estas son algunhas das claves, non todas, para criar unha *série negra* galega que propón Ramón Caride Ogando. (Quen queira saber máis, ao citado artigo me remito) Ben; penso que as claves que propón o escritor galego entran facilmente na *série negra*, mais son tamén claves ou punto que propuxeron todos aqueles que propuñan ou defendían o realismo (socialista, dialéctico, neo-realistas, realismo-suxo, etc.), mesmo aqueles que estaban contra o relato policial —Ramón Caride rexeita o concepto de "relato policial"; non hai que ter medo ás palabras, xa que se sabe que a partir de Hammett, Tracy, Thompson, Burnett, Chandler, etc.,

que dicir, desde o momento en que o relato policial deixa de ser un xogo da mente e se converte en novela, "espello das relacións dos homes no seo da colectividade en que se inscribe a súa existencia" (R. Caillois *dixit*), a novela —o relato— só é policial porque hai policía no mundo (ou non?)

As claves que dá Ramón Caride Ogando son as claves para un posíbel realismo que, de verdade, nunca existiu na literatura galega. É máis, estas claves pódense aplicar a moitas, demasiadas novelas, co que vai resultar que a "série negra" galega conta cun bon mangado de obras mestras: *A esmorga*, *Land Rover*, *Os Comedores de Patacas*, *Xente no rodicio*, *Non hai misericordia*, *Os mortos daquel verán*, *Arraianos*, etc.

Penso, tamén, que non hai que ter medo á literatura de xénero (son dos que pensa que existen xéneros na literatura; cousa que, por outra banda, nada quer dicir, xa nos avisara Luis Cernuda que Hammett era superior a Hemingway), e a *série negra* é filla lexítima da novela policial. E só buceando nas potencialidades da novela policial e as súas variedades pódese dar unha novela "negra", xa que logo, de xénero, na Galiza. Sen medo a nomeala policial, xa que na Galiza tamén hai policía.

No que si estou de acordo —completamente— con Ramón Caride é en que na búsqueda de referencias na novela negra americana por parte dos autores galegos é onde radica "o fracaso parcial da maior parte de canto, neste eido, se leva publicado por autores galegos". Mais tamén comprirá suliñar a maior



Ramón Caride.

parte dos autores galegos que escriberon novela policial, leron dous ou tres autores de novela negra americana e non souberon tirar as lições pertinentes —deixemos, de momento, fora o talento.

Non fai falta, xa que logo, reeditar a vella noite na que todos os gatos son pardos para encontrar "série negra" galega mesmo onde non existe. Para criar unha posíbel novela policial (e se se teñen medo das palabras

búsquese a etimoloxía de policía) só fai falta talento... e experiencias sinceras, aínda que sexan falidas.

Todo este —demasiado— longo prolegómeno ven dado pola nova publicación dun libro narrativo de Ramón Caride Ogando, *Crónica de sucesos*¹⁾. No citado artigo víñase a dicir que neste libro intentárase facer —ou seguir as claves— todo o que se dixera. A valoración dos resultados, dicía Caride, xa non me pertence. Intentemos, xa que logo, nós unha avaliación.

O volume consta de once crónicas ou relatos, diversos entre si, atravesados por dous elementos comuns a case todos eles: unha escrita demasiado lírica e a ideoloxía omnipresente do autor. Por outra parte hai neste libro relatos de toda caste: fantásticos, realistas, amorosos, etc. Relatos que ás veces están conseguidos no seu desenvolvemento mais que o autor non soubo rematar e deulle un final máis ou menos fantástico, cando o ritmo interno do relato non o permitía: "Crónica I", "Crónica III", e "Crónica IV". Final que por outra banda promete o prólogo introductorio do autor, cheos de lirismo e ideoloxía que nada, por certo, teñen a ver coa obxectividade da "primitiva" *série negra*.

Alguns relatos son simplemente relatos fantásticos lidos centos de veces mais que o autor non consegue elevar debido ao impróprio uso da ironía —ou, se se quer, ao seu non uso— e a que non é no relato humorístico onde mellor se move: "Crónica V". A mesma impericia para o humor e a ironía impede transformar en relato con-

seguido a vella anécdota do cazador cazado: "Crónica VIII". Outras veces o autor quer transformar a crónica dun crime rural en algo máis e quer dar a coñecer as causas profundas: "Crónica IX", "Crónica IV", mais debido á intervención ideolóxica do autor —e a que aos seus protagonistas acontecénelles todas as desgracias do mundo, quer dicir, pásanlles todas as cousas, e xa dicía P. Highsmith que non conviña sobrecargar de peripécias e desgracias ao protagonistas de relatos— todo queda nunha contra-crónica de sucesos sen que se chegue a aprofundar máis. A mesma intervención ideolóxica do autor —castigando, ou condenando a un dos amantes— estraga un relato sobre o desamor como é a "Crónica XI".

Mais onde máis falla Ramón Caride é naqueles relatos ou crónicas onde narra un crime. Falla porque non sabe criar a atmósfera, o climax, necesario para entregar ao lector os feitos nus, desideoloxizados, obxectivos. Quizá debido ao exceso de lirismo da prosa. Quizá debido á presenza constante do narrador que mesmo chega a estragar, polo seu intervencionismo no final, o mellor relato do volume, a "Crónica V".

Crónica de sucesos non é un libro de relatos de "série negra" (mesmo se aplicamos as claves do autor). É un mangado de relatos que demostra que o seu autor sabe proponer unha historia, que ás veces sabe desenvolverla, e que nos remates falla demasiado. Tamén o presente volume demostra a sinceridade, a autenticidade, do seu autor, empeñado nunha búsqueda que aínda non deu os frutos desexados, mais Ramón Caride non se apuntou a unha moda máis ou menos efémera, intenta un camiño e non quer enche-lo só de boas intencións. Esperemos, xa que logo, novos frutos. Iso si, que non se empeñe en teorizalos. ♦


XGG

1) Ir Indo. Narrativa nº 5. Vigo, 1991. 172 páx.

conta de libros

Textos sobre o movemento verde

Faltos de materiais informativos sobre un dos movementos alternativos de máis pulo nos últimos anos, a *Editorial Revolución* danos este documentado traballo do xornalista Jorge Riechmann sobre os grupos ecoloxistas e os partidos verdes en Holanda, Alemaña e Francia, co título de *Problemas cos frenos de emerxencia?* ♦



Para nenos de máis de doce anos

Case medio cento de títulos ten editado *Galaxia* na súa colección *Arbore*, orientados segundo a cor das súas capas desde os máis pequeniños recén iniciados na lectura até maiores de quince anos, e

por suposto para adultos. *Chano* é unha persoaxe que lle serve de título a David Otero para contar as mil aventuras deste neno coa súa cuadrilla, acompañados do can Simbad. ♦



Unha novela finalista

Sabor a ti de Miguel Suárez Abel chega ao mercado co aval de ter sido finalista no Xerais deste ano que gañou Fernández Ferreiro. Suárez Abel conta unha historia de amores difíceis ambientada nun Instituto de Bacharelato, con trama traxica incluída. O autor ten-se popularizado coa súa novela *Turbo* e

a súa reportaxe sobre o ciclista *Alvaro Pino*, todos eles en *Xerais*. ♦

contos da néboa

Ánxel Fole



Clásicos galegos

Galaxia xoga coa vantaxe de ter nos seus fondos as obras dos mellores autores galegos da primeira metade de século. Aínda que máis paseniamente do que quixéramos, ven fornecendo ás librerías novas edicións dalgun deles como os *Contos da néboa* de Ánxel Fole, o escritor lugués que a AELG no seu día pensou en propoñer para o Nóbel. ♦



Textos para representar

Manuel Lourenzo edita cinco pequenas obras dirixidas a públicos novos, que fornecen textos para representar que tantas veces se botan de menos nos fondos das nosas editoriais. O volume de *O Castro* titulado *Forno de Teatro Fantástico* inclúe *Patrício e a fada*; *O armacén dos artistas*; *A sensación de Camelot*; *O sono das cidades* e *O bosco máxico de xabarín*. Está ilustrado con láminas de Xesus Pisón. ♦

Música



Popular,
mais selecto

“Raparigos”:
*Tempo
entre amigos*

A editora “Sons-Galiza Discos” contempla entre as súas iniciativas musicais a recuperación do noso patrimonio folclórico, e neste intento a colección “O gaitero de Soutelo 2”, serve de tarxeta de presentación dunha nova gravación do veterano grupo ferrolán “Raparigos”.

Tempo entre amigos é o título dun álbum, que comeza cun tema, “Na Illa”, gradualmente desenvolvido na súa interpretación: a breve introdución dunha gaita solitaria, axiña dá paso a un perceptíbel repiqueo, cabe supor de tarrañolas, para que pouco despois a percusión redobre o ritmo lento que, de seu, posúe a composición. Cando esta conclúe, o espírito do ouvinte xa está predisposto, e entón soa unha “Xota”, na que o son da gaita leva tras si o sempre decisivo acompañamento de bombo e tambor, soporte vital no seguinte tema, un “Pasacorredoiras”; quer dicir, a percusión unhas veces serve de componente secundario, como reforzo efectivo da formación, e outras chega a marcar e mesmo condicionar o desenvolvemento do tema na súa totalidade, pasando entón a un primeiro plano. Os temas sucedense, e con eles a rica variedade do noso folclore queda patente máis unha vez, salientando o nome de Casto Sampedro entre a nómina de folcloristas que surtieron o repertorio do disco. Da danza pásase ao acougo coa máis perceptíbel naturalidade, e a variedade de combinacións entre tan reducida familia instrumental agrádecese na atenta escoita do afeizado; mérito o de Raparigos, que demostran neste seu último traballo non seren intérpretes limitados. Persoalmente, opto por un tema, “A Cabaleira”, como mostra esplendorosamente rítmica, mesmo antolóxica, do noso folclore actual. “Follas novas”, significativo título, serve de enlace a unha sucesión de temas que todos ouvimos algunha vez, e por se algun divulgador radiofónico cae na afortunada tentación de promocionar o disco, comunicarlle que esta sorte de “potpurri”, máis a súa prolongada duración, pode servir de “tema central” do disco.

Este “Tempo” serve perfectamente para festas e romarías, pero é igualmente recomendábel a súa degustación escoitando detidamente no “prato” habitual, a xeito de reducto ecolóxico na urbana habitación, por exemplo. ♦

X.M. ESTÉVEZ

Pequena pantalla

Bons
programas
con poucos
médios

*Fé de Vida, a
memória dos vellos*

No precario segmento da programación da TVG etiquetado como de produción propia, e se exceptuamos concursos e “magazines”, con demasiada frecuencia atopamos o despropósito ou a chafallada habilmente vendida polo avispado de turno. O último exemplo (tamén o máis espectacular), non visto pero amplamente difundido, sería o presumíbel fiasco da serie sobre os galeóns de Rande onde, ademais dos buques, semella que tamén quedaron “afundidos” unha boa porrada de cartos públicos.

Ven esta introdución a conto de que desde hai unhas semanas podemos ver un espazo de modesto presuposto e moi agradábeis resul-

tados. *Fé de vida*, realizado por Elvira Varela, tan só pretende contar anacos da vida de anónimos vellos e velloras do país, narrados por eles mesmos e respondendo á cita de Castelao coa que se inicia cada capítulo: “Cada vida é unha novela que se perde”. Novelas que segundo a riqueza de peripécias e a locuacidade de cada personaxe poden resultar máis ou menos redondas, pero (polo visto até agora) sempre de interese e desprovistas de calquer énfase paternalista ou sentimental, habituais noutros experimentos similares xa vistos noutras televisións. Non hai, pois, o dirixismo daquela pintoresca “España de los Botejara”, nen a artificialidade carregante de “Vivir cada día”, nen, acudindo a un modelo máis comparábel, o falseado enxebriño promovido nos primeiros tempos da TVG por Xosé Luis “Camariñas” Blanco.

Axuda a iso o distanzamento case total efectuado pola realizadora, que tan só introduce con voz en “off” uns mínimos punteados informativos sobre as circunstancias vitais das personaxes, quen logo van debullando episodios da súa existencia xeralmente carregados de referencias a penuria e traballos desde a infancia, á fame ou á emigración.

Con esta simple fórmula estamos recuperando a un tempo unha memoria histórica habitualmente desatendida, o eco dun idioma moi pouco escoitado coa súa verdadeira fonética real no eido televisivo, e dignificando nalgunha medida (xa se sabe que todo o que aparece pola tele adquire un algo de respectabilidade, agás os concursantes de Tele-5) ese propio Galego falado polas clases populares (ou xa hai que empregar outro termo?). O bonito de *Fé de vida* é que consegue coa súa aparente sinxeleza, axudado pola forza de imaxes coma as das marisqueiras voltando do traballo ou un vello mariñeiro paseando pola praia, e coa grande capacidade de contar cabalmente as cousas destes vellos, demostrar a premisa inicial da cita de Castelao antes mencionada.

Ollando espácios coma este volve á mente máis unha vez a convicción

Cunha política televisiva coerente, hai historias e unha riqueza visual debaixo de calquer pedra

de que aquí, cunha política televisiva minimamente coerente e uns médios tamén mínimos hai historias e unha especial riqueza visual debaixo de calquer pedra. Claro que seguirá primando sempre un granxeiro de Minnesota sobre un labrego da parroquia do lado, que ademais nunca será “último modelo”.

Hai unhas semanas, na propia TVG, poidemos contemplar un impecábel documental da BBC sobre o carballo. Escomenzaba planteando a decisiva importancia da venerábel arbre na economía inglesa do medioevo até chegar a establecer a curiosa reflexión de que sen a riqueza forestal inglesa nesa especie (decisiva na creación do seu império naval) ceceais Gran Bretaña nunca tivera sido unha gran potencia. Proseguía despois co minucioso estudo da fascinante vida dun carballo centenário, con todo o gasto que supón ter unha boa equipa de rodaxe, bastante paciencia, e desprazarse... a un xardín. Facer algo semellante aquí non só sería rendábel senón que parece unha labor divulgativa imprescindible, de obriga. Como dicía o extinto “Hermano Lobo” será “o ano —ou o século— que ven, se Deus quer”. ♦

GONZALO VILAS

Cine

Que bonito
é traballar

Frankie e Johnny

Se en “Pretty Woman”, *Garry Marshall* escolliu como fio argumental o mito de Pigmalion para desenrolar unha historia complaciente e convencional, de gran reclamo comercial e escasa calidade, agora en *Frankie e Johnny* parte tamén dunha peza teatral para dar corpo a esta historia de amores cotiáns, situada nun cenário pouco habitual no cine hollywoodiense actual. E digo inhabitual, porque non estamos aquí dentro dos oropeis do preciosismo da posta en cena, nen dos orzamentos multimillonarios, nen dos atributos técnicos que fan denominador común das grandes mercaderías USA. A cousa é sinxela, case cutre (por comparación co dito) funcional e directa. Trátase de expoñer con trazos moi descriptivos, unha historia “normal” de amor e desexo, de frustración e esperanza, onde a xente “normal” é a protagonista, e o tratamento de comedia constitúe o fio conductor. A moitos góstalle este sentido “asequibel” do filme, a súa sinxeleza e normalidade e o feito de tratar —como nos vellos discursos caprianos— os problemas da xente comun nuns universos ambientais comuns, case vulgares. Os personaxes estan así, teorizámetne, mais achegados a nós, iguais a nós e con problemáticas que alumean os nosos sentimentos máis ternos; elementos estos que otorgan a “*Frankie e Johnny*” unha intención de fuxir do elitismo dos cenários e das biografías e circunstancias dos heroís (tan habituais no cine de Hollywood) para “baixar dos ceos” e encetar unha “viaxe pola terra”. A cousa vai así, aparentemente, polo relato de costumes en clave de comedia, moi



debedora, por outra parte, da obra de teatro na que se inspira (“*Frankie and Johnny in the Clair de Lune*” de Terrence McNally).

Desde a perspectiva de comedia de costumes, hai que dicir que os primeiros minutos do filme son estimábeis. Ben narrados, sen altibaixos e cunha montaxe curta e funcional, esa médua hora inicial, conta o entrecruzamento de historias persoais e de grupos e presenta, con cativas pinceladas, a existencia dos protagonistas que, nesta zona do filme, teñen sustancia “coral”. Isto é, como digo, non rexeitábel de plano, divertido e con moito de inspiración da comedia latina. Logo, este protagonismo coral vai alternarse coa descripción das relacións da parella protagonista, onde Al Pacino amosa as súas maneiras

Frankie e Johnny conleva unha operación de agachamento do mundo real situado fora das salas escuras da fantasía e dos soños

como actor de gran magnetismo e controlador dos rigores dos primeiros planos (pero que nesta ocasión non está suficientemente “contido” polo director que non é capaz de limar a súa tendencia á sobreactuación) e Michelle Pfeiffer dá corpo con solvencia a unha personaxe de muller perseguida por un pasado traumático e cuxa entidade no guiño estoupa feita cachizas ao final do filme, cando narra entre choromicadas esa experiencia que non é máis que un lugar comun colido a contrapelo. É esa zona final a máis feble da película e a máis debedora do sustrato teatral que alimenta o conxunto.

É necesario subliñar tamén outros aspectos que, na miña opinión, non deben pasar desapercibidos ao espectador. Por exemplo, pode ser creíbel unha personaxe como a de Pacino? Un ex-convicto, un delincuente que cita a Pascal como se nada e le a Shakespeare mentres habita un apartamento miserábel? Son verosímiles os diálogos fondos e seudointelectuais que manteñen os protagonistas, obreiros nun país onde os universitarios non saben quen foi Sartre ou Tolstoi e preguntan se desde España se pode chegar aos Estados Unidos en

coche? A marxe disto e das posibles respostas ás interrogantes previas, compre dicir, sobre todo se nos situamos na non neutralidade de todo discurso cinematográfico, que “*Frankie e Johnny*” é unha fita que, como todas as que nacen dentro da estrutura do cine americano, conleva unha premeditada operación de agachamento do “mundo real”, daquel universo cotián situado fóra das salas escuras da fantasía e os soños. Como, se non, se pode entender a ocultación do mundo laboral (protagonista esencial do ambiente da película) no que están inmersos os suxeitos da historia? Trátase de ensinarlle ao público (que o recibe e consume subliminalmente) unha galería de personaxes que viven “fóra” do mundo do traballo e onde este non condiciona as súas vidas. Representar a un patrón complaciente que deixa o seu coche para que un empregado cumpra coas súas funcións de pai; que nin por un instante existan dúbidas ou sequer se plantexa a crítica sobre as condicións de traballo, tan idílicas e carentes de conflitos; que os asalariados pululen pola empresa como propietarios que non apean o teléfono ou que o feito de ser ex-presidarios non importe no “país das oportunidades” para acceder a un posto de traballo... son todos elementos que entroncan a película de Marshall cos discursos benpensantes, moralizadores e superadores da loita entre as clases que a “nosa aboiña” Frank Capra dirixira ao mundo nos anos trinta e que serviron como transmisores universais do “american way of life”. Deixando en suspenso outras monerías, aparentemente transcendentales, o traballo de Gary Marshall enlaza con este tipo de cine cuyo obxectivo quedou perfectamente definido naqueles anos trinta, pasa xogar na sociedade que hoxe nos toca vivir un papel de semellantes características. ♦

CELSO X. LÓPEZ PAZOS

LEMBRANZAS EN DUAS PÁTRIAS DUN MESTRE REPUBLICANO

VICTORINO BUXAN RIVAS

I
*Cultura é o que queda
cando xa non queda nada.*
Bartolomé Cessio.

A comezo do ano 1936 fun designado mestre interino nunha pequena parroquia da comarca do Cebreiro, ali, entre a neve (e a noite con luz de carburo de cálcio), fixen as primeiras experiencias de "Educador". Foron certamente dun valor inesquecible para min, polo contacto directo coa xente do noso povo campesiño. De dia ensinaba a nenos e de noite a adultos, pais deses nenos.

Canta ignorancia e canta incúria do Estado español para erradicar o analfabetismo! E cantos admirábeis desexos de saber — polo menos a ler o escribir —, habia de parte daquelas sinxelas criaturas e dos maiores!, que durante o dia loitaban desesperadamente para arrincarlle algun proveito ás súas leiras, por seren terras agostadas e de minifundio.

Ceguei a aquelas paraxes de alta montaña (nas que aínda habia lobos) e instaláronme na casa dun dos veciños máis "acomodados (?)". Desde o primeiro día tratáronme co maior respecto e como se eu fose o home que soubese de *todo* e pudiese transmitir ese saber a todos. Que lonxe estaban de sospeitar que era eu quen estaba aprendendo deles ou polo menos xunto con eles! Cantas licións de fonda sabedoría consuetudinaria me deron aqueles campesiños e aqueles nenos que poucos meses despois nunca mais volvería ver! Por iso, a título de curiosidade, quería lembrar algúns feitos que fixeron a miña felicidade, nese rincón maravilloso da nosa terra.

Empezarei por dicir que o idioma galego que ali se falaba era moito mais rico en palabras e expresións correntes que o que se falaba nas



costas da Galiza ou nas cidades.

Por suposto que, a miña primeira decisión foi a de desobedecer as normas e disposicións do Ministerio de Instrucción Pública do Estado español: comencei a falar en galego cos educandos e seguín ensinándolles na súa lingua materna e propia, a risco de que algun Inspector me chamase seriamente a atención ou me incosase un sumario por non ensinar en "español", o mesmo que o catalán ou o basco). De tal xeito, fun fiel ao meu espírito e ás normas do Congreso Pedagóxico de Luxemburgo, que mandaba ensinar nas linguas maternas.

Isto fixo que moi pronto nenos e maiores adquirisen unha gran confianza comigo e se fixesen "permeábeis" ás miñas pequenas "licións de cousas", como daquela se dicía na linguaxe pedagóxica.

Claro que pola aldea empezou a circular a lenda de que o Mestre estaba "tolo". E moitos levaban os índices ás tempas para graficalo, sen expresarse verbalmente. Debo recoñecer que a cousa tiña algun fundamento, porque adoptei o método da acción directa e servínme do meio no cal estaba ubicada a escola.

**Desobedecín as
normas e
disposicións
do Ministerio
de Instrucción
Pública:
comecei a falar
en galego cos
educandos**

Sucedía así que se chovía ou xeaba, eu facía saír aos alumnos afora do local escolar para tratar de explicarlles en que consistía o fenómeno da choiva, ou o meteoro da neve, aproveitando de tal modo para cumprir coa norma de "enseñar xogando". Ademais nunca me permitira usar mapas ou láminas desleídas, xa que para min, isto tería sido o mesmo que pecar en cotra dos esquemas de impacto da escala cromática (estabelecida por Maria de Montessori) sobre as retinas dos alumnos.

Neste vagar de sucedidos, compre que diga que ao notar ciúmes entre os veciños por terme nas súas casas, tiven que establecer "turnos rotativos" para ir vivindo un pouco nas de todos; pero para iso, puxen unha condición indispensable: viviría unha semana en cada casa, incluíndo as dos máis pobres.

Moi poucos meses durou a miña permanencia no Cebreiro, pero cada vez que lembro aquelas xentes sinxelas, que choraban cando me tiven que ir, (e xa non me consideraban "tolo"), ou cando vexo e escoito Parsifal de Wagner, non podo menos que facer voar a miña imaxinación deica o Cebreiro (terra do Gran Milagro), na cal eu cumprín o milagro menor de empezar e rematar para sempre a miña "carrera" de mestre na Galiza...

Case de súpeto, veu a nosa guerra civil e saín de España, volvendo á República Arxentina, país no que nacín e pasei a miña infancia, na céntrica provincia de Córdoba.

Aquí ía facer outra experiencia de "ensinante" "voluntario"; pero sen título habilitante... Vexamos como...

II

Conscripto na A.R.A. (Armada da República Arxentina)

*Facer todo o ben posíbel.
Amar a liberdade sobre todas as
cousas e aínda que fose por un trono,
nunca traicionar a verdade.*
Beethoven.

A principio de 1937, fun sorteado no Distrito Militar, como cidadán arxentino, para determinar a cal das dúas forzas militares sería incorporado, a fin de cumprir co servizo militar obrigatorio.

A sorte quixo que me tocase un número moi alto e fun destinado á "Ar-

mada da República Arxentina" (Marina de Guerra), ingresando no corpo de Infantaria de Marina, e sendo incorporado á Escola de Mecánica da Armada, sita en Bos Aires.

Así pasei a ser "Conscripto Rol Nº 330" e permanecín en filas durante dous anos, (24 meses cos seus días e as súas noites, como nos di a Biblia do Dilúvio Universal).

Para que dicir que entre os meus compañeiros me convertín en "el gallego" da Segunda Compañía, das dúas que contaba o Batallón destacado naquel establecemento de homes de mar que "sempre estivemos en terra".

Elexido como "furriel" (oficinista) do Enxeñeiro Xefe de Reparacións da Escola Mecánica, pronto me acomodei ás circunstancias. A iso axudoume moito o feito de o Director da Banda de Música da Escola ser nada menos que un galego de Arcade, que tiña sido primeira batuta da Banda Municipal do seu povo: o Maestro Pazos, daquela Cabo Principal Músico. Compre dicir que o Subdirector, tamén era un estranxeiro, ou sexa o Cabo Primeiro Músico Piccirilli, nado na ilustre península itálica.

O caso foi que trabei moi boas relacións persoais co Maestro Pazos e durante os dous anos de "conscriptión" seguín falando e pensando en galego con este bon músico que logo foi Director da Banda da Prefectura Xeral Marítima (Policía Marítima), e ao xubilarse coído que volveu coller a batuta para dirixir a Banda do Centro Lucense de Bos Aires.

Como anécdota curiosa e verdadeira, podo sinalar que con motivo da Exposición Internacional de New York, o cruceiro "La Argentina" foi ali e estando surto no porto, na súa cobertura principal executouse o "Himno Nacional Arxentino" e a Banda estaba dirixida polo Maestro Pazos, galego de Arcade.

Para findar estas pequenas "crónicas" gustaríame dicir que na miña Compañía habia un analfabeto total e dous semi-analfabetos. O analfabeto era un pobre "indíxena" arrincado dunha tribo de San Antonio de los Cobres, sobre a Cordillera dos Andes. O cabo e guarda pasaba lista da Compañía e Arsenio Vilca (que así se chamaba), contestaba "presente" emitindo un sonido gutural casi inintelixíbel, pero que correspondía aos costumes naturais da súa tribo.

Un día díxenlle ao meu Xefe que eu era mestre e que se el mo permitía, comprometéame a ensinalle a ler e escribir a aquel rapaz, facendo adiantar un pouco mais aos dous semi-analfabetos. Pareceuille ben a miña proposta e o "indíxena", foise de baixa, sabendo ler e escribir e dicíndome, mentres choraba: "ahora cuando vuelva a mi pueblo podré leerle los diarios a mis familiares y amigos", e iso gracias a "vos gallego, que sos un tipo derecho". Espero que no seu povo teña podido cumprir coa súa promesa e sinto a enorme tranquilidade de conciencia de que un "gallego" ensinase a leer a un "arxentino", ou por mellor dicir, que un "compatriota" ensinase a ler a outro "compatriota" perdido nas soedades da Cordillera dos Andes. ♦

Se che gusta ler, tes Premio

Xerais presenta os últimos Premios de narrativa galega.
Catro obras de lectura imprescindible.
Se che gusta ler, tes Premio.

PREMIO XERAIS



Agosto do 36: Xosé Fernández Ferreiro.
Esta novela, baseada en feitos reais e escrita cunha linguaxe case que cinematográfica, é a historia dun asasinato por vinganza cometido por catro falanxistas aproveitando a confusión dos primeiros días da Guerra Civil.

PREMIO CIDADE DE LUGO



Días contados: Xosé Cid Cabido.
Esta obra está constituída por doce relatos maiormente urbanos, onde os protagonistas viven situacións de fronteira entre a paradoxal case fantástica e a máis seca e implacable realidade cotiá.

PREMIO BLANCO AMOR



Trailer: Francisco Alonso Villaverde.
A primeira novela deste xove autor é un achegamento á vida dos camioneiros galegos. Cunha clara vocación de actualidade, o fio condutor alócase nas cuestións candentes da nosa sociedade — sida, terrorismo, sexo —.

PREMIO XERAIS
FINALISTA



Sabor a ti: Miguel Suárez Abel.
A novela finalista do Premio Xerais inventa mediante unha prosa eficaz e áxil, o forte atractivo dunha aliada feminina, pasional, "con clase" que destrúe a rotina dunha profesora de instituto, quizas a costa da súa propia destrución.

XERAIS



O QUE GALICIA TEN QUE LER

Cando Colón coa súa tropa chegou á illa que bautizou co nome "A Española", vivían nela cando menos un millón de persoas; en 1548, 56 anos despois, quedaban non mais de

500 indíxenas, entre rapaces e adultos; pouco máis tardaron en desaparecer de todo. A mesmo sorte —case boa sorte, se pensamos no que lles tocou ós que non

morreron— correron os habitantes dos territorios hoxe chamados Cuba, Porto Rico, Xamaica, istmo de Panamá, Terra do Fogo e outros lugares de América.

HISTORIAS DE CINCOCENTOS ANOS

'Os crimes non se celebran', Wankar, indio quéchua

■ XOSÉ LOIS CORTIZO AMARO

Non hai acordo entre os investigadores sobre cal era a poboación de América no ano 1492, pero seica as estimacións máis apoiadas van dos 50 ós 100 millóns de persoas. nas máis das zonas estudadas morreu o 90-95% dos habitantes. do primeiro contacto cos conquistadores en 100 ou 150 anos. A caída de poboación acontecida en América entre 1492 e 1700 foi a maior catástrofe demográfica da historia humana.

Estes poucos datos reflectan só un anaquiño da historia de América despois do 12-X-1492; pero abundan, penso eu, pra abrairmos cando nos enteiramos de que unha boa parte da poboación española está orgullosa e quer celebrar, con distintos gobernos de oficientes; o que pasou aquel día e os que lle seguiron.

Non esquezo que os máis dos mortos na época da conquista non foron vítimas dos arcabuces, cañóns, cas bravos, lumes, torturas ou escravitudes, senón das enfermidades introducidas polos conquistadores, case sempre sen querer (aunque nalgús dos casos en que os nativos amostraron especial terquedad chegaronse a contaxiar doenzas de propio intento). Tanta morte mesmo foi unha amoladura pra os conquistadores, que quedaron sen mau de obra barata ou gratuíta con que lle tira-las riquezas a aquel Novo Mundo e non tiveron máis remedio ca levar dez millóns de escravos africanos, menos baratos por causa dos "portes". Pero tamén é certo que as doenzas non causan os mesmos destragos nunha sociedade sá ca nunha desfeita, escravizada e na miseria. E inda quedan os outros, os que sí morreron, directamente, a maus da cobiza conquistadora.

Outras conquistas

Tampouco non esquezo que España non foi, nin é, unha excepción. Non sendo pequenas particularidades, a sorte dos pobos indíxenas conquistados polos países colonialistas foi semellante. "En tódolos sitios nos que os europeos puxeron pé, parece que a morte perseguiu ós nativos. Se mirámo-la ampla largueza de América, a Polinesia, o Cabo de Boa Esperanza e Australia, sempre topámo-lo mesmo resultado", dixo o moi viaxador e observador Charles Darwin hai 150 anos. O reparto do pastel americano foi coma foi por causa de que outras potencias levaban algo de retraso e tiñan menos poder ca España, non porque fosen máis respectuosas. E tamén elas celebran o que deron arrepañado; moitos dos Habitantes dos EE.UU. de América que non viven en reservas celebran o día que chegaron por alá os primeiros irlandeses, poñamos por caso (os que sí viven en



reservas non o celebran). Pero mal de moitos é só consolo de tontos.

Por eso non é milagre que moitos denunciemos esa celebración. "Os crimes non se celebran, castíganse", di Wankar, indio quechua. Pero a poder de denuncia-lo que pasou durante a conquista e o dominio español podemos chegar a esquecer o que pasa inda hoxe. Se moita xente non india vive ben mal

en América Latina, a xente india lles gana. No fondo, pra os indíxenas pouco mudaron as cousas nos últimos séculos, por moito que mudasen os decorados da farsa.

As doenzas contaxiosas seguen a matar indios, no caso jdos últimos pobos da Amazonia e a Orinoquia ós que chegaron os occidentais cos seus microbios. Os nukaks de Colombia morren de gripe, os ianoma-

ni de Brasil e Venezuela de malaria.

Se algún día as terras roubábanse sen dar explicacións, ou porque o Santo Padre fixera mercede ó rei de Castela de toda a terra das Indias, agora as poucas que lles quedan roubábase no nome do "progreso" e o "ben común". En 1985, 5.000 hectáreas de amazonia dos indios Secoya estaban prontas pra se lles adjudicar legalmente cando, despois de varias

demoras, o goberno no Ecuador dixo que perdera tódolos papeis; a terra foi reclamada por unha compañía na que o presidente do Ecuador tiña participación. Os sistemas cambearon, os roubos seguen.

Ainda peleando por vivir

A loita dos indios tamén continúa. Coma di o seu lema que, agora,

Nas zonas estudadas morreu o 90-95% dos habitantes, do primeiro contacto cos conquistadores en 100 ou 150 anos

por causa do festexo, os une máis ca nunca, levan xa "500 anos de resistencia indíxena e popular". Van alá xa moitos mártires, moitas guerras que eles non querían, moita miseria, moita dor, moitas nais sen fillos e fillos sen pais. E, así e todo, inda loitan (¿onde collerán forzas?) polas súas terras, polas súas culturas.

Organízanse, fedéranse. Avanzan de vagar porque teñen pouco poder, pouco diñeiro; nunca foron moi amigos de os acumular. Aprenden a ler e a escribir, editan información de seu, rescatan e defenden a súa historia. Os seus pensadores empezan a atinar máis do que aconsella a boa educación; xa saben case tanto de nós coma nós.

"A destrución das Culturas e dos pobos Indíxenas forma parte do mesmo proceso que destrúe i está a destruí-la Vida neste planeta. As tecnoloxías e os sistemas sociais que matan a vida animal e vexetal están a destruí-la poboación indíxena. Ese proceso é a Civilización Occidental (...). Temos que pór en cuestión, consciente e continuamente, cada modelo, cada programa e cada proceso que o Occidente nos queira impor". Son anacos dun documento dos Iroqueses (de América do Norte).

Xa non loitan con frechas e pedras, saben que nesa caste de armas sempre serán inferiores; agora fano con palabras, as armas dos que teñen razón. ¿Darémollas en tempo?♦

Xosé Luis Cortizo Amaro é coordinador de Amigos dos Indios-Galiza. Os enderezos destas asociacións en Galiza e no Estado son: Rubillón - 32435 AVIÓN (OURENSE) e Apartado 20174 (28080 MADRID)

Leis de Protección que nunca se cumpren

Se anes os pobos e culturas desaparecían da Terra por morte de tódolos compoñentes, agora a aniquilación física vese fea. É millor roubar ou estraga-lo seu medio de vida, a súa terra, e facelos dependentes, facelos proletarios de cidade no millor dos casos, mendigos e prostitutas no peor, darlles televisores, educalos, deixalos sen cultura. Entón xa non serán pobos e deixarán de da-la lata e de reivindicar os seus dereitos.

"O indio bárbaro e silvestre é un monstro nunca visto que ten cachola de ignorancia, corazón de ingratidade, peito de inconstancia, lombo de preguiza, pés de medo, e a súa barriga pra beber e a súa in-

clinación a embriagarse son dous abismos sen fin", dixo en 1741 un evanxelizador español. "Os indios son uns estúpidos e uns preguiceiros que teñen demasiada terra", dixo hai pouco un secretario de xustiza brasileiro. O desprezo, por seren distintos, segue a se-lo mesmo.

E certo que as novas constitucións —Brasil, Chile, Colombia...— respetan os dereitos dos indios; é mágoa que non se cumpran. E certo que Fernando Collor, presidente de Brasil, legalizou prós Ianomami nove millóns de hectáreas o pasado 15 de novembro; é mágoa que non ha-

xa cartos pra levalo decreto á práctica. Xa en 1542, gracias a frei Bartolomé de Las Casas, houbo unhas Novas Leis "protexendo" ós indios de América; foi mágoa que non se cumpriran.

Se algún día o imperio foi España, hoxe é a Civilización Occidental, coas súas multinacións e o seu mercado "libre". Antes, a lei do máis forte; agora, tamén.♦



Ale-Hop, nova xeneración do que nace en Bemposta

‘O circo hoxe é poesía e cór’

■ MICKY BERTOJO

Eles son *Ale Hop!*, tres profesionais do risco, da aventura, do humor directo e desenvolto: o coruñés Nacho, iniciado nos malabares e outras artes no Circo dos Mozos de Bemposta (Ourense), Alejandra, arxentina e estudante desde os 14 anos, na escola de Artes Acrobáticas e Circenses tamén de Bemposta, e Churry, ourensán, descendente da dinastía circense Feijoo-Castilla e sobriño do popular Padre Silva, xenuína *alma mater* do Circo e da Cidade dos Mozos, ambos os dous discípulos de Lindsay Kemp. *Ale Hop!* representa a nova xeración do circo, un xeito singular e profundo de facer e entender este vello oficio.

A súa posta en cena é un grande compendio das artes circenses, aderezado con outras propostas cénicas. Malabares clásicos, ilusionismo, concertos de serrucho, mimo, técnicas de clown, trapéicio, acrobacia, funambulismo, farsa, cabaret. Isto é moito máis, en clave de fino humor, sorprende e fascina cada semana aos asistentes ao seu espectáculo, “Chapitól”, nun coñecido café-teatro madrileño. Donas, cabaleiros e meniños... con vostedes: *Ale Hop!*

Que é o circo para vostedes?

Ambos os dous sorrin ao tempo. “O circo é non só a nosa vida, é máis aínda... —Churry apresúrase a responder. Nós engadimos e esta profesión teatro, danza, música, diferentes técnicas cénicas... en fin, unha sorte de enriquecemento cun obxectivo moi definido: recuperar de novo o que antano foi o circo, un espectáculo total en todos os sentidos.

O noso xeito de traballar ten un nome moi determinado: teatro-circo. Fálase tamén agora nos medios de Novo Circo, do rexurdimento desta vella profesión; pois ben, nós levamos anos investigando, ensaiando novas fórmulas a partir de números clásicos recuperados. O noso Centro de Novas Tendencias Circenses, de recente creación, tenta achegar aos máis inxuecos a esta visión renovada do circo.

Hai aínda unha visión do circo —bastante xeralizada, por certo— como un espectáculo menor, cunha poesía e color, é unha proposta estética chea de sutileza; é tamén exercicio ximnástico, un espectáculo, un show... Hoxe —interrompe Nacho— coexisten dúas concepcións moi diferentes do circo: unha a clásica, compartida polo grande público e os empresarios circenses,



con atraccións televisivas, risco e pallasos, que é o que efectivamente dá cartos; e, outra, a que nós propugnamos: un espectáculo diferente onde a beleza, a elegancia sexan unha alternativa ao “aínda máis difícil”. De calquer xeito —tercia Churry—, esta renovación é perceptíbel na maioría das artes cénicas. É unha adaptación aos novos tempos e aos novos recursos: unha actualización necesaria canto á dirección cénica, concepción do espectáculo, deseño de luces... O feito é que o circo que se exporta son compañías como a nosa.

Paradoxicamente, hai uns meses, os medios de comunicación estiveron a difundir unhas xornadas sobre o circo francés como algo novidoso. O feito é que existen entre trinta e cuarenta compañías estabéis en todo o Estado español, e un bon número de empresas, cooperativas e asociacións que fomentan o novo circo, sen case repercusión nengunha nos mesmos medios. Sen embargo, nós, nun hipotético ranking internacional, ocuparíamos o posto décimo terceiro; en tanto que, no estado, estamos entre os catro primeiros. Así están as cousas!”

O circo é unha proposta estética chea de sutileza; é exercicio ximnástico, un espectáculo, un show...

A profesionalidade e o bon facer de *Ale Hop!* está fora de toda dúbida, non só teñen actuado co célebre Charlie Rivel na “Cidade Feliz”, senón que tamén o fixeron —Alejandra e Churry— ás ordes de Lindsay Kemp na obra “O paseo de Buster Keaton”. Hoxe, a súa preparación física así como a actualización de coñecimentos seguen a ser cuestións de absoluta prioridade: trátase de non perder o fio.

Até onde profundizan no seu traballo?



Desde que deixamos o Circo dos Mozos de Ourense, hai oito anos xa, temos evoluído moitísimo. Cada día aprendemos máis cousas ou ensaiamos novas fórmulas e materiais: vestiario, danza, músicas inabituais, látex e un longo etcétera, que xunto coas técnicas de malabarismo, acrobacia, contorsionismo ou monociclo —técnicas xa clásicas— dan como resultado o noso peculiar xeito de entender esta profesión. Trátase —interrompe Nacho— de darlle cor a estas técnicas para convertelas nun xenuíno espectáculo. Noutras palabras, enriquecemos un número circense con teatro, danza... ampliando as súas posibilidades.

Como presentan vostedes, entón, este novo circo?

Non pretendemos facer grandes shows, senón algo máis selecto, con poucos números, menos público do habitual e outro tipo de presentación. De todos xeitos, non deixámos de lado a posibilidade dun grande espectáculo onde conflúen un grande tropel de compañías. Ocasións hainas sobradas neste 1992! E falo deste ano como do grande referente cultural que pretenden que sexa. Paradoxicamente, nos actos previstos en Madrid, Capital Cultural, non hai un só espazo adicado ao circo en calquer das súas manifestacións: pola contra, hai lugar para a pantomima, o cabaret, a danza, mesmo para os títeres... En fin, que hai lugar para case todas as artes cénicas —máis ben de carácter minoritario— coa única excepción do circo! De feito, é un problema de falta de información de quen asesora aos responsábeis culturais —segundo din eles— e, por suposto, destes mesmos responsábeis.

Sen ir máis lonxe, no caso da Franza as axudas ao novo circo cuantifícanse nuns cincocentos millóns de pesetas, que financian tanto á Escola Nacional de Circo como ás vinte compañías estabéis que ali existen. O caso español é á inverza: apenas cincuenta millóns —procedentes de fondos do Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais (INAEM), destinados inicialmente ao teatro—, que se non “se está ao día” no que a legalidade se refire, adeus! Sería deseñábel un orzamento exclusivo e unha presenza real dalgun representante do novo circo á hora do reparto destas subvencións.

Son, se cadra, máis sensíbeis as

administracións autonómicas?

O caso de Catalunya é, como sempre, a excepción. Eles son —insiste Nacho— a vangarda do novo circo. De calquer xeito, ali existen máis saídas profesionais ca no resto do estado: o público é moito máis receptivo, aposta polas novas artes; hai locais axeitados, en fin... Aquí, en Madrid, temos moi boa acollida, somos moi coñecidos, aínda que xamais temos estreado unha obra por falta precisamente dunha boa infraestrutura. Un dos nosos espectáculos, *Okric*, tivo a súa primeira estrea en Luxemburgo, e na mellor das salas! Paradoxicamente, funcionamos máis polo mundo adiante que no Estado español: Italia, Franza, Europa en xeral; Israel, Arábia... Neste país, en concreto, a receptividade foi inimaxinábel: pola rúa coñecíanos todo o mundo, incluso achegábanse a palparnos como se de algo máxico se tratase —pésie ás enormes diferencias culturais. Aquí non hai ese calor, esa proximidade-contacto co público tan entrañábel.

As administracións locais tampouco cooperan, nen no aluguer de terreos, por exemplo, para un posíbel emprazamento dunha compañía de certa entidade ao ar libre, nen nunha especial sensibilidade en cuestións de impostos, refírome a que, nun caso como o sinalado, hai variábeis como a climatoloxía que poden dar ao traste cunha función e, loxicamente coa cifra recadada.

Que poden dicir da calidade artística das xentes do circo no Estado español?

É óptima. Polo dicir que as axencias e representantes máis prestixiosos de Europa teñen, sen dúbida, un bon ficheiro de artistas de nacionalidade española, aquí practicamente descoñecidos. España exporta artistas de circo, isto é un feito, tanto para grandes espectáculos en circos como o Krone ou o Ringlin Bros. —a meca do circo—, como para pequenos en salas máis especializadas. Churry fala con veemencia. Podes ver xente nas Vegas, por exemplo, hiperespecializada nun número concreto, adaptado a unha sala de festas, clube ou cabaret, traballando durante anos e anos, algo incíbel no Estado español.

O noso caso é un pouco diferente. Nós levamos o noso técnicos de luz e son, o noso axudante de bastidores, 50.000 wátios de luz, cañóns...; participamos na produción e venda dos nosos espectáculos de xeito complementar ao traballo dos propios representantes. A razón é ben sinxela: resulta moi difícil vender o que facemos, non é habitual, rompe con moitos clichés establecidos. Actualmente, hai moi poucos produtores ou representantes que arrisquen cartos e prestixio nunha nova aposta, por este motivo nós asumimos a xestión, os contactos, etc., da nosa compañía. O artista tradicional carece deste punto de vista burocrático ou empresarial, limitase a facer o seu traballo sen máis: prepara os seus números e deixa estas cuestións en mans dun empresario —laméntase Nacho. ♦

O trinque

Cine

Linterna Vermella, magnífico filme chino que axiña chegará ás pantallas. Do director de *Sorgo Vermello* e *Ju Dou*.

Televisión

Terranova. Série de catro capítulos que narra a vida dos pescadores do bacallau. Producida por Euskal Telebista, en colaboración coas demais televisións autonómicas. Os mércores na TVG.

Libros

Late marxism (O último marxismo). Obra do norteamericano Fredric Jameson que leva por subtítulo: *Adorno ou a persistencia da dialéctica*. Baseándose na sutileza de Adorno procura un xuízo sobre o capitalismo avanzado e as súas formas de cultura. Ed. Verso (6 Meard Street. London. W1V. 3HR. Inglaterra).♦

Actos

Debate:

'Se te acosan, acusa'
O día 21 no Salón Artesonado do Pazo de Fonseca, en Compostela terá lugar unha mesa redonda baixo o lema **o acoso sexual a debate** no que participarán Isabel Barbero e Ana Osa, advogadas de "Xusticia e Sociedade", e Cristina Garaizabal, psicóloga e membro da Comisión Antiagresións do Movemento Feminista. Moderará o debate a xornalista Tareixa Navaza, e será de 18 a 22h. O sábado 22 de 10 a 14h falarase de **Castigo aos violadores, pero ¿que castigo?**, coa participación de Isabel Castillo, de Xusticia e Sociedade, María Angeles García, Fiscal do Tribunal Superior de Xusticia de Asturias e membro da Unión Progresista de Fiscais. Moderará María Luz García Vigo. Estes debates para mulleres están organizados pola **Asociación Galega da Muller** e os **Grupos de Mulleres da Universidade** de Compostela. Ademais haberá unha exposición de cartaces do Movemento Feminista Galego dos anos 1976 a 1992.

Que facemos co V Centenario?
Este é o título dunha mesa redonda

Convocatorias

I Concurso de Cartas de Recomendación
Este certame organizado pola **Asociación Cultural e Xuvenil "Irmanciños da Fala"** ten as seguintes bases: As cartas debe ir dirixidas ao Alcalde de Pontearas Don Xosé Castro Alvarez. Deben estar escritas en galego e asinadas con pseudónimo ou ven co nome e apelidos. De ser asinada con pseudónimo adxuntarase un sobre pechado co nome e apelidos dentro. Só se abrirá o sobre do ganador. Non hai límite de extensión, e as cartas serán dadas a coñecer como a organización estime oportuno. A data tope para recibilas será o 20 de Marzo.

V Premio Nacional de Narracións Xuvenís
A Fundación Caixa Galicia convoca este certame no que poden participar todos os xoves menores de 18 anos que o desexen. Os traballos remeseranse antes do 16 de Marzo á **Biblioteca Club-33** de Compostela.

Prémio Ala Delta de Literatura Infantil e Xuvenil
A **Editorial Luis Vives** organiza este premio co fin de promover a creación literaria para nenos e xoves, de acordo coas bases establececese un único premio dotado cun millón de pesetas. A concesión do premio leva incluída a publicación por parte de Edelvives da obra premiada na Colección Ala Delta. O importe do premio é independente e adicional dos dereitos que poidan correspondelle ao autor pola publicación

encadrada dentro das actividades que para Febreiro ven organizando o **Ateneo Santa Cecilia de Marín**. Participarán Antón Reixa membro do Comité Anti-Quinto Centenario, e Juan Juega Puig, historiador e asesor da Sociedade Estatal Quinto Centenario. Será no local do Ateneo ás 20h. Ademais o Ateneo ten prevista para o día 23 unha viaxe cultural ao Condado, Mondariz Balneario, Pontecaldeas, Soutomaior, etc. As persoas interesadas poden inscribirse na secretaría do Ateneo. O prezo para sócios é de 550 pts, e non sócios 850 pts.

Obradoiro de cómic "TBO o sábado" é o nome deste obradoiro infantil para a aprendizaxe e confección dun cómic. Será no local do Ateneo Santa Cecilia o día 22 ás 21h.

O tempo e os seus ritmos
O día 21 ás 20h na Sala de Conferencias do Centro Cultural Caixa-vigo e dentro do ciclo "O tempo e os seus ritmos", organizado por Caixa-vigo a iniciativa do "Diálogos 90" falará a advogada Cristina Almeida.♦

do libro. A extensión das obras, mecanografiadas a dobre espácio, será dun mínimo de 40 e un máximo de 120 fólíos. O tema e o xénero literario é libre. Os orixinais deben ser inéditos, e estar escritos nunha das linguas do Estado. Remeseranse 3 exemplares a: Editorial Luis Vives (Para o Premio Ala Delta) Avda. Dr. Federico Rubio y Galí, 1. 28039 Madrid. Tlf. (91) 534 70 00. Fax (91) 553 19 19. Cada concursante pode enviar cantos orixinais desexa. O prazo de admisión de orixinais péchase o **31 de Abril**. Os orixinais enviaranse baixo plica, que debe conter o nome, o enderezo e o teléfono do autor. O fallo farase público na primeira semana do mes de Xuño. Edelvives ofrece a opción prioritaria de publicación das obras presentadas a este concurso e resérvase o dereito de abrir as plicas de cantos orixinais de interese para a súa edición estime unha vez feito público o fallo.

Prémio Garcia Alén
O Museo de Pontevedra convocou o concurso de traballos escolares "Alfredo Garcia Alén" para o curso 1991-92. Poderán participar escolares de básica, bacharelato ou FP de todos os centros de Galiza, integrados en equipa e baixo a dirección dun profesor. Os temas inclúen catalogación de hórreos que se atopan na área de influencia do centro ou nun concello determinado. fontes, manantiais, muiños, recollida de prácticas adiviñadoras do tempo, creencias, etc., así como catalogación de aparellos de labranza, ou pesca. Os traballos mandarase ao Museo de Pontevedra antes do **15 de Abril**.♦

Exposicións

Fotografía Submarina
Fotografías da Escola-Taller de Mergullo Científico no Claustro Alto do Pazo de Fonseca, en Compostela.

Betanzos, tempo e traza
Mostra no edificio do Arquivo de Betanzos.

III Maratón Fotográfica
Mostra dos traballos presentados a este certame en Cangas.

Colectivo "Androx"
Colectiva de pintura e cerámica no Museo Municipal de Lalín.

Onde Galiza é mar
Mostra no Coléxio Milla-doiro de Malpica.

Prensa, humor e guerra do Golfo
Mostra no local do Ateneo da Coruña.

Gravado cubano contemporáneo
Mostra no Pub Aljama de Rivadavia.

A B.D. Impresa
É o título da mostra que do 20 ao 29 estará no local do Ateneo Santa Cecilia de Marín, e na que participarán o maior número de publica-



cións de cómic e B.D. No mesmo local e os mesmos días as "Xornadas de Banda Deseñada de Marín" teñen programada outra mostra titulada "O cómic feito en Galicia", na que poderanse ver traballos de Xaquín Marín, Ricardo Lázaro, Carlos Portela, Miguelanxo Prado, Das Pastoras etc.

Luz Darriba
Pinturas na Galería Saira de Vigo.

Arte na América Latina
Mostra na Casa da Cultura de Allariz.

Entroido
Mostra e obradoiro sobre o

Entroido ourensán no Museo Municipal de Ourense

Fotógrafos
Exposición de vinte fotografías viguesas. Na Agrupación Fotográfica (Uruguai, 17)

Percepción
Mostra científica na Casa da Cultura de Sárria.

Xaime Piñeiro
Pinturas na Sala da Asociación Auriense de Ourense.

Cairo Antelo
Pinturas no Pazo Municipal de A Coruña.

Pintores Galegos
Mostra colectiva na Sala Laxeiro de Vigo.

Citánia
Nesta galería compostelá expónense pinturas de Pedro Avila, Xulio G. Rivas, López Rico e Manuel Patinha.

Carmen Pallarés
Mostra "Primeiros Exemplares" na Galería Ad Hoc de Vigo.

Chichi Campos
Mostra no Bar Ruanova de Compostela, até o día 23. Organiza **Factoría Modulada** (Can sen Dono).

Lueiro Rey
Exposición iconobiográfica no local do Centro de Promoción Social de San Valentín (Bloque 11) no concello de Fene.♦

Anúncios de balde

Búscase mozo para compartir piso en Vigo, zona Torrecedeira. Chamar a partir das 2 ao tlf 43 74 33, preguntar por Carme.

Vendo Enciclopedia Galega. Chamade ao Tlf. (986) 86 46 77 polas tardes, preguntar por Maria.

Viaxe a Fátima e Lisboa dos días 16 ao 19 de Abril. Autocarro de luxo e hotel de tres estrelas. Prezo: 23.000 pts. Contacto: Carlos Alberto Pinto de Sousa. R/ Serxio Peñamaría de Llano, 16. 1-A. Polígono Ventorilloo, 15008 A Coruña.

O día 2 de Marzo a Asociación España-URSS de Vigo escomeza un novo curso de iniciación á lingua rusa. Para máis información Tlf.22 44 57. Horario de 11 a 13,30h e de 17 a 21,30h.

O **Comité Cidadán Galego Anti-SIDA** informa que permanecerá aberto os martes, xoves e venres de 16 a 21h. Ademais está o Apdo. de correos 117 de Compostela.

Cabuxa Distribuidora. Nacionalismo e Anarquismo (Materiais para o diálogo). **Lixo urbano** (Fanzine): Número 0. E máis libros, discos, maquetas e fanzines. Pedir catálogo ao Apdo 259. 15080 Compostela. Mandar os selos.

A Rota dos Baleiros, cartafol de poemas, con textos de Francisco Alonso ("Cada tres meses e un día"), Paco Souto ("Morte de ser cidade") e Miro Villar ("A nudez do carambeto"). Prólogo e deseño da portada de Alfredo López "Tokio". Distribúe "Edicións do Dragón". Rúa Escultor Asorei,

8 baixo. 15704- Compostela. Tlf (981) 76 23 31. Envíos por reembolso. Prezo: 700pts máis gastos.

Se che gusta **Alejandro Sanz** agora tes a oportunidade de formar parte do seu Clube Oficial: "Fan Club Pisando Fuerte". Delegación en Vigo: Rúa Espedrigada, 51. CP 36210.

Talia Teatro de Cee (A Coruña) oferta os espectáculos **Gaivotas subterráneas** de Alfonso Vallejo e **O rei aborrecido** de Xesús Pisón. Condicións cénicas: Alto: 3m. Boca: 5m. Fondo: 4m. (mínimos). Contratación tlf (981) 74 72 29 e 74 68 26. Apdo Correos 62. 15270 Cee (A Coruña).

A todos os estudantes da nosa Nación: somos un **Ateneo Cultural de Intervención**. Chamamo-nos **Liga Libidinal-Iconoclasta de Acción Estudiantil**. Estamos a preparar unha revista feita por estudantes de todo Galiza. Precisamos colaboracións: artigos de opinión, experiencias culturais ou político-organizativas, fotografías... Enviade o material a Apdo de correos 5410 de Vigo. Gracías.

Licenciada en Historia Contemporánea **busca traballo relacionado co ensino, editoriais, librerías, prensa...** Tlf (986) 30 13 67. Preguntar por Victoria.

Se pensas que xa abonda de exterminio de povos indíxenas e queres axudar a evitalo, ponte en contacto con **Amigos dos Indios**; escribe a Xosé Luis Cortizo, 32.435 Rubillón, Avión (Ourense).

A **Asociación de Solidarie-**

dade Galego-Cubana Carrros Enriquez en colaboración co **Concello de Oleiros** prega a todos e todas a súa colaboración co povo imán de Cuba. Necesitan-se urxentemente medicinais e material sanitario de todas clases; alimentos non perecedeiros e roupas; e para os cativos alimentos e roupas de bebés, biberóns e material escolar. Aportacións económicas: Caixa Galicia 304-063-1368/0. Información e recollida: Casa Consistorial do Concello de Oleiros. 61 00 00 e Centro de Información Xuvenil. Perillo Tlf. 63 65 98.

Xevalle Ecopacifismo distribue camisetas co lema **Me cago no V Centenario** como apoio a programas de solidariedade coas comunidades indíxenas e populares de América Latina. Tlfno. 44 03 68, 40 46 09. Apdo 22, Monforte.

Estou a realizar unha tesina e necesito material (panfletos, "pásalos", revistas, documentos...) e calquera tipo de información sobre o **Movemento Estudiantil Universitario en Galiza na década dos 70**. Por-se en contacto con Carlos Morais, Rúa Peixego de Arriba, 15 A Primeiro. Santiago de Compostela.

A NOSA TERRA conta con seccións sustentadas na participación dos lectores **GRATIS** Pisos para compartir, avisos, alugueres, cambios, compras, vendas, contactos... de publicación gratuita na sección Anúncios de balde Tfn. (986) 43 38 86

A distribución de exemplares do número 3 da revista **As Follas Verdes do Taller** (adicado monograficamente a América) do Taller de Educación Ambiental "A Curuxa" do IB Xelmirez-1 de Compostela chega tamén a Vigo, gracias á colaboración da profesora Luz Cao do IB Alexandre Bóveda (Coia-2). Tlfs 29 28 12 e 29 28 16. Prezo 200 pts.

Vende-se **micro-ordenador Inves-Spectrum**, cassette corder TCM-848 Sony, completo lote de programas (utilidades e xogos) no que engado video-aventuras en galego; revistas e libros de informática. Todo en bon estado. Prezo a convir. Chamar a Miguel: Tlf (981) 24 54 40.

Estrela Galiza distribuidora. **Distribución alternativa** de material tamén alternativo: publicacións de resistencia, prensa contrainformativa, fanzines, camisetas, discos e cintas de música non comercial, etc. Podedes pedir o catálogo a: K.E.G. Apdo 660. Ourense (agradecese que mandedes selos para a resposta). Se queredes saber calquer outra cousa de nós, algunha colaboración, algunha información non dúbidedes en escribir a K.E.G., Casa da Xuventude. R/ Celso E. Ferrreiro, 27. 32004-Ourense.


Para poder **galeguizar o nome** necesito presentar correspondencia recibida. Dirixide-vos a **Alberte Baltasar Figueiras**. R/ Mouteira, 16. (Berres) A Estrada.

Véndense **camisetas coa inscrición Isto non é España**. Prezo 700 pta. Apartado 901. 15 080 A Coruña.♦

Novas sensuais

■ MC / A CORUÑA

Xesús Alonso Pimentel, ("Cuchus") e Marcos Teira Fernández compoñen un cadro aparte no eido da música na Galiza. Ambos os dous conforman unha imaxe adicada á interpretación dun flamenco singular onde o jazz mistúrase coas influencias da singularidade galega e o denominado flamenco do sul do Estado. E non son novos na teima. A súa traxectoria foi concebida a base de cabalgar en diferentes monturas. "Cuchus" ven de NHU, onde destaca coa guitarra e o violín. Compañeiro, tamén, de Emilio Cao e Benedicto. Coa Escola de Música de Baio (Vigo) participa en distintas formacións saídas do seu seo. Colabora, ademais, con Elias



CHELO

Quiroga. E a finais do ano 1987 crea Noroeste, con "Kin" García e Alberto Conde. Con Marcos Teira incia un novo labor como guitarrista flamenco ao carón da singularidade. "Trasno", "Cristal oscuro" e "Superavit" definen as primeiras veces de Marcos Teira, onde as tendencias "achéganse ao folclore e ao rock". En Compostela coñece a "Cuchus", que o imbue do espírito da guitarra flamenca, pasando a formar parte do grupo de rock experimental "Arcipreste se pica", para, máis adiante, riar o conxunto "Smegol", banda que define "nunha liña rockeira con incursións no jazz". Xesús Alonso e Marcos Fernández, nestas, traballan de maneira conxunta atendendo preferentemente "ao flamenco con raíces nidiamente galegas e sons moitas veces doutras músicas, como blues, jazz, rock ou folk". A Fundación Andaluza de Flamenco (Jerez) outorgoulles un certificado asinado por Manolo Sanlúcar —na súa calidade de director do seminario— en recoñecemento á súa participación no III Seminario Internacional de Guitarra Flamenca.

Alfonso Abelenda prepara unha exposición especial para a galería de Ramón Sánchez (Dársena), que está prevista para a recén ollada primavera. A punto, tamén, de "saír as películas que rodamos en Almería para a televisión ás de ordes de Manolo Summers, que xa estou desexando ver. Agora mesmo estou traballando nuns guiños para unha nova publicación de Barcelona. Ademais, iste mesmo ano terei que achegarme até Nova York para participar nunha mostra de pintura organizada por unha galería desta cidade". ♦

Música

Les Contes D'Hoffmann

Opera fantástica en 3 actos de Jacques Offenbach dirixida por Claude Schnitzler e interpretado pola Orquestra Filharmonica Rubinstein de Polonia e o Coro Opera Eclatè. Será o día 26 ás 21h no Auditorio de Galicia en Compostela.

Ciclo Internacional

Comenza este ciclo o día 20 no Círculo das Artes de Lugo.

Trio de Madrid

O día 25 ás 21h no Auditorio da Galiza interpretarán obras de Mendelssohn e Brahms. Actuarán o mesmo día á 11h na mesma sala dentro dos Concertos Especiais para Xóvenes, con entrada libre.

The Del Fuegos

Esta banda fará unha minixira pola Galiza, o día 20 tocarán en Playa Club de A Coruña, o día 21 na sala Hipódromo en Osebe, Compostela. O día 22 rematarán cun concerto en Iguana Clube en Vigo.

Ciclo de Solistas

Comenza o día 20 no Pazo de Congressos da Coruña esta serie de actuaciónes co concerto do pianista Janis Vakerelis

Cicatriz

Concerto o día 21 na discoteca Golden Fish de Boiro.

Os Diplomáticos

Empezan a súa xira "Caho na tós" o día 21 na sala Recreo de Lourenzá (Lugo). Ao día seguinte actuarán en As Torres de Guitiriz.

Trio Elmau

Concerto no Teatro Principal de Pontevedra o día 21. ♦

Teatro

A Coruña

Dos días 20 ao 24 actuación da Compañía de Lola Herrera, coa obra Palomas intrépidas, no Teatro Municipal Rosalía Castro.

Xove

O día 22 o grupo "Teatro do Atlántico" representará a obra Ocasos no Centro Cultural ♦

Televisión

Moderato Cantabile

Novo programa para as mañás dos domingos na TVG, adicado á música clásica, e que pretende facer, en 60 minutos, un percorrido polos distintos xéneros. Así os programas de Febreiro a Marzo estarán adicados ao concerto, para seguir durante o mes de Abril coa sinfonía. Ademais cada semana entrevistarase un persoaxe de recoñecido prestixio.

Venres Tarde

Neste espácio da TVG emítese o día 21 o filme Dúas mulleres dirixido en 1960 por Vittorio de Sica, con guiño del e do pai do neorealismo Cesare Zavattini, e fundamentado nunha novela de Alberto Moravia.

Ciclo William Castle

O día 22 dentro do espácio Butaca Especial que a TVG adica a filmes en versión orixinal emitírase A historia de Houston, unha historia negra deste peculiar mestre da serie B.

Gallipoli

O 25 a TVG ofrece esta película do realizador australiano Peter Weir, do ano 81, antes de terse pasado ao cine norteamericano. "Gallipoli" encádrase no antibelicismo do cine de aventuras, e está feita con rigor histórico e brillante feitura. Após deste filme dirixirá éxitos coma "O ano que vivimos perigosamente" (1982), "Testemuña única" (1986) e "A costa dos mosquitos" (1987). ♦

Cine

Dziga Vertov

O Centro Galego de Artes da Imaxe adoia un ciclo ó cineasta soviético, que ofrecerá catro longametraxes realizados entre 1924 e 1929, e permanecerá na Sala de Proxeccións do CGAI ata o remate deste mes. Vertov, formado no ambiente de vangarda coetáneo á Revolución Soviética, iniciouse no cine como redactor de noticiarios. Apaixoadamente, Vertov teorizou sobre o seu traballo acuñando termos como "cine-ollo" e "cine-verdade", nos que se sintetizaba a súa procura da realidade a través do cine. O ciclo vai ofrecer dúas obras claves para o coñecemento do cine de Vertov: Cine-ollo e O home da cámara, auténticos manifestos do seu credo documental. Pola súa banda A sexta parte do mundo concilia propaganda institucional con poesía -cinematográfica e literaria-, entres Adiante, soviets ofrece unha curiosa perspectiva da vida moscovita nos anos da revolución. As sesións deste ciclo terán lugar ás 20,15h na Sala de Durán Loriga (A Coruña)

Ladróns de anuncios

O día 26 no Teatro Principal de Pontevedra proxectarase este filme dirixido en 1988 por Maurizio Nichetti, dentro das sesións organizadas polo "Cine Clube Pontevedra". O punto de partida deste filme é a denuncia aberta aos cortes publicitarios durante a emisión de películas en televisión, que provocou unha forte polémica en Italia. Ademais o filme pretende reconstruír a

A crítica

Curdoseticasecruces

XURXO ESTÉVEZ

Terán tanto morro como para vir a falarnos de ética e moral?, matínaba eu ao volante, escoitando a Carmen Mestre no rádio. A presidenta da Cruz Bermella estaba a explicar as conclusións duns debates sobre os problemas sociais deste fin de século que a súa entidade organizara entre prominentes intelectuais. Descafearon o racismo, o conflito Norte-Sul, a crise de valores, en fin, as misérias deste "millor dos mundos posibles", que dicía González.

Escreberei un artigo, pensei, contrapondo as diferentes análises asegun estes debates os organice a Cruz de Guerra, Alfonso —O Bermello— ou un Círculo Libertario de bairro, poño por caso.

Nisto estaba cando algo no interior dos meus gánglios linfáticos advertiu que aínda faltaban dados, de que millor era agardar un anaco.

...E aí están os dados: non só nos envelenan con ideas para o conformismo desde os seus Debates socialdemócratas, senón que andate con ollo-véndenche a roupiña que lles enviaches para a humana axuda aos curdos, coitados, reféns de tiranos doutros cinco estados.

Trápichean con solares amparados nos sentimentos solidarios das xentes que, creendo axudar a un negro, contribue involuntariamente a que os da Rosa se poñan morados.

Amiga, amigo, se queres apoiar proxectos de países probes, axudar aos verdes, mellorar o mundo, xíralle os cartiños a un grupo internacionalista, ecopacifista, de liberación ou de calquer bairro: adoitan artellar debates sobre o fin de século nos que as conclusións tiradas sonche ben máis interesantes e non hai nengunha, nen a pior delas, capaz de declarar, como Carmen Mestre que "fíxose así porque os curdos non necesitaban roupa". ♦



Jeremy Cooper e Viggo Mortensen en A Pel que brilla

pureza esquencida dun determinado cine italiano, o neorealista.

Cine Independente Norteamericano

Dentro do ciclo que ten programado o Centro Cultural Caixavigo o día 21 proxectarase Henry, retrato dun asesino, dirixida por John McNaughton, que acadou os premios á mellor película, mellor director e o premio da crítica na pasada edición do Festival de Cinema Fantastic de Sitges. O día 24 poderemos ver Julia ten dous amantes, dirixida por Bashar Shbib con guiño deste e de Daphna Kastner, que ademais é a protagonista. O día 25 proxectarase A pel que brilla, que supón o primeiro filme do escritor británico Philip Ridley, baseada en un guiño propio e rodada en terras canadianas. O día 26 finaliza o ciclo coa película O fin da noite, de Keith McNally. Todas a sesións serán ás 20,30h

no Auditorio do Centro, e serán proxectadas en versión orixinal subtitulada.

Cine Alemán

O día 20 proxectarase Aguirre ou a cólera de Deus do cineasta alemán dentro do "Ciclo de Cine Alemán" organizado polo Ateneo Santa Cecilia de Marín, ás 21h no local do Ateneo. O día 24 á mesma hora proxectarase O caso da "Bremer Freiheit" dirixida por W.R.Fässbinder en 1973.

O Cómic levado ao Cine Tamén organizado polo Ateneo Santa Cecilia este ciclo integrado nas "Xornadas de Banda Deseñada de Marín" proxectará o día 25 o filme de debuxos animados Batman, no local do Ateneo ás 19,30h. O día 27 á mesma hora pasarase outro filme de animación: Mortadelo e Filemón no Armario do Tempo. ♦



CONSELLERÍA DE CULTURA E XUVENTUDE



Baiona impuxo ao patrón galego contra a opinión da Mariña de Guerra Pedro Campos, regatista contra funcionários militares e barcos de fórmula 1

■ G. LUCA DE TENA

A Mariña de Guerra fixo todo o posíbel porque o patrón galego Pedro Campos non levase o leme do barco *España 92* que está a competir pola *Copa América*. O funcionário do Estado (con grado militar) Juan Carlos Rodríguez, promoveu entre os patrocinadores do barco unha forte campaña a prol do patrón cántabro Antonio Gorostegui contra o de Cuntis, así como de entregar a dirección do proxecto a persoas relacionadas coa oficialidade da Mariña.

Esta iniciativa do funcionariado militar foi contestada pola maioría dos deportistas que concibiron en Baiona o desafío da *Copa América*. A proposta da Mariña era continuar a experiencia, sen nengunha regata gañada, do barco de vela militar *Hispania*, abandeirado en Mallorca, e formar unha equipa básicamente integrada por oficiais da Mariña de Guerra. Entre a xente da vela interesada pola primeira participación dun barco galego na *Copa América*, a opinión foi unánime: o patrocinio militar significaría afogar a aventura. De todos os que se relacionan coa vela de competición é ben coñecida a pobre actuación dos oficiais de Mariña nas competicións desta clase, apesar dos medios de que dispoñen e do paternalismo que moitos funcionarios desde corpo do Estado gastan nos medios da vela deportiva.

Pola contra, Pedro Campos gañara cinco veces a volta da Península para cruceiros. Toda a industria da náutica deportiva do Mediterráneo quería a cabeza deste rapaz cunha carreira de corpo fino, espilido, e mirada vivísima, que lles estragaba a comercialización dos veleiros de moda, a venda dos mastros de marca, e a o mercado dos aparellos de gañar regatas.

As primeiras marcas da náutica querían mellor que ocupasen os titulares de prensa os barcos aparelhados coas súas velas e armados coas xárcias que fabrican. Pero como o galego Campos entra de primeiro nas etapas todas da *Volta a España*, comezaron por relegar a proba nos medios de comunicación. Despois suprimírona.

Antes de gañar dúas regatas nas preliminares de San Diego, outra espectacular en oposición ao *Australia Challenge* e unha máis contra Suecia, na segunda fase, o patrón Pedro Campos, 41 anos, tivo que librar esoutra clase de competición dentro do comité para o desafío *Copa América* contra o dúo formado polo militar Juan Carlos Rodríguez e Luis de la Peña, que se opúñan á súa candidatura. Gañou Campos ao tempo que Eduardo Serra subía á presidencia do comité. Aínda que o desafío para a *Copa América* fora promovido polo clube Monterreal de Baiona, o financiamento só sería posíbel se se invitaba a participar no proxecto se ampliaba a bancos, grupos financeiros e empresas españolas. Os promotores de Baiona propuxeron as gradas de *Barreras* en Vigo ou *Astano* no Ferrol para fabricaren o prototipo; os novos socios levárono para *Aesa* de Puerto Real, mentres a base da equipa se situaba en Mallorca. Instigados polas suxerencias dos representantes da Mariña de Guerra, moitos patrocinadores, en maioría non galegos, apoiaban a candidatura do Gorostegui para patronear o barco en San Diego. Aínda que o clube de Baiona, promotor do desafío, votaba por Pedro Campos, o regatista cántabro facía a súa propia campaña na trastenda para



Pedro Campos, de pé durante as probas de mar do *España 92*.

desprezar ao galego do leme do barco. Derradeiramente Baiona impuxo dentro do *Comité Técnico* da equipa, a condición de que fose Campos o patrón do barco. Representantes da Mariña de Guerra protestaron vivamente esta decisión e manifestaron o seu anoxo dándose de baixa no clube de Baiona.

Campos ten agora na man a roda do leme dun barco de 650 millóns, que compite con bandeira de Baiona pola *Copa de América*. As velas son de Cuntis e a tecnoloxía da *Software AG*. Polo feito de ser esta a primeira vez que unha equipa de bandeira española compite na *Copa América*, o custe da participación é moi elevado. O regulamento esixe a procedencia autóctona de material e tecnoloxía. O mastro do barco que leva Campos custou máis de oitocentos millóns de pesetas. Houberan de construír un forno especial para esta peza única de carbono, pero a calidade lograda interesaría inmediatamente á equipa xaponesa.

Con todo, o orzamento do barco de Baiona, que supera os tres mil millóns, non se pode comparar co de Nova Zelanda, que ten unha potente industria náutica e inviste 11.000 millóns no seu barco. Por riba da dotación do *España 92* están Xapón, Francia e Italia, que gastaron na súa participación entre dez e 14 mil millóns.

A brillante actuación do patrón galego pode atraer iniciativas para esta fracción menor da construción naval que podería asegurar a continuidade dalguns estaleiros galegos. A veleiría de Cuntis, por exemplo, apoiada só na iniciativa persoal de Pedro Campos e nos seus triunfos deportivos, dá traballo a máis de cincuenta persoas.

Na botadura do barco que regatea en San Diego, a banda de Puerto Real (Cádiz) interpretou *Negra Sombra* como concesión ao nacemento do desafío deportivo. Pero a habilidade de Campos, tanto para canear funcionarios regatistas, que nunca gañaron unha competición pero intentan, derradeiramente, competir por xerarquía militar, como polo seu instinto mariñeiro co leme, poderían facer plenamente galega a vindeira participación na *Copa América*.

TRES EN RAIA

Lume que arrepija

■ G. LUCA DE TENA

Quémase un pavillón na beira de laranxas e menta do Guadalupe, e nestoutra baranda do mundo sentimos frío. E iso que ben nos chegan as labradas de púrpura e limón das esferas armilares, o fume mesto de algodón de pólvora a consumir tanta gloria de navegar, rosários de illas, ríos caudales, ballestas de taracea e broslados con pedras de brillo. Páxinas de gran codicilo histórico que o lume encoura na letriña de rabo de mosca dunha póliza de seguros. E aínda menos mal.

Que non se apenará de tanto estrago? Acaso non perdimos en dez anos un tercio da nosa terra arborada para saber o que doe un purgatorio? É certo que caen as muxicas sobre o noso corazón pero tamén arrepiamos. Dacordo coa lei dos vasos comunicantes que governa o Estado, un pavillón en chamas naquela banda serán douscentos quilómetros de estrada menos nesta parte. Así son estes lumes que traen. Levamos aprendido que hai que arrecadar a carteira a cada que fan unha festa e antes que falen de contas que non cadran. No comezo de século houbera unha gran riada no Levante, e pagámola nós renunciado ás laranxeiras; tomárona coa pérfida Albión, e costouno o mercado dos viños do Ribeiro; o ferrocarril a Ourense pagou con retrasos (oitenta anos) as maquias que González Bravo lle pagaba á Sor Patrocinio por conta da Isabelona; a velocidade do tren foguete Madrid-Sevilla cóbranlla ao *Shanghai* (aínda existe) nos cruces.

No ábaco de Solchaga, cando non hai bolas para o centenario terry ese, amáñanse con gravilla de autovia, salários de fareiros (torreiros) ou ollos de vaca.

VOLVER AO REGO

O problema non é a ilegalización de HB, nen a *Lei Corcuera*, temas sobre os que Manuel Fraga gosta de opinar, tanto como de viaxar polo exterior. Os problemas de Galiza son a carne, o leite, a pesca, o desmantelamento industrial... Mais, para iso non ten repostas, como demostrou nunha recente entrevista en *Faro de Vigo*. O marco unitario europeo, seica é o marco unitario europeo e Fraga recoñece que Galiza sae algo perxudicada, pero tamén terá contrapartidas. Cales? Que proxectos de desenvolvemento ten a Xunta?

Por desgracia, Don Manuel segue a ser Fraga Iribarne, é dicir que se lle dá mellor a *Orde Pública* que a economía.